


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 2 - 2017



Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 2 - 2017

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 2 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2017

156 p.; 24 cm

D.L. VG 687-2017

ISBN: 978-84-8158-757-9

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Susana Brandariz Varela, Darío Álvarez Moure, Estefanía González Álvarez, Nuria Díaz Guedella, Icíá Moreiras Villamarín, Andrea Castelo Veiga

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 2:

Anxo Angueira (UVigo), Xavier G. Guinovart (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Bieito Arias (UVigo), Gonzalo Navaza (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Corrección: Antón Palacio

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 687-2017

ISBN: 978-84-8158-757-9

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna) e en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice / Index

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** SUSANA BRANDARIZ VARELA
 Deseño e construción dun corpus paralelo etiquetado semanticamente
 para o galego /
 *Design and elaboration of a parallel corpus semantically tagged for Galician
 language*
- 33** DARÍO ÁLVAREZ MOURE
 Vangardas e futurismo no campo literario galego /
 Avant-garde and futurism in the Galician literary field
- 65** ESTEFANÍA GONZÁLEZ ÁLVAREZ
 O *cuidar* na cantiga de amor: unha obsesión /
 The cuidar in cantigas d'amor: an obsession
- 85** NURIA DÍAZ GUEDELLA
 A influencia do ensino no proceso de adquisición lingüística /
 The influence of the education in the process of linguistic acquisition
- 105** ICÍA MOREIRAS VILLAMARÍN
 Os resultados galegos do nome latino *Caecilia* /
 The Galician results of the Latin name Caecilia

Cumieira 2. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

- 127** ANDREA CASTELO VEIGA
O léxico galego-berciano na obra poética de Antonio Fernández Morales
(1817-1896) /
The Galician-Bercian lexicon in the poetic work of Antonio Fernández Morales
(1817-1896)
- 151** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 2 /
Cumieira's authors
- 153** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

LIMIAR

Introduction

Velaquí está o Vol. 2 de *CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que publica traballos académicos redactados en galego dos investigadores máis novos no ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo. Non obstante, as súas páxinas están abertas igualmente ós estudos lingüísticos e literarios doutras linguas, en especial ós estudos lusófonos, sempre que resulten de interese para o galego.

Este segundo volume de *CUMIEIRA* presenta seis estudos que abordan temas tanto de lingua coma de literatura. As disciplinas ás que os podemos adscribir van dende a lingüística de corpus ata a sociolingüística, pasando pola onomástica e o estudo do léxico, e xa na literatura, dende o estudo da lírica medieval ata o das vangardas de principios do século XX.

O caderno ábrese co traballo de Susana Brandariz Moure que describe o procedemento de deseño e construción dun corpus inglés-galego lematizado e desambiguado semanticamente, que deu como resultado o corpus SensoGal. Pola súa parte, Darío Álvarez Moure achégase ao movemento das vangardas en Galicia e, particularmente, rastrexo o impacto do futurismo no sistema literario galego en autores como Vicente Risco e, tanxencialmente, noutros como Amado Carballo, Euxenio Montes e Álvaro Cunqueiro. No eido literario tamén se sitúa a análise que realiza Estefanía González Álvarez sobre a concepción do amor cortés na cantiga de amor medieval galego-portuguesa, especialmente cando ese amor pola muller ideal chega a se converter nunha obsesión do trovador. Pola súa parte, a sociolingüística é o ámbito de estudo do traballo de Nuria Díaz Guedella; nel, partindo de datos de dous centros de ensino da cidade de Ourense, examínase como a incorporación ao sistema educativo pode influír na lingua do alumnado de Educación Infantil. Séguelle a investigación sobre onomástica de Icía Moreiras Villamarín, onde se analiza o nome propio latino *Caecilia* e os seus descendentes en galego, tanto as formas patrimoniais *Icía*, *Cecía* e *Cilla* coma a culta *Cecilia*. Este volume de *CUMIEIRA* péchase co estudo de Andrea Castelo Veiga sobre o léxico do galego do Bierzo contido na obra de Fernández Morales *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), da cal extracta un breve glosario que facilita a súa lectura.

Neste vol. 2 de *CUMIEIRA* fixeron parte da Comisión de revisión científica Anxo Angueira, Bieito Arias, Xavier G. Guinovart, Ana Iglesias, Gonzalo Navaza e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Antón Palacio a corrección do volume e a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

O Vol. 1 (2016) de *CUMIEIRA* está recollido na base de datos Dialnet¹ da Universidad de la Rioja, no *Catálogo Italiano dei Periodici* (ACNP), da Università di Bologna², e na bibliografía anual de lingüística *Linguistic Bibliography* de BRILL³, tamén en liña⁴, que publica o Permanent International Committee of Linguists baixo os auspicios do International Council of Philosophy and Humanistic Studies da UNESCO.

Como novidade, no final deste volume recóllense unhas breves biografías das autoras e autores participantes e mais as *Normas* para o envío de orixinais.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo

¹ <<https://dialnet.unirioja.es/revistas>>.

² <<http://acnp.unibo.it/cgi-ser/start/it/cnr/fp.html>>.

³ <<http://www.brill.com/publications/linguistic-bibliography>>.

⁴ <<http://bibliographies.brillonline.com/browse/linguistic-bibliography>>.

DESEÑO E CONSTRUCIÓN DUN CORPUS PARALELO ETIQUETADO SEMANTICAMENTE PARA O GALEGO

Design and elaboration of a parallel corpus semantically tagged for Galician language

Susana Brandariz Varela

Universidade de Vigo

susana.brandariz@gmail.com

Resumo: Este traballo describe o procedemento de deseño e construción dun corpus inglés-galego lematizado e desambiguado semanticamente con respecto aos sentidos das palabras definidas nunha base de datos léxica. Pártese dun conxunto de textos en inglés xa anotados coas etiquetas correspondentes aos nomes, verbos, adxectivos e adverbios; estes textos tradúcense ao galego e as palabras galegas anótanse co lema e o sentido léxico. O resultado, o corpus SensoGal, representa un recurso útil que calquera usuario pode consultar e reutilizar, ao tempo que facilita a presenza do idioma galego no ámbito das tecnoloxías. Nas seguintes seccións preséntase o proceso de elaboración en que se identifican as dificultades atopadas nas fases de tradución e anotación e se rexistran as decisións tomadas por se poden servir como referencia na esperable continuación do proxecto. Tamén se detalla o sistema de consultas e se fai unha reflexión sobre os resultados obtidos e o posible traballo futuro.

Palabras chave: Lingüística de corpus, corpus SemCor, corpus paralelo bilingüe SensoGal, desambiguación.

Abstract: This paper presents the design and elaboration of an English-Galician corpus lemmatized and semantically disambiguated with respect to the meanings of the words defined in a lexical database. To perform the task, we used a group of texts in English where nouns, verbs, adjectives and adverbs were already tagged; these texts were translated into Galician and the words tagged with their lemma and lexical meaning. The result is the corpus SensoGal: a useful resource for users and linguists that facilitates the presence of Galician language in the field of technology. In the following sections the elaboration process will be described in the phases of translation and labelling by registering the difficulties met and the decisions taken to serve as a reference in the foreseeable continuation of the project. The search system will be also explained. Finally, a reflection about the results and the future work will be done.

Keywords: Corpus linguistics, SemCor corpus, SensoGal bilingual parallel corpus, disambiguation.

1. Introducción¹

O proxecto SensoGal que se presenta neste traballo empezou a desenvolverse grazas a unha bolsa de formación concedida pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo no ano 2015. O proxecto está conectado con outro máis amplo que se centra na construción da versión galega da rede inglesa WordNet: un recurso léxico cuxo desenvolvemento para a nosa lingua está sendo levado a cabo polo Grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da Universidade de Vigo (Solla Portela / Gómez Guinovart 2015).

Durante o tempo de duración da bolsa —abril-novembro 2015 e o mesmo período de 2016—, o obxectivo principal consistiu en crear un corpus paralelo inglés-galego desambiguado semanticamente e aliñado a nivel de oración. Para isto contábase inicialmente cun corpus en inglés etiquetado semanticamente e desambiguado lexicamente que se vai traducir. Este corpus é o SemCor, un conxunto de textos de acceso libre utilizado en lingüística computacional con anterioridade en numerosas ocasións pola idoneidade do seu tamaño e pola fiabilidade que lle dá o feito de ter sido anotado de forma manual. A anotación que contén consiste en incluír para cada nome, verbo, adxectivo e adverbio unha marca que sirva para identificar o seu sentido, o cal permite traballar cos textos procesándoos por ordenador para levar a cabo experimentos tradutolóxicos, estatísticos ou extraccións terminolóxicas posteriores (Solla Portela / Gómez Guinovart 2017).

Coa axuda do programa de tradución asistida OmegaT, estes textos trasladáronse ao idioma galego e a desambiguación no momento de traducir levouse a cabo con respecto ao dicionario WordNet, un recurso de semántica léxica que permite enlazar interlingüísticamente os léxicos de seis linguas (inglés, español, catalán, vasco, portugués e galego) para utilizarse neste ámbito.

Deste xeito obtívose un conxunto de 30 textos de temas diversos (artes, historia, agricultura, empresa, sociedade...) e de aproximadamente 2.000 palabras cada texto, que foron traducidos do inglés ao galego e etiquetados en galego co seu lema e o seu sentido. Os textos paralelos resultantes almacénanse en formato TMX (Translate Memory eXchange), o estándar para a codificación en XML (eXtensible Markup

¹ Este proxecto non sería posible sen a tutela e a orientación de Xavier Gómez Guinovart e mais de Miguel Anxo Solla Portela. A eles e aos demais compañeiros o meu sincero agradecemento por atender con paciencia as miñas constantes preguntas e inseguridades. Grazas tamén á ANL da Universidade de Vigo pola oportunidade de aprendizaxe que supuxo o período como bolseira, e aos editores de *Cumieira* por contar co noso traballo para este volume.

Language) de memorias de tradución, o que permite o intercambio de información entre distintas aplicacións e engade a posibilidade de que o produto obtido se use noutros proxectos de tradución asistida por ordenador ou mesmo noutras aplicacións de procesamento lingüístico da linguaxe. Polo momento, a etiquetaxe semántica da tradución supuxo contribuír con 6.636 entradas, procedentes do aliñamento, ao crecemento da propia rede léxico-semántica de Galnet, o WordNet galego.

A diferenza deste corpus paralelo con outros corpus que codifican a equivalencia a nivel de oración na tradución (como o Corpus CLUVI², o Corpus COMPARA³ ou o Corpus OPUS⁴) é que neste caso tamén se codifica o sentido de cada palabra con referencia ao dicionario WordNet. Como consecuencia desta desambiguación, a aliñación tamén se crea a nivel de palabra e, polo tanto, establécese unha equivalencia entre palabras que permite comparar a solución respectiva para un concepto en cada lingua (Solla Portela/ Gómez Guinovart 2015).

Aínda que o tamaño final dun corpus é un parámetro que con frecuencia serve para clasificar a súa utilidade, este non é o único, xa que tamén son factores determinantes a variedade e a precisión dos exemplos que inclúe. Por este motivo, a compilación de textos traducidos xa representa en si mesma un recurso de utilidade para comparar termos no seu contexto e para extraer información relevante a nivel léxico e tradutolóxico.

2. O corpus SensoGal

2.1. Os corpus lingüísticos

A *lingüística de corpus* é unha rama da lingüística que emprega conxuntos de textos para observar e analizar a linguaxe. Aínda que xa se empezan a compilar corpus dende a década de 1960 con este obxectivo, foi a partir da de 1980 cando a lingüística de corpus experimentou o maior avance, xa que o desenvolvemento das tecnoloxías favoreceu a dixitalización de textos e fixo máis fácil o manexo dos ordenadores.

² <<http://sli.uvigo.gal/CLUVI/>>.

³ <<http://www.linguateca.pt/COMPARA/>>.

⁴ <<http://opus.lingfil.uu.se/>>.

Un *corpus* é un conxunto de textos en formato electrónico, representativo dunha variedade lingüística; sobre estes textos pódese traballar procesándoos con medios informáticos para buscar padróns aplicables á investigación lingüística. Empréganse para facer investigación cuantitativa, elaborar gramáticas, extraer léxico xeral e terminoloxía para elaborar dicionarios... Tamén se poden usar en tarefas de procesamento da linguaxe natural, como recuperación de información, categorización de textos e resolución da ambigüidade léxica.

Os *corpus* pódense clasificar atendendo a diversos criterios. Segundo a procedencia do material que inclúen, encontramos *corpus* de texto escrito ou de transcricións orais. Segundo o contido dos textos, poden ser *corpus* de lingua xeral ou de sublinguaxes determinadas, máis especializadas. Se atendemos á perspectiva cronolóxica, poden ser diacrónicos, cando recompilan textos de diferentes épocas, e sincrónicos, se os exemplos que conteñen pertencen a un mesmo período.

Tamén é posible facer unha distinción en función do número de linguas que se inclúen no *corpus*. Así encontramos *corpus* monolingües, que estudan unha variedade lingüística, e plurilingües, formados por textos en dous ou máis idiomas. Unha especialización dos *corpus* plurilingües son os *corpus* paralelos que consisten nun texto e a súa tradución nunha ou máis linguas. Ademais, dise que un *corpus* paralelo ou de traducións está aliñado cando nel se identifican equivalencias de tradución entre os segmentos que o compoñen. Estes segmentos poden ser parágrafos, frases ou palabras. No caso que se presenta neste traballo son textos orixinais en inglés coa súa equivalencia en galego os que compoñen o *corpus* bilingüe paralelo aliñado *SensoGal*: dun lado o *corpus* *SemCor* inglés e do outro a versión galega anotada dese mesmo *corpus*.

Outra distinción posible dos *corpus* é a que se fai segundo conteñan ou non información lingüística adicional. Cando non a levan coñécense co nome de *corpus* crus ou limpos; cando a levan denomínanse *corpus* etiquetados. Nos *corpus* etiquetados a información que se engade en forma de etiqueta pode referirse a calquera nivel de análise da linguaxe —por exemplo: prosódica, discursiva, ortográfica, fonética, fonolóxica, semántica, morfosintáctica ou sintáctica—, e pódese incorporar de maneira manual, semiautomática ou completamente automática. Por exemplo, a anotación sintáctica, cando se fai de forma automática, non amosa bos resultados; na morfosintáctica, en cambio, o grao de acerto é alto. O proceso de etiquetaxe morfolóxica e semántica da versión galega do *SemCor* consiste en engadir a cada palabra léxica (nome, verbo, adxectivo ou adverbio) unha etiqueta con información sobre o sentido no dicionario *WordNet* e sobre o lema da palabra.

`<wf ili="02003604a" lemma="aberto">abertas</wf>`

As anotacións do sentido que contén o corpus SemCor especifican o sentido de cada concepto no texto; isto é, resolven a ambigüidade léxica dun termo polisémico con respecto ao contexto en que se atopa. Este proceso coñécese co nome de *desambiguación do sentido das palabras* ou DSP (en inglés *word sense disambiguation* ou WSD) e constitúe o paso previo en moitas das actividades do procesamento da linguaxe natural.

2.2. Corpus SemCor e rede léxico-semántica WordNet

Como xa se explicou en apartados anteriores, para construír o corpus de tradución bilingüe inglés-galego SensoGal utilizouse como fonte un corpus en inglés xa existente, o SemCor, que á súa vez é un subconxunto doutra recompilación de 500 textos feita en 1967 na Universidade Brown de Rhode Island e coñecida como corpus Brown.

O corpus SemCor foi creado nos anos 90 do século pasado na Universidade de Princeton e etiquetado semanticamente polo mesmo equipo que deseñou WordNet, o léxico que se usa para desambigualo semanticamente. Consiste en 352 exemplos de temas variados escritos por falantes nativos de inglés americano e que foran publicados nos anos 60; non son textos completos senón que en cada mostra se elixiu o inicio de forma aleatoria ata completar un tamaño aproximado de 2.000 palabras. En 186 dos textos que integran o corpus SemCor, todos os nomes, verbos, adxectivos e adverbios están enlazados co sentido correspondente á base de datos léxica WordNet. Destes 186 textos, incorporáronse por agora 30 ao corpus de tradución inglés-galego, nas categorías textuais de "Press: Reportage", "Press: Reviews", "Skill and hobbies", "Popular Lore", "Belles-Lettres", "Miscellaneous: Government & House Organs", "Learned" e "Fiction: General", todos eles textos aparecidos na súa época en libros ou en publicacións periódicas de prensa.

WordNet, a base de datos coa que se enlazan as etiquetas do SemCor, é unha rede léxico-semántica concibida como un conxunto de nós relacionados entre si, cada nó é un concepto e está conectado aos outros nós por relacións semánticas. Cada un deses conceptos denomínase *synset* e está representado na base de datos por un grupo de lemas sinónimos que o poden expresar de forma equivalente. Eses sinónimos ou variantes léxicas dun mesmo concepto que aparecen no mesmo grupo desígnanse co nome de *variantes*. Ademais, os *synsets* poden levar ao lado unha definición do significado ou *glosa* e algunhas veces tamén inclúen exemplos de uso en contexto.

As relacións léxico-semánticas máis frecuentes entre os *synsets* que aparecen representadas no WordNet son as de hiponimia, hiperonimia, holonimia e meronimia no caso dos substantivos, de antonimia e cuasisinonimia no caso dos

adxectivos, as de antonimia e derivativas nos adverbios e as de implicación, hiperonimia/hiponimia, causatividade e oposición no caso dos verbos (Miller et al. 1990).

WordNet é un dos recursos léxicos máis utilizados en traballos de desambiguación porque, ademais de ser de acceso libre e gratuíto, é a base de datos máis grande deseñada para ser procesada por ordenadores (contén palabras de léxico, topónimos, nomes propios e léxico especializado) e presenta as relacións semánticas explícitas a través dos significados.

O WordNet orixinal para o inglés comezou en 1985 na Universidade de Princeton baixo a dirección do profesor George A. Miller. Na actualidade, a súa versión 3.0 contén 206.941 lemas (*variantes*) agrupados en 117.659 *synsets* ou grupos de sinónimos.

Despois do nacemento do WordNet de Princeton creáronse versións do WordNet en moitas linguas⁵. Unha destas versións é o proxecto EuroWordNet (Vossen 2002), que consiste nunha base de datos léxica multilingüe para varias linguas da Comunidade Europea (alemán, holandés, italiano, español, francés, checo e estonio). O proxecto empezou en 1994 e completouse en 1999, pero a súa importancia radica sobre todo en que serviu de modelo para o desenvolvemento doutros WordNet posteriores. EuroWordNet ten a mesma estrutura do WordNet de Princeton no relativo a *synsets* con relacións semánticas entre eles, mais os *synsets* das linguas están conectados entre si por un índice interlingüístico (ILI) que é único para cada concepto, e a través deste ILI están vinculados tamén cos *synsets* do WordNet inglés.

Este sistema de vinculación por ILI é o que segue tamén o Galnet, a versión galega de WordNet. O Galnet intégrase na plataforma Multilingual Central Repository (MCR) (González / Rigau 2013), que reúne na actualidade os léxicos WordNet de seis linguas (inglés, español, catalán, vasco, portugués e galego) enlazados polo ILI correspondente ao WordNet 3.0.

O proxecto Galnet comezou en 2009 e foi aumentando a súa cobertura léxica aproveitando outros traballos anteriores do Grupo TALG, como o Corpus Técnico do Galego (CTG), a base de datos terminolóxica Termoteca, o Dicionario CLUVI inglés-galego e algúns dos corpus paralelos CLUVI (Solla Portela / Gómez Guinovart 2015). Na actualidade, a versión 3.0.26 do Galnet contén 66.334 variantes pertencentes a 42.036 conceptos ou *synsets* e pódese descargar en forma de base de datos con licenza Creative Commons. Está dispoñible para consultas a través da interface

⁵ Pódese consultar unha listaxe delas na páxina web da Global WordNet Association <<http://www.globalwordnet.org>>.

MCR⁶, na páxina web do grupo de investigación SLI⁷ e tamén na plataforma RILG de recursos integrados da lingua galega⁸.

2.3. Proceso de elaboración

O corpus SemCor inglés-galego é un corpus paralelo formado por un conxunto de textos orixinais nunha lingua A, neste caso o inglés, e as súas traducións correspondentes nunha lingua B, o galego. O aliñamento das dúas partes faise durante o proceso asistido da tradución e os segmentos quedan emparellados a nivel de oración. Ao facer a tradución respectouse en todo momento a correspondencia 1:1 entre unidades polo que non hai omisións nin adicións a nivel de frase con respecto ao texto orixinal no que atinxe aos segmentos. Non ocorre o mesmo, como é lóxico, no nivel da palabra, onde a tradución biunívoca entre dúas linguas non é posible en todas as ocasións, e máis sendo o inglés un idioma caracterizado pola economía na linguaxe e por unha maior rixidez na orde dos constituintes da oración do que o galego.

Tal como se detallará nos apartados que veñen a continuación, a creación do corpus consistiu en dous procesos ben diferenciados. Por un lado, levouse a cabo a tradución dos textos do corpus SemCor en inglés para o galego, tendo en conta as entradas recollidas na base de datos léxica WordNet; doutra parte, fíxose a anotación morfosintáctica co lema e o sentido léxico de cada nome, verbo, adxectivo e adverbio traducido.

2.3.1. Fase de tradución

Máis alá da complexidade das estruturas e do vocabulario técnico, a dificultade para traducir o corpus SemCor vén dada pola polisemia e pola escasa distancia entre os diferentes sentidos dun lema.

Como queda exemplificado na Figura 1 da páxina seguinte, despois de facer unha busca do lema *keep*, unha mesma forma léxica ten múltiples significados na lingua de orixe:

⁶ <<http://adimen.si.ehu.es/web/MCR>>.

⁷ <<http://sli.uvigo.gal/galnet/>>.

⁸ <<http://sli.uvigo.gal/RILG/>>.

3- <u>c01</u> (31)	But if you keep a calendar of events , as we do , you noticed a conflict .	Pero se levades un calendario de eventos, como facemos nós, detectariades un conflito.
4- <u>c01</u> (77)	Also , perhaps , table-tennis and other indoor sports to keep them fit and contented .	Tamén, quizais, o tenis de mesa e outros deportes de interior para mantelos en forma e satisfeitos.
5- <u>c01</u> (82)	When he needs money to buy something like , say , the Rolls-Royce he keeps near his vegetable_patch , he takes_a_flyer in the sale of surplus army supplies .	Cando necesita cartos para comprar algo como, digamos, o Rolls-Royce que garda preto da horta, arrisca na venda de provisións excedentes do exército.
6- <u>e31</u> (95)	There is time left after cooking , and tent keeping , for the women to get_out and enjoy outdoor fun with their families .	Hai tempo sobro despois da cociña e o mantemento da tenda para que as mulleres saian e desfruten da diversión ao aire libre coas súas familias.
7- <u>f16</u> (48)	The mate , Robert_Juet , who had kept the journal on the half_Moon , was experienced - but he was a bitter old_man , ready to complain or desert at any opportunity .	O primeiro oficial, Robert Juet, que escribira o diario da Half Moon, era un home experimentado pero era un vello amargado, listo para queixarse ou desertar en calquera ocasión.

Figura 1: Exemplo de resultados de busca no corpus SensoGal.

No caso do verbo *keep* inglés, no dicionario WordNet aparecen 22 entradas na categoría de verbo, sen contar as unidades pluriléxicas (locucións verbais e fraseoloxía). Identificar o significado apropiado vai requirir dun contexto, mesmo dunha busca de información adicional, que resolva a ambigüidade e confirme cal era sentido que tiña en mente o autor do texto orixinal (así, no exemplo 7 da Figura 1, Robert Juet *custodia* o diario ou *escribo*?)

Resolver a ambigüidade dunha palabra a nivel léxico é un dos principais problemas do procesamento da linguaxe natural (PLN). A ambigüidade léxica pódese abordar por medio de algoritmos que asocian automaticamente o significado apropiado da palabra no seu contexto, nunha tarefa que se coñece, como xa se dixo, co nome de desambiguación do sentido da palabra; pero en último caso é o tradutor o que debe comprobar e certificar que esa desambiguación é correcta.

Autores como Palmer (1998) e Gayral / Saint-Dizier (1999) xa fixeron notar a excesiva granularidade de WordNet nas tarefas de desambiguación automática e outros autores como Cucchiarelli / Velardi (1997) propuxeron reducir os sentidos aos máis esenciais, definir con menor nivel de detalle (Martí Antonín *et al.* 2003). Non é a intención deste traballo avaliar a adecuación de WordNet como método de desambiguación nin propoñer unha anotación distinta da que ofrece o sistema de ILI do SemCor inglés, senón aproveitar estes dous recursos para o experimento.

No SensoGal, os traballos de tradución e anotación realizáronse coa axuda do programa OmegaT⁹ que ofrece suxestións de tradución a través de memorias previas e facilita a creación dun glosario para cada texto. As memorias que se utilizaron creáranse previamente coas traducións automáticas dos programas Apertium¹⁰ e Google Translate¹¹.




Figura 2a: Contorna de traballo co programa OmegaT.

A Figura 2a presenta a área de traballo de OmegaT onde o segmento 1 está finalizado e o segmento 2 activado e aínda en proceso de desenvolvemento. Na zona A aparece o texto orixinal en inglés; na zona B a equivalencia en galego. Ao traducir pódese facer uso das suxestións de tradución automática (C) e engadir no glosario

⁹ <<http://www.omegat.org/en/omegat.html>>.

¹⁰ <<https://www.apertium.org/index.eng.html?dir=tat-kaz#translation>>.

¹¹ <<https://translate.google.com/?hl=gl>>.

(D) novas variantes que se incorporarán á rede Galnet. A zona E corresponde á parte da anotación, onde haberá que cambiar tamén inglés por galego e completar o lema.

Ao tempo que se elabora o novo texto, explóranse no SemCor inglés as palabras enlazadas coa base de datos Galnet-WordNet consultando a glosa, as relacións, e a tradución se a houbese, do *synset*. Este proceso está representado na Figura 2b.




Figura 2b: Contorna de traballo con SemCor e Galnet.

Usando os recursos que acabamos de describir, o proceso de construción do corpus consiste en:

- 1) valorar se a proposta de sentido ofrecida polas anotacións do SemCor orixinal en inglés con respecto ao dicionario Galnet é correcta e aplicala á tradución cara ao galego (os problemas de anotación atopados explicaranse no apartado seguinte).
- 2) a) no caso de que non estivese rexistrada na base de datos Galnet unha tradución ao galego para ese concepto (o *synset* non ten versión en galego), propoñer unha nova entrada na base de datos; b) no caso de que xa houbese unha solución en galego para o concepto, utilízala na tradución ou propoñer unha variante nova se se considera que existe unha proposta equivalente de uso máis frecuente ou máis axeitada para ese caso.

As Figuras 3 e 4 son exemplos de *synsets* da base de datos Galnet que no momento da tradución non tiñan entrada en galego:

ili-30-06541820-n		
GL	Variante(s)	- lei_seca {semcor_br-fl5}
EN	Variante(s)	- prohibition in 1920 the 18th amendment to the Con
	Glosa	a law forbidding the sale of alcoholic

Figura 3: Exemplo entrada nova 1.

ili-30-02515583-v		
GL	Variante(s)	- tripar {semcor_br-fl5}
EN	Variante(s)	- ride_roughshod - run_roughshod
	Glosa	treat inconsiderately or harshly

Figura 4: Exemplo entrada nova 2.

As Figuras 5 e 6 son exemplos de *synsets* que xa tiñan versión en galego e para os que se engadiron variantes novas; no primeiro caso, por adecuarse mellor ao contexto e no segundo, pola necesidade de contar con dous sinónimos para traducir a frase:

ili-30-02530861-a	
GL	- afectuoso {semcor_br-e26}
Variante(s)	- caloroso apoio caloroso saúdo caloroso
Glosa	psicoloxicamente caloroso; agradable
EN	- warm
Variante(s)	- a warm greeting
Glosa	psychologically warm; friendly and

ían diariamente á casa dun afectuoso e amigable peiteador veciño para recibir instrución en alemán;

Figura 5: Exemplo variante nova 1.

ili-30-10433737-n	
GL	- chulo {semcor_br-f16}
Variante(s)	- proxeneta
EN	- fancy_man
Variante(s)	- pandar - pander - panderer - pimp - ponce - procurer
Glosa	someone who procures customers for

co fin de manter a compañía que prefería: proxenetas, chulos e prostitutas.

Figura 6: Exemplo variante nova 2.

A tradución dos textos realizouse seguindo os criterios lingüísticos adoptados pola Universidade de Vigo, que se recollen en Castro Figueiras / Rodríguez Ricart (2013): emprego de *ao* no canto da contracción *ó*, uso da segunda forma do artigo só nos casos en que é obrigatorio, uso dos sufixos *-aría* e *-ble*, emprego da preposición *ata* no canto de *até*, non contracción de conxunción comparativa *ca* cos artigos determinados, emprego dos signos de interrogación e de exclamación só ao remate das oracións.

Durante o proceso de tradución presentáronse algunhas dificultades recorrentes para as que se estableceron os criterios que agora se enumeran¹²:

- Os nomes de entidades (organismos, institucións, asociacións, empresas) escribíronse con todas as palabras en maiúscula e traducíronse só no caso de que existise unha versión en galego documentada (*Asociación Nacional do Rifle*), do contrario deixáronse en inglés (*American Motors Corporation*).

¹² O desenvolvemento pormenorizado e exemplificado das dificultades de tradución e de anotación constituíu a base dun traballo de fin de grao defendido en xullo de 2016 (Brandariz Varela 2016).

- Os títulos de obras literarias e pezas musicais escribíronse só con maiúscula na primeira palabra e sen cursiva para non entorpecer con etiquetas de formato o código das anotacións (*Concerto para piano nº 3*).
- Na configuración das cantidades, as unidades de millar separáronse con punto (*30.000*), os decimais con coma e engadíuselles un 0 á esquerda cando eran inferiores á unidade (o inglés *.75* pasa en galego a *0,75*).
- Segundo a convención internacional, os símbolos das unidades gráfanse sen punto: *msec* e *mm* (fronte ao inglés *msec. mm.*). Ademais, os símbolos de unidades que derivan de nomes propios deben ir en maiúscula (*Mc* non *mc.*).
- As medidas (*acres, polgadas, pés*) e as moedas (*dólares, centavos, libras*) traducíronse pero non se adaptaron ao sistema galego.
- Non se establece unha regra fixa para traducir o pronome *you*. Na maioría dos casos preferiuse a forma impersoal, pero nalgúns textos usouse o tratamento formal de *vostede*, sobre todo en preguntas directas.
- Intentouse evitar o uso excesivo dos posesivos por considerarse anglicismo: *lesionouse no ~~seu~~ xeonllo*.
- No que respecta aos verbos, os tempos compostos adaptáronse en galego case sempre na forma de pretérito perfecto (pretérito), algunha vez figuran na forma de presente. Só nos casos de carácter reiterativo se utilizou a perífrase *ter + participio*. Tamén se tivo conta de non utilizar o xerundio con valor de posterioridade na tradución.
- A pasiva ten un índice de frecuencia moi elevado en inglés. No SensoGal, cando na oración aparecía especificado o axente, utilizouse maioritariamente a construción activa; se o axente non estaba especificado, mantívose a pasiva ou cambiouse a pasiva reflexa.
- Os neoloxismos adaptáronse en acentuación ás normas do galego (*dous pinceis rígger*).
- Fíxose uso de linguaxe inclusiva sempre que non ralentice demasiado o texto (*un xogo de preguntas do tipo faíno ti mesmo/a*).
- Con respecto á puntuación, é moi habitual en inglés colocar unha coma antes da conxunción, a maioría das veces non se considerou necesaria en galego e omitiuse na tradución (*tambores, xilófonos, castañolas e outros instrumentos de percusión*).
- Noutras ocasións modificouse o guión, cambiándoo por coma ou por puntos suspensivos, para conseguir un texto máis natural en galego.

- A palabra *etcétera* ou a súa abreviatura *etc.* non vai precedida de coma porque este latinismo significa ‘e o demais’, xa hai un *e* implícito.
- Por comodidade utilizáronse as comiñas altas ou inglesas (“ ”) e non as latinas (« »).
- Como se recolle na páxina do Servizo de Normalización Lingüística da USC¹³ os signos de admiración e de interrogación poden ir dentro ou fóra das comiñas segundo o valor deles se circunscriba á parte entre comiñas ou se estenda a todo o fragmento. Aínda que nos textos orixinais do SemCor inglés os signos de admiración e de interrogación se colocan sempre fóra das comiñas, en galego fixéronse correspondencias diferentes segundo o caso.

2.3.2. Fase de anotación

Inicialmente o traballo de etiquetaxe morfolóxica e semántica levábase a cabo de forma totalmente manual ao mesmo tempo que se facía a tradución asistida co programa OmegaT. A Figura 7 exemplifica o proceso:

br-e22 47 His sense for rhythmic variety and timing is impeccable.	br-e22 47 O seu sentido da variedade rítmica e a medida do tempo é impecable.
His <wf ili="05807012n" lemma=""></wf> for <wf ili="02019021a" lemma=""></wf>	O seu <wf ili="05807012n" lemma="sentido">sentido</wf> da <wf ili="04751305n" lemma="variedade">variedade</wf > <wf ili="02019021a" lemma="rítmico">rítmica</wf> e a <wf ili="05046009n" lemma=""></wf> lemma="medida_do_tempo">medid a do tempo</wf> <wf ili="02604760v" lemma="ser">é</wf> <wf ili="01750847a" lemma=""></wf>
<wf ili="04751305n" lemma=""></wf> and <wf ili="05046009n" lemma=""></wf> <wf ili="02604760v" lemma=""></wf> <wf ili="01750847a" lemma=""></wf>	lemma="impeccable">impecable</w f>.

Figura 7: Fragmento do SemCor orixinal inglés anotado co ILI e a súa correspondencia en galego anotada co ILI e o lema.

¹³ <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/fundamentos/criterios/puntuacion2.html>>.

No momento da anotación tivéronse que ter en conta as posibilidades de contracción dos pronomes átonos enclíticos e das preposicións. O criterio inicial de situalos fóra da etiqueta acabou desbotándose tras os textos iniciais para que non quedasen os enclíticos fóra da anotación da palabra:

<u>Incorrecto:</u>	<wf ili="02199590v" lemma="dispensar">dispensou</wf> lle	Serge Koussevitzky, <u>dispensou lle eloxios sen reservas e brillantes actuacións en Boston, Nova York, que engadiu transmisións e gravacións para a nación</u>
<u>Correcto:</u>	<wf ili="02199590v" lemma="dispensar">dispensoulle</wf>	Serge Koussevitzky, <u>dispensoulle eloxios sen reservas e brillantes actuacións en Boston, Nova York, que engadiu transmisións e gravacións para a nación</u>

<u>Incorrecto:</u>	<wf ili="01557120a" lemma="a_maioría_de">a maioría de </wf> os	<u>pinceis son distintos dos usados por a maioría de os ; io a marta e as sedas.</u>
<u>Correcto:</u>	<wf ili="01557120a" lemma="a_maioría_de">a maioría dos </wf>	<u>pinceis son distintos dos que usan a maioría dos acquarelistas pois eu combino a marta e as sedas.</u>

Cando se anota a tradución galega, as etiquetas non sempre van coincidir coas do inglés. Unha das distincións que se debe facer vén orixinada por diferenzas de tipo cultural, xa que en galego para os séculos usamos o número cardinal, pero en inglés utilízase o ordinal: *20th Century*→*século XX*. O mesmo ocorre coas datas; por exemplo, en *April 10* o número no SemCor inglés remite ao *synset* ordinal '10th' pero en galego debe apuntar a '10' [13746512n], o cardinal.

Outras veces non hai máis opción que eliminar a etiqueta en galego: cando se fai unha tradución non literal, a nova palabra en galego queda sen etiquetar xa que non ten correspondencia coa inglesa; por exemplo, no segmento f16(120) *sea*→*onda* e en e28(10) *be on target*→*alcanzar obxectivos*. Tamén se debe quitar a etiqueta no texto galego cando no momento de traducir se fai un cambio de categoría: e22(38) *clearly*→*claridade*, e22(76) *children*→*infantís*, e25(17) *life*→*vital*. Son casos nos que se perde inevitablemente a aliñación entre palabras.

Nunha segunda etapa da construción do corpus fixéronse probas de etiquetaxe automática da tradución galega, seguida de revisión manual, con FreeLing¹⁴ e UKB¹⁵

¹⁴ <<http://nlp.lsi.upc.edu/freeling/>>.

¹⁵ <<http://ixa2.si.ehu.es/ukb/>>.

(Aguirre / Soroa 2009) e tras varias melloras, o tempo de traballo en cada texto reduciuse a menos da metade do inicial.

A dificultade principal para poder seguir aforrando tempo no proceso, e tamén para un maior éxito da etiquetaxe automática, é que hai unha cantidade indeterminada de palabras no SemCor orixinal inglés que están mal anotadas con respecto á base de datos léxica Galnet. Ocorre sobre todo en formas que son pluriléxicas en inglés, pero están etiquetadas como monoléxicas: ‘apothecary’ ‘shop’ [10421470n] [04202417n] por ‘apothecary’s_shop’ [03249342n]. No texto do SemCor inglés aparecen anotadas como dúas palabras independentes, pero é un concepto único en WordNet, como se pode ver na Figura 8:

ili-30-03249342-n		
GL	<i>Variante(s)</i>	- farmacia [far maβja]
EN		- apothecary’s_shop - chemist’s
	<i>Variante(s)</i>	- chemist’s_shop - drugstore - pharmacy
	<i>Glosa</i>	a retail shop where medicine and other articles are sold

Figura 8: Exemplo de unidade pluriléxica en Galnet.

Outras formas recorrentes nos textos son ‘make’ ‘sure’ [00120316v] [00309740a] por ‘make_sure’ [02595234v] e ‘more’ and ‘more’ [01556355a] [01556355a] no canto de ‘more_and_more’ [00059854r].

O caso máis frecuente é o dos verbos con partícula: ‘do’ ‘away’ with [02560585v] [00235438r]→‘do_away_with’ [00471711v]. Con todo, non se deben confundir estes erros de anotación cos exemplos en que un *phrasal verb* separable ou unha expresión non levan o segundo termo incluído no enlace porque vai outra palabra no medio: ‘give_up’ en *give it up*, no segmento f08(82), ‘take_advantage’ en *take full advantage* e30(16). Aquí a anotación asignada é correcta aínda que só a primeira parte da unidade pluriléxica remite a ela.

En menor medida, tamén se encontraron unidades monoléxicas mal anotadas por interpretación equivocada do sentido: ‘gay’ co sentido de “homosexual” [01201937a] cando debería ter o de “showing merriment” [01367651a] en e22(2); ‘march’ referido a “month” [15210870n] cando debería enlazar con “music written for marching” [07058296n] en f22(40). Tamén aparecen algunhas malas anotacións en inglés por categoría equivocada: ‘publishing’ e26(40), ‘spending’ e30(41) e ‘bathing’ f08(42) están etiquetados como nome, pero son verbo nos tres casos;

‘fight’ en f16(66) indica verbo, pero é nome. Nestas últimas situacións haberá que valorar a decisión de corrixir a etiqueta en inglés tamén, o que permitirá que as palabras queden aliñadas nos dous idiomas.

Seguindo coas dificultades no proceso de anotación, atopamos que os prefixos en inglés poden aparecer como dúas unidades monoléxicas: ‘Neo’ ‘Classicist’ [01536276a] [09926519n], como unha palabra soa: ‘neoclassicism’ [06154464n] ou co prefixo unido por guión á base: ‘neo_jazz’ [07063921n]. En galego etiquetáronse sempre unidos directamente á palabra base: ‘neoclasticista’ [10352557n], ‘neoclasticismo’ [06154464n], ‘neojazz’ [07063921n].

Especial atención merecen tamén os comparativos de superioridade e os superlativos formados mediante sufixos, xa que algúns como ‘higher’, ‘stronger’, ‘wider’ ‘widest’ ‘darkest’ nos textos vistos remitiron sempre ao *synset* do adxectivo simple: ‘high’, ‘strong’, ‘wide’ ‘dark’ e polo tanto deixouse o adverbio *máis* fóra da etiqueta cando se fixo a anotación: *máis* <forte>, por exemplo no segmento e26(73). No entanto, ‘bigger’, ‘smaller’, ‘larger’ enlazaban ás veces co adxectivo simple e outras co comparativo: f16(74) *máis* <grandes>, pero e28(36) <*máis grandes*>.

Ademais, no SemCor orixinal inglés algúns *synsets* levan asignada unha etiqueta xenérica cando deberían levar a etiqueta propia que tamén aparece na base de datos (existen tres ILIS xenéricos que se asignan a calquera topónimo, antropónimo ou asociación que non teña entrada propia no WordNet).

Finalmente, apareceron termos sen anotar no SemCor inglés, como o substantivo *death*, talvez porque resultou difícil desambiguar o seu sentido, mesmo de forma manual e con contexto. Na Figura 9 lístanse todos os sentidos rexistrados en Galnet:

65

First came the cannon fodder, white clad civilians being driven into **death** as a massive human battering ram.

First came the cannon fodder , white clad civilians being driven into death as a massive human battering ram .

+ death	n 1 { alteration }	eng-30-07355491-n	<i>the event of dying or departure from life</i>
+ death	n 2 { organic_phenomenon }	eng-30-11444117-n	<i>the permanent end of all life functions in an organism .</i>
+ death	n 3 { state }	eng-30-13962498-n	<i>the absence of life or state of being dead</i>
+ death	n 4 { point }	eng-30-15143477-n	<i>the time when something ends</i>
+ death	n 5 { point }	eng-30-15143276-n	<i>the time at which life ends; continuing until dead</i>
+ Death	n 6 { imaginary_being }	eng-30-09488259-n	<i>the personification of death</i>
+ death	n 7 { state }	eng-30-14562960-n	<i>a final state</i>
+ death	n 8 { change_of_state }	eng-30-00219575-n	<i>the act of killing</i>

Figura 9: Exemplo de resultados de busca na base de datos léxica Galnet.

Na medida do posible intentáronse corrixir todos estes aspectos engadindo a información que faltaba.

O resultado do código final en TMX, cando o texto xa está traducido ao galego, anotado e aliñado a nivel de oración co SemCor inglés, é un documento como o da Figura 10 dividido en unidades de tradución (<tu>).

```
<?xml version="1.0"?>
<!DOCTYPE tmx SYSTEM "tmx14.dtd">
<tmx version="1.4">
<header creationtool="TALG" creationtoolversion="1" segtype="sentence" o-tmf="TALG" adminlang="gl"
srclang="en" datatype="plaintext">
</header>
<body>
<tu>
<prop type="group">br-g43:13</prop>
<tuv xml:lang="en"><seg>Scientists often turn out to be idiosyncratic, too.</seg></tuv>
<tuv xml:lang="en-tag"><seg><![CDATA[<wf cmd="done" pos="NN" lemma="scientist" wnsn="1"
lexsn="1:18:00::" ili="ili-30-10560637-n">Scientists</wf> <wf cmd="done" pos="RB"
lemma="often" wnsn="1" lexsn="4:02:00::" ili="ili-30-00035058-r">often</wf> <wf cmd="done"
pos="VB" lemma="turn_out" wnsn="1" lexsn="2:42:00::" ili="ili-30-02633881-v">turn_out</wf>
<wf cmd="ignore" pos="IO">to</wf> <wf cmd="done" pos="VB" lemma="be" wnsn="1"
lexsn="2:42:03::" ili="ili-30-02604760-v">be</wf> <wf cmd="done" pos="JJ"
lemma="idiosyncratic" wnsn="1" lexsn="5:00:00:individual:00"
ili="ili-30-00493820-a">idiosyncratic</wf> <punc>,</punc> <wf cmd="done" pos="RB"
lemma="too" wnsn="2" lexsn="4:02:01::" ili="ili-30-00047534-r">too</wf> <punc>.</punc> ]]></seg></tuv>
<tuv xml:lang="gl"><seg>Ademais os científicos resultan idiosincráticos con frecuencia.
</seg></tuv>
<tuv xml:lang="gl-tag"><seg><![CDATA[<wf ili="00047534r" lemma="ademais">Ademais</wf> os
<wf ili="10560637n" lemma="científico">científicos</wf> <wf ili="02634133v"
lemma="resultar">resultan</wf> <wf ili="00493820a"
lemma="idiosincrático">idiosincráticos</wf> <wf ili="00035058r" lemma="con_frecuencia">con
frecuencia</wf>.</seg></tuv>
</tu>

<tu>
<prop type="group">br-g43:14</prop>
<tuv xml:lang="en"><seg>But still, the proposition is worth examination.</seg></tuv>
<tuv xml:lang="en-tag"><seg><![CDATA[<wf cmd="ignore" pos="CC">But</wf> <wf cmd="done"
pos="RB" lemma="still" wnsn="2" lexsn="4:02:04::" ili="ili-30-00027384-r">still</wf>
<punc>,</punc> <wf cmd="ignore" pos="DT">the</wf> <wf cmd="done" pos="NN"
lemma="proposition" wnsn="1" lexsn="1:10:00::" ili="ili-30-06750804-n">proposition</wf> <wf
cmd="done" pos="VB" lemma="be" wnsn="1" lexsn="2:42:03::" ili="ili-30-02604760-v">is</wf>
<wf cmd="done" pos="JJ" lemma="worth" wnsn="1" lexsn="5:00:00:worthy:00"
ili="ili-30-02586206-a">worth</wf> <wf cmd="done" pos="NN" lemma="examination" wnsn="1"
lexsn="1:04:00::" ili="ili-30-00635850-n">examination</wf> <punc>.</punc> ]]></seg></tuv>
<tuv xml:lang="gl"><seg>Pero con todo, a proposición é digna de exame.</seg></tuv>
<tuv xml:lang="gl-tag"><seg><![CDATA[<wf ili="00027384r" lemma="con_todo">con
todo</wf>, a <wf ili="06750804n" lemma="proposición">proposición</wf> <wf ili="02604760v"
lemma="ser">é</wf> <wf ili="02586206a" lemma="digno">digna</wf> de <wf ili="00635850n"
lemma="exame">exame</wf>.</seg></tuv>
</tu>

(...)
```

Figura 10: Código TMX do SemCor inglés e o SemCor galego aliñados.

Como se ve na Figura 10, cada unidade de tradución contén un segmento <tuv> (variedade de unidade de tradución) co texto orixinal en inglés, outro co texto orixinal anotado, outro coa tradución en galego e outro co texto galego anotado. As

<tuv> que conteñen as versións etiquetadas do texto almacénanse como cadeas de caracteres de tipo CDATA. Ao chegar a esta sección, o analizador interpreta os datos como cadeas de caracteres e non como contido etiquetado en XML e así non se producen erros de interpretación dos datos.

2.3.3. Consultas

O corpus SensoGal está aloxado na páxina do SLI (Seminario de Lingüística Informática)¹⁶ da Universidade de Vigo.

Dende a súa interface, presentada na Figura 11, pódense realizar buscas por palabra, por lema ou por concepto (introducindo o ILI), tanto en galego coma en inglés. O resultado aparecerá nunha táboa na que cada fila contén unha das unidades atopadas posta en paralelo nas dúas linguas (véxase Figura 1). Segundo se prograse na construción do corpus e aumente a cantidade de textos aliñados, está previsto mellorar as buscas avanzadas con comodíns e outras opcións de selección.

Pescudas no Corpus Paralelo SensoGal SLI

(Corpus SemCor paralelo inglés-galego etiquetado semanticamente cos ILI de WordNet 3.0)

Palabra ou lema:

☒ lema ☐ palabra

☒ inglés ☐ galego

ILI (Inter-Lingual Index) en WordNet 3.0: ~

(Por exemplo: ii-30-06743506-n)

☒ inglés ☐ galego

Textos Galnet - WordNet do Galego Corpus SemCor-ILI RILG In English

Figura 11: Interface SensoGal.

¹⁶ <http://sli.uvigo.gal/SensoGal/>

A aplicación tamén dá acceso directo a outros recursos relacionados: a plataforma RILG (que contén varios corpus e dicionarios), os textos orixinais do SemCor inglés que xa foron traducidos, as estatísticas actualizadas do corpus SemCor inglés-galego; tamén aparece un enlace de acceso a Galnet dende onde se pode consultar unha listaxe das variantes en galego incorporadas á base de datos coa construción deste corpus (filtrando polo experimento semcor). O procedemento aparece representado na Figura 12

Figura 12: Interface Galnet.

3. Resultados e traballo futuro

Na actualidade, o corpus paralelo SensoGal está formado por 30 textos en inglés coas súas correspondencias aliñadas en lingua galega e segue en proceso de desenvolvemento. En total son máis de 60.000 palabras traducidas que se organizan en 2.734 unidades a nivel de oración, como se amosa na Táboa 1¹⁷:

¹⁷ <Os datos actualizados pódense consultar en <http://sli.uvigo.gal/SensoGal/corpus.html>>.

Texto	Categoría textual	UT	Palabras EN	Palabras GL
a01	Press: Reportage	90	1987	2161
a11	Press: Reportage	80	2036	2208
c01	Press: Reviews	113	2111	2234
c02	Press: Reviews	97	2076	2093
e22	Skill and hobbies	84	2091	2111
e23	Skill and hobbies	75	2034	2075
e24	Skill and hobbies	115	2005	2086
e25	Skill and hobbies	87	2038	2108
e26	Skill and hobbies	83	2027	2010
e27	Skill and hobbies	109	1826	2003
e28	Skill and hobbies	103	1986	2066
e29	Skill and hobbies	88	2033	2096
e30	Skill and hobbies	136	2041	2217
e31	Skill and hobbies	99	2044	2255
f08	Popular lore	112	2071	2132
f10	Popular lore	101	2071	2155
f13	Popular lore	117	2053	2135
f14	Popular lore	64	2064	2060
f15	Popular lore	82	2022	2097
f16	Popular lore	122	2046	2079
f19	Popular lore	85	2080	2136
f22	Popular lore	113	2200	2185
g15	Belles lettres	72	2101	2062
g43	Belles lettres	75	2024	2031
h01	Government & House Organs	81	2032	2244
h17	Government & House Organs	99	2291	2284
j29	Learned	85	2031	2174
j34	Learned	103	2010	2027
k01	Fiction: General	159	2024	1982
k02	Fiction: General	134	2011	1968
		2734	61236	62577

Táboa 1: Tamaño e cobertura do corpus SensoGal.

Malia que o tamaño do corpus aínda é limitado permite xa observar o comportamento dun termo en contextos de temas moi diferentes grazas á diversidade de textos elixidos para traducir. O corpus tamén é útil para realizar estudos comparativos entre o inglés e o galego, para facer prácticas de tradución ou para buscar sinónimos por medio do ILI. Ao mesmo tempo, as traducións realizadas serviron para ampliar a base de datos léxica Galnet con 6.636 novos lemas no proceso de etiquetaxe semántica da tradución.

O recurso está accesible en Internet a través da web <<http://sli.uvigo.gal/SensoGal>> e permite buscar por lema, por palabra e por ILI tanto en galego coma en inglés.

Identificar os problemas resoltos e a evolución nas distintas etapas da creación do corpus permite facer previsións optimistas con respecto ao seu desenvolvemento futuro. Nas primeiras traducións houbo que establecer os criterios para anotar os clíticos e as contraccións da preposición, revisar continuamente a coherencia de tradución e de anotación, e lematizar o texto de xeito totalmente manual escribindo o lema de cada unha das palabras galegas e atendendo ás diferenzas de orde entre os dous idiomas. Nas fases seguintes a fluidez do traballo aumentou de forma considerable debido á experiencia adquirida e á semiautomatización do proceso de etiquetado dos textos en galego. Proba disto son os 19 textos traducidos e anotados no segundo ano da bolsa fronte aos 11 do primeiro. Finalmente, tamén se puideron extraer algúns padróns (relativamente numerosos tendo en conta que o ámbito analizado non está restrinxido a unha categoría gramatical ou a un dominio) que axudarán a cohesionar as traducións e facilitarán a etiquetaxe nos seguintes textos.

Esperamos, así mesmo, que as vindeiras ampliacións deste recurso contribúan a fomentar o uso da lingua galega dentro do sector das tecnoloxías e deste modo incidan na necesaria normalización desta lingua.

Referencias bibliográficas

- Aguirre, E. / A. Soroa (2009): «Personalizing Pagerank for Word Sense Disambiguation», en *Proceedings of the 12th conference of the European chapter of the Association for Computational Linguistics (Atenas, 30-03-2009/3-04-2009)*. Stroudsburg: Association for Computational Linguistics, 33-41.
- Brandariz Varela, S. (2016): *Deseño e construción dun corpus paralelo etiquetado semanticamente para a lingua galega* (Traballo de Fin de Grao inédito). Vigo: Universidade.

- Castro Figueiras, E. M.^a / M. C. Rodríguez Ricart (2013): *Na universidade en galego sen dúbida*. Vigo: Universidade.
- Cucchiarelli, A. / P. Velardi (1997): «Automatic Selection of Class Label from a Thesaurus for an Effective Semantic Tagging of Corpora», en *Proceedings of the fifth conference on Applied Natural Language Processing* (Washington, 31-03-1997/3-04-1997). Stroudsburg: Association for Computational Linguistics, 380-387.
- Gayral, F. / P. Saint-Dizier (1999): «Peut-on couper à la polysémie verbale?», en *Proceedings of the 6th conference on Traitement Automatique du Langage Naturel (Córcega, 12/17-07-1999)*. París: Association pour le Traitement Automatique des Langues, 155-164.
- González Agirre, A. / G. Rigau (2013): «Construcción de una base de conocimiento léxico multilingüe de amplia cobertura: Multilingual Central Repository», *Linguamática* 5.1, 13-28.
- Martí Antonín, M. A. / A. Fernández Montraveta / G. Vázquez García (2003): *Lexicografía computacional y semántica*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Miller, G. A. / R. Beckwith / C. Fellbaum / D. Gross / K. Miller (1990): «Introduction to WordNet: An On-line Lexical Database», *International Journal of Lexicography* 3.4, 235-244.
- Palmer, M. (1998): «Consistent Criteria for Sense Distinctions», *Computers and the Humanities* 34, 217-222.
- Solla Portela, M. A. / X. Gómez Guinovart (2015): «Galnet: o WordNet do galego. Aplicacións lexicolóxicas e terminolóxicas», *Revista Galega de Filoloxía* 16, 169-201.
- Solla Portela, M. A. / X. Gómez Guinovart (2017): «Diseño y elaboración del corpus SemCor del gallego anotado semánticamente con WordNet 3.0», *Procesamiento de Lenguaje Natural* 59, 111-123.
- Vossen, P. (2002): «WordNet, EuroWordNet and Global WordNet», *Revue française de linguistique appliquée* 7, 27-38.

VANGARDAS E FUTURISMO NO CAMPO LITERARIO GALEGO

Avant-garde and futurism in the Galician literary field

Darío Álvarez Moure

Universidade de Vigo
darioalvarezmoure@gmail.com

Resumo: O obxectivo deste traballo é achegarse ao movemento de vangarda galego e rastrexar a presenza do futurismo, amosando as particularidades no contexto do campo literario galego. O tema resulta interesante polas relacións establecidas entre campo político e literario asociadas a este movemento de vangarda e polas diversas opinións que o tema xera en literaturas próximas como a española ou a portuguesa. Ademais, preténdense amosar as complicacións que rodearon aos novos autores e os conflitos que na súa época se produciron na disputa do capital simbólico, sempre, dende o eixo da vangarda. Para a realización deste traballo partiuse da orixe do futurismo, creado por Filippo Tomasso Marinetti, tendo en conta tanto o seu impacto a nivel literario coma político. Posteriormente, chégase á vangarda galega e compróbase se o futurismo estivo presente no noso sistema literario, sen deixar de lado a problemática que rodeou ao movemento de vangarda no campo literario galego. Tamén se expón a influencia do futurismo en España, onde tivo un impacto diferente ao da nosa literatura.

Palabras chave: Vangardas, futurismo, Marinetti, campo literario galego.

Abstract: The purpose of this paper is to approach the Galician avant-garde movement and track the presence of Futurism, showing the distinctive features in the context of the Galician literary field. The topic is interesting for the relationships established between the political and literary movement associated with this movement and for the various opinions that the issue generates in the Spanish and Portuguese literature. In addition, it is intended to show the problems and conflicts posed by the new authors, always, of course, from the view of the wrangling of symbolic capital (Bourdieu 2004). To conduct this research, I started from the origin of Futurism, created by Filippo Tomasso Marinetti, taking into account its impact on both the literary and political fields. Subsequently, we will approach Galician avant-garde and check whether Futurism was present in our literary system, without neglecting the issues surrounding the movement of avant-garde in our literature. It also exposes the influence of Futurism in Spain, where it had a different impact.

Keywords: Avant-garde, Futurism, Marinetti, Galician literary field.

1. Introducción¹

O termo *vanguardia* xorde en Francia durante os anos da Primeira Guerra Mundial (1914-1917). A súa orixe está no termo da linguaxe militar *avant-garde* e mostraba o espírito de loita, de combate e enfrontamento que a nova arte do século propugnaba, opoñéndose á chamada arte decimonónica ou académica.

Dende o comezo, a arte vangardista adquire unha actitude provocadora contra o antigo, o naturalista ou todo aquilo que garde relación coa «arte burguesa». Non vai ser casualidade que todas as primeiras manifestacións dos movementos de vangarda vaian da man de actos e xestos de forte impacto social, como expresión de rexeitamento fronte á chamada «cultura burguesa».

A Primeira Guerra Mundial (IGM) pasa a ser entendida como expresión do afán imperialista e dun intento da burguesía por conseguir a paz. Este vai ser o período no cal, xunto con actividades de rexeitamento da guerra, afloran todas as manifestacións artísticas coñecidas como *ismos*, que se sucederán de maneira vertixinosa.

Cada unhas destas correntes artísticas ou ismos posuían os seus propios postulados e difundíanse a través dos chamados manifestos vangardistas. Estes poden definirse como textos que sistematizan, seguindo o modelo dos manifestos políticos, os principios de cada *ismo*, case sempre con grandes doses de dogmatismo, xa que presentan os seus postulados como únicos e válidos. Outra das súas características é o afán escandalizador e provocador, pretenden remover as ideas da sociedade «ben-pensante» e abolir todas as normas e convencións artísticas anteriores.

Non é difícil comprender este cambio na mentalidade social e artística se se pensa no contexto histórico. Atopámonos cunha sociedade recentemente saída da IGM, marcada por graves conflitos, tanto políticos (revolución bolxevique, ascenso dos totalitarismos fascistas) coma económicos (*crack* bolsista do 29, crise capitalista mundial). Estas sociedades experimentaban, ademais, profundas transformacións a causa dos novos avances tecnolóxicos e sentíanse desposuídas das vellas certezas científicas do positivismo, por obra da revolución científico-conceptual que traen consigo as propostas de Freud no terreo da psicanálise; de Einstein, que reformula a

¹ O presente estudo é unha adaptación do meu Traballo de Fin de Grao, defendido na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo en xullo de 2015. Estivo titorado polo profesor Anxo Angueira, ao que debo agradecer toda a información achegada así como a súa atención, paciencia e inestimable axuda.

física newtoniana coa teoría da relatividade; e de Nietzsche, coa súa severa crítica da moral occidental.

Os ismos fóronse sucedendo de maneira vertixinosa. Algúns resultaron meteóricos, durando apenas meses; outros, como o expresionismo e o surrealismo, deixaron unha profunda pegada nas artes contemporáneas. As vangardas transformaron intensamente a idea do que era a arte e do papel que lle correspondía ao artista na sociedade, buscando a orixinalidade de forma obsesiva e facendo do experimentalismo, da rebeldía e da liberdade creativa as súas auténticas razóns de ser.

No campo da literatura, os principais ismos foron o cubismo, o expresionismo, o dadaísmo, o creacionismo, o imaxinismo, o ultraísmo, o surrealismo e, por último, pero non menos importante, temos o futurismo, corrente na que se centrará este traballo.

A modo de introdución podemos dicir que o futurismo promoveu a exaltación da máquina, da velocidade, da cidade e da guerra. Como achados formais, experimentou coa destrución absoluta da sintaxe, a supresión de adxectivos e adverbios e a abolición do uso de signos de puntuación. Nas súas formulacións máis radicais, chegou incluso a procurar a supresión do significado, en textos construídos mediante puras onomatopeas.

2. Orixe do futurismo

2.1 O futurismo de Marinetti

O futurismo xorde en Milán (Italia), impulsado por Filippo Tommaso Marinetti. Este movemento de vangarda busca romper coa tradición, co pasado e os signos convencionais da historia da arte, tal e como indica Domínguez Méndez (2013), a quen seguimos. Considera como elementos principais a poesía, o valor e a revolución, xa que pregoa o movemento agresivo, o insomnio febril, o salto perigoso e o golpe irreverente. Os principios fundamentais sobre os que se asenta están intimamente relacionados coa sensualidade, coa exaltación do nacional, do guerreiro e coa adoración polas máquinas. Retrátase a realidade como movemento e apóstase por unha literatura obxectiva e renovadora, buscando darlle unha expresión plástica.

O 20 de febreiro de 1909, Marinetti publica no xornal parisiense *Le Figaro* o *Manifeste du Futurisme*. Nel recolle os principios da súa estética, que se poden resumir así:

- Cantarlle ao amor, ao perigo e á temeridade.
- A coraxe, a audacia e a rebelión serán elementos esenciais da poesía.
- Exaltación do movemento agresivo.
- A beleza da velocidade: «un automobile ruggente, che sembra correre sulla mitraglia, è più bello della Vittoria di Samotracia».
- Canto ao home que é dono do seu destino.
- Necesidade de que o poeta se prodigue con ardor, magnificencia e munificencia para aumentar o fervor entusiasta dos elementos primordiais.
- A beleza da loita: a poesía como violento asalto contra as forzas ignotas.
- Rexeitamento do pasado.
- Glorificación da guerra «sola higiene del mundo»: o militarismo, o patriotismo, as belas ideas polas que morrer e o desprezo á muller.
- Combater o moralismo, o feminismo e toda vileza oportunista e utilitaria.
- Cantarlles ás grandes masas axitadas polo traballo, o pracer ou o alboroto.

Marinetti concibe unha nova estética chamada a romper coa arte pasada, chegando a comparar os museos con cemiterios. Cómpre partir de cero e crear unha arte que se axuste aos novos tempos, ás novas realidades e á mentalidade moderna, tomando como modelo as máquinas e as súas virtudes: a forza, a rapidez, a velocidade, a enerxía, o movemento e a deshumanización.

No ano 1912 Marinetti publica o *Manifesto técnico da literatura futurista*. Nel reflexiona sobre o novo modo de escribir «Sentado sobre o depósito de gasolina dun aeroplano, co ventre quente pola cabeza do aviador, sentín a ridícula inutilidade da vella sintaxe herdada de Homero». Será a propia hélice do aeroplano, que aparece personificada, a que o informe sobre os dez principios dunha nova escrita, que se poderían resumir nos seguintes:

- 1) Necesidade de destruír a sintaxe, dispoñendo os substantivos ao azar, tal como nacen.
- 2) O verbo debe ir en infinitivo para adaptarse elasticamente ao substantivo.
- 3) Débese abolir o adxectivo para que o substantivo conserve a súa cor esencial.

- 4) Todo substantivo debe ter o seu dobre, é dicir, ir seguido doutro substantivo ao que está ligado por analoxía.
- 5) Hai que abolir a puntuación, os adxectivos, os adverbios e as conxuncións que son atrancos no fluír da escritura. Para acentuar certos movementos e indicar as súas direccións empregáranse signos matemáticos e musicais.
- 6) As analoxías deben ser cada vez máis amplas, que impliquen unhas relacións cada vez máis profundas, aínda que moi distantes.
- 7) A intuición que percibe as imaxes non ten preferencias nin prexuízos. O estilo analóxico é dono de toda a materia e da súa intensa vida.
- 8) Para representar os movementos sucesivos dun obxecto é necesario ofrecer a cadea de analoxías que este evoca, cada unha recollida nunha soa palabra.
- 9) É necesario orquestrar as imaxes dispoñéndoo segundo un máximo de desorde, xa que toda clase de orde é produto da intelixencia cauta e reservada.
- 10) Destruír o eu, o home deteriorado pola biblioteca e o museo e substituílo pola materia, cuxa esencia se alcanzará de maneira intuitiva.

O interese por crear unha arte total arredor do movemento futurista supera o campo literario e cultural ata mesturarse co campo político. Por este motivo apareceron dous manifestos políticos. Destaca o segundo, que ve a luz en 1911, momento en que Italia iniciaba a súa expansión por Libia. Dous anos máis tarde, o 15 de outubro de 1913, aparece un novo programa político na revista *Lacerba*, editada en Florencia. Entre os seus principios destacaba a defensa do individualismo, a defensa do irredentismo italiano nas zonas italo falantes, o odio visceral cara ao socialismo e o anticlericalismo.

Seguindo a Domínguez Méndez (2013), a inmersión de Marinetti dentro da dimensión política estivo beneficiada pola consideración que se tiña del como «axitador cultural», máis que como un auténtico intelectual. Axudou neste cualificativo a posta en escena das súas accións. Ademais de impulsar as chamadas veladas futuristas, onde se transgredían os valores da ortodoxia artística mediante a interacción e, mesmo, a violencia contra o público, tratou de inundar os espazos públicos de accións con que obter notoriedade. Entre outras destacou a realizada dende o campanario da praza de San Marcos de Venecia, lanzando pasquíns cos contidos futuristas.

Domínguez Méndez sinala tamén que as axitacións nas rúas e prazas italianas dos futuristas quedaron ligadas á campaña intervencionista que se desencadeou en

Italia, a pesar da decisión inicial do Estado de permanecer na máis estrita neutralidade no verán de 1914. Co fin da guerra, os intereses de Marinetti por crear un partido político acabaron de definirse. A desilusión que causara en Italia a chamada «vittoria mutilata», ao non verse recompensado o país de acordo cos termos establecidos no Tratado de Londres, avivou a decisión de chegar ao poder e guiar ao Estado. En febreiro de 1918 viu a luz o *Manifesto do Partido Futurista Italiano* sobre unha retórica fundamentada no ataque á Santa Sé, a exaltación do nacionalismo e a obriga de levar a cabo unha profunda transformación do sistema parlamentario vixente. Sinala Marinetti que «o partido político futurista, que nós fundamos hoxe, quere unha Italia libre, forte, nunca máis sometida ao seu gran pasado, ao estranxeiro excesivamente ben valorado e aos curas demasiado tolerados» (a través de Domínguez Méndez 2013: 111).

Non obstante, a posibilidade de que os futuristas alcanzasen o poder viuse relegada por un proxecto que contou con maior patrocinio, o fascismo de Mussolini. Nun primeiro momento de entendemento, os candidatos de ambas as tendencias presentáranse xuntos nas eleccións de 1919 nunha coalición que sufriu unha sonada derrota. A pesar das evidentes relacións e préstamos que o movemento futurista lle proporcionou ao fascismo, a partir de 1920, Mussolini preocupouse de poñer distancia con Marinetti. Esta situación provocou unha fragmentación do movemento en diversas tendencias, dependendo das simpatías políticas dos seus compoñentes.

A perda visible de protagonismo político fixo que, consumada a Marcha sobre Roma, Marinetti se mostre disposto a ofrecerse ao fascismo co obxectivo de consolidar o futurismo como a arte de referencia do Estado fascista. Tratábase de buscar un rango académico que xa intentara obter anteriormente. Con este obxectivo en mente estableceuse en Roma, aínda que o seu propósito axiña se viu frustrado. En 1931 publicou un novo manifesto artístico que non tivo a repercusión esperada ante o grande avance e desenvolvemento autónomo da arte fascista.

Conclúe Domínguez Méndez (2013) que toda esta situación foi o antecedente dun inesperado epílogo para o movemento futurista como consecuencia da cualificación dada polo Terceiro Reich a todas as vangardas artísticas do momento, ao consideralas dexeneración da arte. En consecuencia, os sectores máis intransixentes e radicais do fascismo italiano amosáronse dispostos a arremeter contra o futurismo. En 1937 estes grupos conseguiron que o futurismo fose considerado como arte decadente de maneira oficial e as revistas que acollían as súas ideas foron pechando de maneira paulatina. Paralelamente, e en certa maneira de xeito paradoxal, Marinetti converteuse en membro da Academia de Italia e seguiu a Mussolini no seu proxecto final da República de Saló ata a súa morte en decembro de 1944.

2.2 O futurismo de Marinetti en España

O interese por Marinetti en España prodúcese en dúas fases. A primeira iníciase inmediatamente despois da publicación do manifesto fundacional do futurismo (1909) e a segunda sitúase cara a finais dos anos vinte. Manfred Lentzen achega a súa visión sobre a recepción da estética futurista en España:

Ramón Gómez de la Serna é quen dá a coñecer a Marinetti en España. En 1909, o mesmo ano da publicación de *Fundación e Manifesto do Futurismo*, aparece na revista *Prometeo* unha tradución de Gómez de la Serna que pon por primeira vez aos lectores da Península Ibérica en contacto coas ideas do futurismo italiano, moi en especial cos once puntos do manifesto. (Lentzen 1986)

No ano 1910 aparece, tamén na revista *Prometeo*, o manifesto español de Marinetti «Proclama futurista a los españoles», traducido por Gómez de la Serna. Na primeira parte do texto faise responsables ás mulleres e aos fráxiles da perda de hexemonía de España. Sinala tamén que o símbolo por antonomasia do «passatismo» español é a catedral, que se derrubará sepultando baixo as súas ruínas o secular dominio clerical. Deixa claro Marinetti o seu pensamento anticlerical, que en nada coincidía coa mentalidade existente en España. Na segunda parte do manifesto, que leva por título «Conclusiones futuristas sobre España», insiste neste anticlericalismo pero destaca a importancia do progreso da agricultura e da industria para poder lograr unha renovación do país con visión de futuro. A tarefa, que incumbe a políticos, escritores e artistas, é descrita por Marinetti nun programa de oito puntos que pode resumirse da seguinte maneira:

- 1) Maior orgullo nacional.
- 2) Defensa da dignidade de liberdade do individuo.
- 3) Exaltación do heroísmo da ciencia.
- 4) Fomento da idea de militarismo a favor da protección do pobo.
- 5) Vinculación da idea de exército poderoso e da guerra posible coa idea do proletariado libre industrial e comerciante.
- 6) Realce das calidades características da raza, por exemplo a afección á loita e o perigo.
- 7) Loita contra a tiranía do amor e, consecuentemente, aprobación do amor libre.
- 8) Aniquilación do arcaísmo, do culto ao pasado.

- 9) Marinetti vai pechar a súa proclama facendo un chamamento contra sacerdotes, toureiros e caciques, principais expoñentes da tradición, condenando o turismo e esixindo no seu lugar a construción de grandes portos comerciais, cidades industrializadas e campos fertilizados.

O coñecemento da obra de Marinetti e das ideas futuristas en España ten que relacionarse coa busca dunha identidade e destinos novos para o país tras o desastre de 1898. Nin a xeración do 98, nin o modernismo ofrecen solucións aos problemas e transformacións do momento, derivados do progreso técnico e científico -civilización de masas, a vida urbana, a industrialización ou a rapidez das comunicacións.

Esta idea de romper co pasado non parece encaixar nos intelectuais españois da época. Poñamos por caso a aparición dun artigo de crítica, publicado en marzo de 1910 na revista *Nuestro tiempo*, titulado «El futurismo (una nueva escuela literaria)». O seu autor, Andrés Gómez Blanco, parece estar interesado sobre todo polas implicacións literarias do futurismo, pero non coincide cos famosos once puntos do manifesto de 1909 de Marinetti. Condena a idea da destrución dos museos, bibliotecas e academias, así como o repudio amosado polo autor italiano cara aos valores do pasado.

Ata aquí, como sinala Lentzen (1986: 309), poderíamos falar dunha primeira etapa, de toma de contacto e primeiras reaccións cara ao futurismo en España. A segunda ten lugar a finais dos anos vinte e recóllese case totalmente na revista *La Gaceta Literaria*, editada por Ernesto Giménez Caballero. A comezos de 1928, o fundador do futurismo emprende unha viaxe á península ibérica. A viaxe en coche de Barcelona a Madrid inspíralle un texto futurista que leva por título «Spagna veloce e toro futurista». A primeira parte apareceu traducida ao castelán en *La Gaceta Literaria* en agosto de 1928. O texto, que emprega verso libre e partes de escritura automática, está composto de catro partes nas cales se retoman as ideas do manifesto sobre España. Se antes o símbolo de «passatismo» era a Catedral agora é o vento da Meseta, que obstaculiza o avance do automóbil. O autor, igual que na primeira etapa, pretende dicir que España non se desfixo aínda do «passatismo» e que a forza do touro podería servir para liberala.

Porén, como moi ben apunta Manfred Lentzen, este non vai ser o tema que caracterice a etapa de finais dos anos vinte, senón que o tema polo que mostran especial interese os autores españois, e moi particularmente Giménez Caballero, é a concepción política que vai asociada ao futurismo, o que reforza claramente a idea de relación estreita entre campo literario e campo político. Pénsase que estas opinións políticas, con certos matices, poderían servir de modelo para España.

Chegados a este punto, cómpre recordar que entre 1919 e 1920, Marinetti deu impulso a algunhas iniciativas políticas importantes encamiñadas a reforzar o movemento fascista. Esta é a época de maior coincidencia entre futurismo e fascismo, como xa se mencionou. Non obstante, en 1920, as diferenzas de opinión entre Marinetti e Mussolini lévano a saír dos *Fasci de Combattimento*, pero en 1924 volve a ingresar. *Futurismo e Fascismo*, publicada en 1924 é un volume de carácter político que recolle os motivos dese retorno. Con todo, Marinetti ve como nos anos seguintes vai sendo marxinado dentro do movemento. A súa propensión ao individualismo anárquico non é compatible co establecemento por parte do partido dun ríxido sistema ditatorial. O seu ingreso na Academia de Italia en 1929, máis que unha mostra de influencia política foi un mero formalismo.

Pero en España, Giménez Caballero ve en Marinetti unha cabeza política importante e un revolucionario profético. A partir de 1928, Giménez Caballero inclínase cada vez máis cara a un nacionalismo de cuño italiano. O número 28 de *La Gaceta Literaria* está dedicado case exclusivamente a temas italianos. Recolle tamén unha entrevista de Giménez Caballero a Marinetti na que se amosa fascinado pola figura do italiano. Entre agosto e setembro de 1928 saen na revista unha serie de artigos titulados «La etapa italiana». Estes artigos son un informe dunha viaxe que realiza a Italia. Neles maniféstase sobre a esencia do fascismo. Porén, ata o fascinado Giménez Caballero se dá conta de que o modelo de fascismo italiano non pode ser transferido a España sen máis, en todas as súas facetas, xa que a esencia do seu país está asentada sobre un férreo catolicismo. Tamén se podería tomar o ascenso do fascismo como a decadencia do futurismo, xa que Marinetti, o incendiario de museos, o furioso loitador contra o *pasadismo*, acepta o retorno á Roma antiga que Mussolini propugna co fin de manter unidas as súas milicias e reconcíliase co imperialismo. A condición de membro da Academia converte a Marinetti en administrador deses museos que el quería destruír.

3. Achegamento ás vangardas en Galicia

3.1 Contextualización

Autores como Xesús González Gómez (1995) consideran que non pode falarse dunha literatura galega estritamente vangardista, senón máis ben de ecos e influencias dispersas dos diferentes ismos europeos. Esas influencias varían a súa intensidade practicamente en cada autor e en cada obra. Habería experiencias vangardistas na

década dos anos vinte e comezos da dos trinta en Galicia, pero sempre observadas como actividades alleas, tentando relegalas a un segundo plano fronte a outras correntes de corte tradicional, máis admiradas e comprendidas polo público lector.

Na miña opinión, a presenza na nosa literatura de figuras como Manuel Antonio ou Cunqueiro rompe definitivamente coa tradición poética galega e seguen conscientemente, aínda que de xeito moi persoal e ecléctico, o ronsel vangardista. A isto habería que engadir a publicación do manifesto *Máis Alá!* (1922), a existencia de diversas revistas galegas que acollen producións de tendencia vangardista e a aparición de textos xornalísticos en que se postulan as novas orientacións ou se rebaten as críticas que contra elas profesarían os escritores «vellos». As polémicas de Vicente Risco con Amado Carballo, Rafael Dieste e Augusto Casas serían sintomáticas do desencontro xeracional, da vontade rupturista dos máis novos e, sen dúbida, tamén da loita polo capital simbólico, como xa sinalou Antón Figueroa (2010). Tería habido, pois, unha vangarda literaria galega, aínda que fose *sui generis*, e para moitos non homologable ás vangardas europeas contemporáneas.

Vicente Risco foi, mediante cartas persoais e artigos, o grande divulgador dos novos movementos artísticos a comezos dos anos vinte. El mesmo chegou a escribir e publicar poemas futuristas, como «U...ju juu...», aínda que se acabará convertendo na figura antagónica dos escritores máis novos. Outros divulgadores do vangardismo foron os artistas Álvaro Cebreiro, Cándido Fernández Mazas e Carlos Maside. Os tres viviron en París a mediados da década de 1920 e coñeceron de primeira man moitos dos ismos.

A difusión das vangardas en Galicia foi lenta, relativamente escasa e moi conflitiva. O propio carácter periférico e non normalizado da cultura e da literatura galegas influíu neste feito. As novidades chegaban aquí con certo atraso e, ademais, case sempre a través de literaturas intermediarias (polo xeral, a española e a portuguesa), que tamén se engancharan con atraso ao tren da modernidade. A vangarda galega resultaba así reflexo doutro reflexo. O contexto cultural, artístico e literario galego era certamente moi problemático para que puidese saír adiante unha opción de vangarda pura. A tradición, o repertorio e o *habitus* (Bourdieu 2004) contra os que en teoría había que reaccionar eran os do pasado recente: a literatura galega, coma quen di, acababa de resucitar a mediados do século XIX e autores emblemáticos como Eduardo Pondal aínda estaban vivos cando comezan a desenvolverse en Europa os primeiros ismos. Ademais, era precisamente nesa aínda feble tradición onde facían pé os membros das Irmandades e do grupo Nós para afirmar a propia existencia dunha cultura galega como tal, con posibilidades de universalización. Renunciar a esa tradición significaba facer arte e literatura no baleiro, sen raíces e dende o mimetismo.

Esta renovación poética dos anos vinte e comezos dos trinta tivo a súa canle de expresión favorita nas revistas literarias e noutras publicacións periódicas, como os xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Na década de 1920 salientaron *Alfar* e *Ronsel*. A primeira, fundada en 1923 por Julio J. Casal, poeta e cónsul uruguaio na Coruña, foi unha publicación bilingüe, cunha presenza non moi abundante da literatura galega, onde se deron cita representantes das máis variadas tendencias vangardistas do panorama literario de entón. A segunda, fundada en Lugo en 1924, foi de tendencia basicamente ultraísta e saíu só en seis ocasións, dirixida por Evaristo Correa Calderón e Álvaro Cebreiro.

Da década de 1930 é *Cristal*, de Pontevedra, que publicou dez números, con textos de tendencia hilozoísta e neotrobadoresca, basicamente. En Santiago saíu *Resol*, impulsada por Arturo Cuadrado. Máis que unha revista literaria ao uso, tentou ser un medio de divulgación e popularización da poesía. Por iso apareceron nela autores vivos e mortos, galegos e estranxeiros, vangardistas e clasicistas. En Lugo naceu tamén en 1932 *Yunque*, dirixida por Ánxel Fole, Luís Pimentel e Arturo Cuadrado. Estaba escrita maioritariamente en castelán e reflectía posicionamentos políticos de esquerdas. Finalmente, en Mondoñedo apareceu entre 1930 e 1933 a revista *Galiza*. De corte nacionalista xuvenil, non pasou do quinto número. Nela recóllense algúns poemas vangardistas do seu promotor Álvaro Cunqueiro e doutros autores novecentistas. Cunqueiro tamén impulsaría en 1933 na súa vila natal *Papel de color*, da que saíron cinco números con poesía neotrobadoresca e surrealista.

Nas letras galegas dos anos vinte e trinta só apareceu un manifesto, *Máis Alá!*, asinado polo poeta Manuel Antonio e polo debuxante Álvaro Cebreiro en xuño de 1922. Trátase dun breve folleto de oito páxinas que se estrutura, canto ao contido, en catro partes. As dúas primeiras dedícanse á crítica do pasado e do presente da cultura galega, hexemonizado polos «vellos», isto é, aqueles que «escreben hoxe como se vivisen no antonte d'os séculos» e mais polos autores galegos castelanizados («pollitos bien», «nenos foulard de rubí»), discípulos do Valle-Inclán modernista. A terceira parte céntrase na afirmación dos conceptos estéticos novos que se postulan: independencia a respecto de todo movemento ou etiqueta, procura da orixinalidade dende o máis radical individualismo, defensa da ruptura total coa tradición e aposta pola absoluta renovación temática e formal. Por último, a cuarta parte constitúe un chamamento ás novas xeracións intelectuais a romperem co pasado e procuraren, nunha peregrinaxe sen chegada, indo sempre máis alá, o seu propio camiño.

Alén dunha vertente estética que afecta ao campo literario como toma de posición na loita polo capital simbólico, contra o repertorio e o *habitus* e en defensa da autonomía literaria (contra a heteronomía do nacionalismo literario «dos vellos»

-Figuerola 2001-), o manifesto *Máis Alá!* presenta tamén unha liña ideolóxica que afecta o campo político. Por unha banda, constitúe un duro ataque ao sector galeguista que non secundou a fundación da ING (Irmandade Nacionalista Galega) de Risco e que acababa de desalojar da dirección d'*A Nosa Terra* a Antón Villar Ponte, amigo dos autores. Nese sector figuran persoeiros como Lugrís Freire, Carré Aldao e outros, cultivadores dun tipo de literatura caracterizada polo ruralismo e polo continuísmo con respecto ás grandes liñas marcadas no Rexurdimento. Por outra banda, *Máis Alá!* é tamén un berro de afirmación da literatura galega como sistema independente e un feroz ataque aos mozos galegos que escribían en castelán e imitaban a Valle-Inclán, renunciando a contribuír á renovación, medre e reivindicación dunha literatura galega propia.

Os protagonistas deste proceso de renovación artística e literaria son os autores chamados *novecentistas* ou *xeración do 25*. Esta xeración, coetánea da chamada *do 27* na literatura española, floreceu durante a época da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) e protagonizou unha asimilación consciente, tanto na literatura coma nas artes plásticas, de moitos dos elementos e formulacións das vangardas europeas.

Os novecentistas galegos son autores nados entre 1895 e 1911, que actúan nun comezo como fillos espirituais dos homes do grupo Nós e colaboran nas actividades promovidas por eles. No entanto, a partir de 1926 algúns novecentistas comezan a cuestionar abertamente as ideas políticas e estéticas da xeración precedente, até romperen con ela. Esa actitude polemizadora provocou unha clara escisión na propia xeración do 25. Os dous grupos resultantes estarían formados por:

- Aqueles que optaron por continuar a colaboración coa xeración precedente, tanto no plano cultural (Seminario de Estudos Galegos, boletín Nós) coma no plano político (Irmandades da Fala, Partido Galeguista). Algúns destes autores son Fermín e Luís Bouza Brei, Xosé Filgueira Valverde, Ricardo Carballo Calero, Lois Tobío, Luís Seoane etc.
- Aqueles que optaron por rebelarse contra a tutela espiritual, literaria e artística dos homes de Nós, polemizaron na prensa abertamente con eles e, nalgúns casos, emprenderon no período da Segunda República camiños políticos que os afastaron do galeguismo. Eses camiños leváronos a adherirse á esquerda estatal republicana e/ou marxista (Carlos Maside, Rafael Dieste), e noutros á dereita fascista (Álvaro Cunqueiro, Euxenio Montes ou Evaristo Correa Calderón).

Os escritores novecentistas son, na historia da nosa literatura, unha xeración «malograda». Varios deles morreron prematuramente, vítimas de diversas doenzas ou da barbarie fascista tras o levantamento militar de 1936. Outros truncaron por

abandono máis ou menos voluntario as súas carreiras literarias. Algúns mudaron de instalación lingüística xa antes da Guerra e outros abrazaron a causa do franquismo, arrombando o cultivo do galego. Finalmente, houbo os que proseguiron o seu labor literario, pero abandonando en parte a poesía por outros xéneros, fundamentalmente a novela, e debaténdose entre o uso do galego e o español.

3.2 Discusión entorno ás vangardas

3.2.1 Conflito xeracional

Arturo Casas (2000: 87) sinala:

O panorama que estamos a trazar só en parte ten aplicación a unha literatura emerxente e periférica como a galega, que pola febleza do seu sistema literario de acollida carecía de resortes que garantisen a flexibilidade e dinamismo das literaturas firmes do continente, entre elas a española ou a portuguesa, por non falar da francesa ou alemá, fortalecidas todas elas por traducións mutuas e outros intercambios intersistémicos, en definitiva tradicionalmente máis vigorosas que a nosa.

Segundo este autor, este é o pano de fondo cando se debate a aceptabilidade da proxección de nocións como *vanguardia* ou *modernidade* sobre a literatura galega anterior á Guerra Civil, nun século XX que arrincou con dous decenios ben tardos na apertura ao novo; dous decenios sinalados por algúns estudosos como ralentizadores das expectativas abertas no século XIX polo Rexurdimento, pero que na coñecida como Época Nós acadou as condicións propicias para unha aceleración histórica destinada a procurar unha actualización de metas, modelos e repertorios. E isto a pesar de que os tempos non eran mansos: en España, a campaña colonial en Marrocos, o golpe de estado de Primo de Rivera e a súa instalación no poder entre 1923 e 1930 ou o complexo proceso republicano; en Galicia: as arduas campañas antiforais, coa relevante concienciación redencionista do noso campesiñado e incluso coa actuación de núcleos revolucionarios, en ocasións de procedencia anarquista e sometidos a dura represión, ou a eclosión do movemento nacionalista e a fundación do Partido Galeguista; ao fondo, a Gran Guerra, os restos do período colonialista e a revolución soviética. E, axiña, o fascismo.

Cómpre ser conscientes do transcendental xiro que se produce na cultura galega a partir dos debates nacionalistas en asembleas como a de Lugo. A multiplicación de organizacións locais das Irmandades. Nas «Primeiras verbas» do número de presentación da revista *Nós*, aparecido o 30 de outubro de 1920, que cabe ler como

unha especie de manifesto cultural con tenues implicacións sociais, podemos ver algunhas das tensións presentes no momento recollidas na páxina 93 do artigo citado:

- 1) Recoñecemento dun rico polimorfismo na produción cultural, artística e literaria do país, consoante coa propia diversidade ideolóxica que estaba a agromar, pero que en último termo deberá sempre someterse ao «sentimento da Terra e da Raza».
- 2) Asunción dunha responsabilidade xeracional para modificar o curso da historia de Galicia dende un credo patriótico asentado neses referentes *Terra e Raza*, confluentes na noción de *Volksgeist* ou «espírito nacional-popular», claves que desenvolvería Risco na súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920).
- 3) Identificación reflexiva e automodelización cultural fronte á imposición ou a intermediación de modelos alleos, sen que iso supuxese un peche de fronteiras ao «pensamento dos pobos cultos».
- 4) Asimilación idealista e esencialista sobre a existencia dun «verdadeiro ser de Galicia», coa apelación subsidiaria ao enxebrismo en canto a salvagarda súa: «o Enxebrismo é a nós a orixinalidade específica, a nós a capacidade de creación, o nós autóctono dinamismo mental».

Na primeira etapa d'*A Nosa Terra* a clase de presupostos que representa, en especial, este punto 4) ten unha lexitimidade de seu. Podémolo comprobar nun recadro sen sinatura tomado do número 60, que ademais revela con claridade a función que se lle asignaba á literatura:

Farán máis pol-o trunfo do galeguismo unha novela notabre escrita en galego, un (sic) obra de teatro xenial feita no noso idioma e unha composición de música, capaces de impoñerse máis aló das nosas fronteiras, que varias estradas, varios camiños viciñás ou unha granxa agrícola.

Todol-os progresos materiais non farán nada pol-a persoalidade galega. O importante é que Galicia conquira seu espírito propio. Entón todos os galegos, espiritualmente ridimidos, traballarán arreo por unha Galicia grande. Soment e eisí o traballo colonizado trocarase en traballo patriótico.

O idealismo enxebre foi a forza creadora d'Alemania e de Cataluña. (*A Nosa Terra*, 10/7/1918, p. 2)

Ante este panorama parece difícil que unha corrente vangardista chegue a callar na cultura galega e moito menos a estética futurista, pero vaíamos por partes.

Xosé Luís Axeitos (1997) documenta a discusión que en Galicia puido existir sobre a asimilación e a aproximación aos postulados vangardistas. Comeza o autor o seu pormenorizado repaso observando a relevancia da plástica e das relacións mutuas entre pintores e escritores no movemento artístico-literario de renovación vivido en Galicia na etapa de entreguerras. Este proceso de renovación contrapuxo dúas sensibilidades estéticas e dous grupos de idade, que atoparon os seus propios medios de expresión n'*A Nosa Terra* e *Nós*, por unha banda, e nos xornais vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, por outra; queda parcialmente á marxe a actividade renovadora de medios non nacionalistas, como a de certos sectores de *Alfar* ou *Ronsel*. Axeitos expón a súa convicción sobre a relativa autonomía do vangardismo galego en relación co español e aínda co europeo.

Como iamós dicindo, cómpre sinalar a relevancia da plástica. Arturo Casas (2000) sinala que, en certo modo, as bases do movemento renovador da arte galega atópanse na exposición do álbum *Nós* e na conferencia «Arte e galeguismo» exposta por Castelao na Coruña o 25 de outubro de 1919. Isto é así, non polo moderno das estampas de Castelao dende o punto de vista artístico, senón porque a partir de 1920 empezou a dirimirse o sentido que posuía a expresión *arte galega*, e comezou a podarse da árbore do seu significado o carácter imprescindible do costumismo e o carácter naturalista de romarías arcádicas.

Segundo Casas (2000), como demostran os consellos epistolares que tanto Risco coma Castelao dirixen a Manuel Antonio e Rafael Dieste, aqueles eran moi reticentes á entrada das vangardas en Galicia. Estas, como xa mencionamos, estaban moito máis presentes en medios non comprometidos co nacionalismo cultural e político, como *Alfar* e *Ronsel*, e incluso en xornais galeguistas e federalistas (de forma singular en *El Pueblo Gallego*); e na práctica, escasamente atendidas en publicacións como *Nós* e *A Nosa Terra*. Uns meses antes do seu falecemento, lamentábase Dieste dunha etiqueta que lles puxeran a estes novos poetas con afán renovador, *alleepiros*, coa que a ortodoxia do nacionalismo literario e político da xeración de Castelao e Risco criticaba os seus puntos de vista artísticos e literarios:

En vez de ter unicamente aos devanceiros da primeira renacencia poética galega, tiñamos tamén curiosidade por Apollinaire, Mallarmé ou Rilke, entón entrabamos un pouco dentro dese calificativo de *alleepiro*.

É preciso tamén sinalar a crítica que elabora Castelao no seu *Diario 1921*, onde non agocha unha inqueda desconfianza cara á nova arte, marcadamente cara ao dadaísmo e, con ton menos aceso, cara ao cubismo e o futurismo. En realidade, o expresionismo foi naquelas páxinas a única orientación artística que non lle resultaba francamente allea.

Continuando coa comparación e as oposicións entre os «vellos» e os «novos», e seguindo a Arturo Casas (2000), foron os homes de Nós o primeiro colectivo de escritores que demostrou ter conciencia de grupo, de ser algo máis ca unha suma de individualidades creadoras. Como deixan claro Risco e Cuevillas, eles non se erguían contra xeracións anteriores senón contra si mesmos, contra o espírito decadente que neles dera. Polo tanto, non é a súa unha voz que clama contra a literatura anterior, algo que rarísimas veces acontece de xeito explícito na evolución de culturas con base nunha lingua minorizada, que por normal xeral tenden a unha adhesión acrítica. Pois ben, será Manoel Antonio, acompañado de Álvaro Cebreiro (temos aquí a combinación entre poeta e artista gráfico que antes mencionabamos), o primeiro escritor galego en esixir con vehemencia un golpe de temón xeracional cando lanza en 1922 o manifesto *Máis Alá!*, rebaixado por González Gómez (1995), na súa obra *Manifestos das vangardas europeas*, a mero «chamamento» dende o seu convencemento da inexistencia de vangardas e vangardistas en Galicia, algo que discutiremos despois. Certamente, o poeta rianxeiro non se sentía na mesma conexión xeracional de quen fora o seu guía literario (especificamente en asuntos relativos ás vangardas), Vicente Risco, e os seus compañeiros do grupo Nós.

Como afirma Casas (2000: 149): «Tanto en *Máis Alá!*, como no posterior *Prólogo de un libro de poemas que ningún escribiu*, é antes que calquera cousa unha declaración de individualismo e de independencia iconoclasta». Aí si choca Manuel Antonio contra os homes de Nós e esa conexión xeracional que os irmandaba. Por outra parte, non parece que Risco nin Castelao se sentisen aludidos tras coñecer o texto. Castelao mesmo se presta a espallar algúns exemplares do manifesto e chega a expresar o seu beneplácito cara á obra.

Moito menos, obviamente, se sentía Manuel Antonio na conexión xeracional dos «devanceiros» (Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Losada Diéguez), dos que se desvincula; nin na dos «vellos» (Carré Aldao, Lugo Freire, Vaamonte Lores...), aos que despreza, distinguíndoos nitidamente dos anteriores: «Os vellos son os que escriben hoxe como se vivisen no antonte dos séculos», lese na segunda epígrafe do manifesto *Máis Alá!*; e antes: «Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacábel contra os vellos».

Pero o conflito xeracional chegaba tamén a unidades xeracionais coetáneas a Manuel Antonio, sinalando tres que Casas (2000) recolle no artigo xa citado: á dos ruralistas («Aínda hai tantos poetas bucólicos en Galiza!»), a dos «pobriños mamaleites literarios» que igual que Valle-Inclán («mestre da Xuventude imbécil de Galicia») escribían en castelán sendo galegos e, tamén criticaba, aos «híbridos» que reservaban o galego para formas estultas do discurso.

3.2.2 Existencia ou non da vangarda galega

Arcadio López-Casanova (1990) sinala a existencia dun foco integrador común para o movemento vangardista que se manifesta na lírica europea entre o futurismo e o surrealismo. En relación coa literatura galega non o ten tan claro. López-Casanova prefire falar dunha «actividade vangardista» e non de «movemento das vangardas» propiamente dito. Casas (2000: 152) recolle as catro tendencias fundamentais da poética de ruptura indicadas por López-Casanova: a «impresionista», a «simbolizadora», a «esencialista» e a «vangardista pura» (ultraísmo e creacionismo).

O caso é que para López-Casanova non existiu un movemento de vangarda propiamente dito, nin tampouco escolas, no sentido que si se poderían sinalar noutros sistemas literarios centroeuropeos, ou mesmo no español (ultraísmo, creacionismo, surrealismo), no portugués (futurismo, sensacionalismo, surrealismo serodio, hibridismo de *Orpheu*) e incluso, xa en menor medida, en Cataluña (futurismo, ultraísmo, cubismo, surrealismo).

Pero postos a introducir a dúbida da existencia ou non do movemento de vangarda en Galicia, cómpre falar da opinión do estudoso Xesús González Gómez, xa mencionado no apartado anterior. González Gómez (1995: 200) nega a devandita existencia, xa que para falar de vangarda non abonda coa existencia dun movemento: habería que contar cun grupo organizado contra unha institucionalización dada, e «grupo, normalmente, significa xefatura, e agresión. Agresividade organizada. Alienación, xa que logo. Asociabilidade»; e todo iso dirixido a unha meta priorizada: a de «separar as vellas elites do poder intelectual para colocar as novas». González Gómez destaca catro trazos que entende inescusables para unha efectiva presenza da vangarda:

- 1) Proclividade á constitución de grupos solidarios, case clans con loitas de xefes e distribución de mulleres e/ou homes.
- 2) Actitude crítica radical, aparentemente inconciliable e destrutiva.
- 3) Produción de manifestos e xurdimento de propostas que caricaturizan, substituíndoas, as preceptivas.
- 4) Creación de revistas que canalizan a nerviosidade da loita, por riba da produción de libros

Como o obxectivo deste estudo non é debater sobre a existencia ou non das vangardas en Galicia, non lle imos dedicar máis tempo a este tema. Na nosa opinión, e se non este traballo non tería sentido, si existiu un movemento vangardista en Galicia, que pode ter diferentes matices; pero en ningún caso pode ser negada a súa

existencia, e menos con tal rotundidade. En calquera caso, o punto de vista de González Gómez serve para acrecentar a discusión que existiu, e existe, arredor das vangardas en Galicia, igual que o apartado anterior sobre o conflito xeracional.

3.3. O futurismo en Galicia

3.3.1 Vicente Risco e o futurismo

Como xa vimos, existían moitas diferenzas entre a xeración dos novos autores e as anteriores; pero se temos que falar dos introdutores dos movementos de vangarda en Galicia, non nos podemos esquecer dos homes de Nós, os primeiros en promover ese afán universalizador das letras galegas. Se temos que destacar a alguén que actuou de orientador dos novos poetas ese foi Risco. López-Casanova (1990: 26) sinala que «para os mozos daqueles anos, Vicente Risco foi sen dúbida, pola súa curiosidade espiritual e o seu senso divulgador, didáctico, o home guieiro por excelencia». E así foi, o 17 de febreiro de 1920, Risco escribe a Manuel Antonio dándolle a súa opinión sobre algúns dos poemas do rianxeiro:

Sigo con atención o labore seu. Ude. anda a buscar unha forma propia, y eso está ben. O que non lle podería perdoar sería que buscasse, torto ou dereito, simplemente a orixinalidade[...]. Sexa independente de escolas e de novidades, e siga o seu camiño con sinxeleza.

Góstame ben atopar as suas cousas cheas de novidade, aunque nonas aprobaría todas, non polo seu valor, senon pola sua tendencia, enténdame ben. (Manuel Antonio 1979: 68)

Non temos constancia de a que poemas se refire Risco, pero xa temos unha proba de que ao principal ideólogo do nacionalismo galego lle interesaba a poesía de Manuel Antonio e non amosaba un rexeitamento absoluto por ela. Seguindo esta liña, hai outra carta, pero esta vez de Manuel Antonio a Risco, que resulta interesante:

Sr. Risco:

Eu sei que é vostede persoa canecente d' os fundamentos teóricos das máis novas tendencias literarias. Teño intrín en poder xuzgar por min mesmo os derradeiros ismos. E sendo esto case imposíbel n'unha aldea, a trasmán de todo movemento cultural, coidei axeitado molestal-o, e perdoe, pra lle facer istas preguntas:

Onde poderéi adquirir o Manifiesto futurista catalán, pubrigado fai pouco, y-o seu libro Preludio a toda Estética futura? Cales obras, e de quen poderánme informar sintéticamente do que sexa futurismo, cubismo, dadaísmo, ultraísmo, unanimismo, imaxinismo, etc.? (Manuel Antonio 1979: 74)

Nesta carta do 24 de setembro de 1920 -estamos diante dun Manuel Antonio moi novo (de apenas vinte anos), con desexos de coñecer os movementos vangardistas-, pide axuda á persoa que mellor coñece os ismos, a persoa que os guía e a persoa que os anima a seguir adiante coas súas novas ideas. Outro dato importante da carta é o desexo do rianxeiro por coñecer o «Manifesto» de Salvat Papasseit, do que falaremos máis adiante. Risco responde a esta carta e, ademais dunha ampla bibliografía, dá a súa opinión sobre os ismos e o que debe facerse en Galicia en relación con estas novas correntes:

Eu non son partidario de ningunha d'estas escolas. Fago poemas d'estos [...]. Hoxe os galegos, escribindo no noso idioma principiamos a nos abrir camiño no mundo, sen necesidade d' andar buscandolle cinco pés a gato con ismo de ningunha clás. Mais como compre que esteamos enterados de todo, que non sexamos alieos ó mundo d'afora, por isa me teña dedicada a espallar isas cousas na nosa Terra (...) E conté que o que os extranxeiros han estimar mais en nos, ha ser o carauter nacional, o galegismo, o enxebrismo da nosa arte e da nosa literatura, pois iso é o que ha ter navedá pra eles, e o que eles se nos fuguemos cousas boas chegarán a imitar (...) Moi ben que queiramas faguer cousas novas -sempre dentro do nosa- pro cando as fagamos, non sexan con as fan en Londres, nin en París, nin en ningures, senon coma nonas haxan feito ainda en ningunha parte do mundo. (Manuel Antonio 1979: 76-77)

Como indica Mejía Ruíz (1993), estes postulados ideolóxicos e estéticos resumen o que Risco considera necesario para a cultura galega: non quedar illados e ser orixinais tendo presente sempre o nacionalismo galego, características que van estar recollidas no manifesto *Máis Alá!*

Pero Vicente Risco non foi só un guía para os máis novos. Os primeiros poemas galegos de Risco datan de finais de 1918 e neles manifesta a tendencia cara a unha expresión renovada. Vai introducindo lenes pinceladas de procedencia vangardista, algúns sangrados, imaxes innovadoras e algunha personificación máis atrevida, na liña do que logo se chamará hilozoísmo. En xullo de 1919 publica un curioso texto que podemos considerar un poema caligramático co título de «Triadas druídicas» formado por tres triángulos en vertical que levan nos lados unha serie de sentencias esotéricas que remiten ás irmandades druídicas das tradicións célticas en Gales e Bretaña. No plano formal semella influído polos caligramas de Apollinaire, poeta que Risco cita en diversas ocasións e que sen dúbida coñecía nesa altura.

Así e todo, cando Risco deixa ver de xeito máis claro a súa vea vangardista é en «U...ju juu...», subtítulo significativamente como «poema futurista», que se publicou n'*A Nosa Terra*, no nº 113 de febreiro de 1920:

Cumieira 2. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Terra
Duas áas diagonaladas d' azur baten no mar
Sóbor do Atlántico a diástole imensa da raza
Vapor en todol-os motores do mundo
Añudadol-os nosos nervos á todol-os fíos eléctricos
Terra
A Cruña fita as brétemas d' Irlanda
Vigo os raña-ceos de Nova York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión maxima da vida
VIGO
Terra.
Nudo de todol-os fíos
enfiando total-as vilas do mundo
Total-as sirenas a un tempo a sonar
Trés pintados de sol furando a terra
no cabo de todol-os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
Nas nosas espadañas
onde repican ó bautizo dos séculos novos
Antenas pra radiografial-os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañan
Brinco de total-as vontades
Estralar de todol-os miolos
Terra
N. S. E. W.
Terra
Chuvia d' estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos X
Profecía
Terra
O ceo rachou d' arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA
(V. Risco)

No poema, Risco aplica moitos dos recursos expresivos das diferentes vangardas, con especial emprego do léxico futurista, sen deixar de amosar na temática algunhas das súas preocupacións estéticas, incorporando referencias a Galicia e ás súas cidades, abertas ao mundo atlántico e céltico (*Irlanda*), sen faltaren as alusións étnicas (*Raza*), o que dota a composición dun mundo referencial típico da xeración Nós. Atopamos solucións innovadoras a todos os niveis, comezando polo fonolóxico e gráfico-espacial. Empréganse varios tipos de letras, suprímese a puntuación, incorpora siglas, emprega procedementos caligramáticos, tan comúns entre futuristas e creacionistas, como o das escaleiras, probablemente usado por primeira vez no noso idioma.

Máis o que o define como futurista é principalmente o emprego dunha terminoloxía maquinística, a presenza como protagonistas dos novos inventos que conmoven a sociedade de comezos do século (*vapor, motores, fíos eléctricos, rañaceos, radiografar, raios X, antenas...*), ao que hai que engadir as abreviaturas (*N.S.E.W.*) e palabras estranxeiras a xeito de *slogan* (*GALICIA FOR EVER*). Risco, coma os futuristas, introduce elementos do mundo urbano en expansión, reflectindo o maquinismo, o ritmo frenético das modernas metrópoles, e relacionando as cidades galegas (*Vigo, A Coruña*) con cidades moito máis vangardistas como *Nova York*. Se *Nova York* é unha alusión marcadamente futurista e moderna, *Irlanda* é a referencia céltica, un dos eixos ideolóxico-culturais dos homes de Nós, polo tanto, o fío de unión coa tradición.

Segundo sinala Eva Valcárcel (1991), Marinetti expresaba no seu *Manifiesto técnico de la literatura futurista* a necesidade de aplicar á literatura os mecanismos de regulación do progreso, o cal se representaba polo movemento das hélices dun avión. Coma a hélice, a sintaxe futurista debía ser vertixinosa e circular. Pois ben, o poema de Risco segue en grande medida a teoría de Marinetti. O texto manifesta a súa tendencia á forma móbil e circular, por non falar das características xa mencionadas.

Da man con este poema van outros dous, escritos en castelán e publicados na revista *Grecia*; son «El anticuario» e «Bambalinas», editados en decembro de 1919 e xuño de 1920 respectivamente. Ningún dos dous é un poema futurista coma o anterior, pero si detectamos algunhas características propias do movemento. No primeiro menciónanse algúns nomes estranxeiros (Kepler, Newton & C^o); pero prestarémoslle maior atención ao segundo, «Bambalinas», dedicado ao seu adestrador:

BAMBALINAS

A mi entrenador Eugenio Montes.

Los obreros de manos aladas
andan tapizando el cielo
de sendas enlutadas.
A todos nos ha caído un poco de noche entre las manos.
La luna fue distribuida por igual
entre los cabarets y las alcobas.
Y los surtidores son flautas encantadas
Los elefantes que portan al lomo las grandes ciudades
han ido con ellas a bañarse en el mar.
Todas las torres son inclinadas
Y se han convertido en telescopios o en cañones.
Por ellas todas las almas han huido hacia la noche.
Y en el champagne
las sirenas no saben nadar
Se ha visto a los astros bajarse uno a uno del tranvía
Gabán al brazo cansados del largo viaje
Y de la monotonía de danzar en rueda
En los palcos se cierran todos los abanicos como novelas concluídas
Mas en los espejos todavía queda
el último tango y el último fox-trop.
Y la Vía Láctea es el humo de la pipa de aquel noctámbulo
de los bulevares colgados del cielo.
Y así sucesivamente.
hasta que el Altísimo descuelgue todas las bambalinas.

(V. Risco)

A dedicatoria débese a que Eugenio Montes lle ofrecera a Risco un poema titulado «Atardecer en New York». Segundo Eva Valcárcel (1991: 402), no texto atopámonos cun dobre discurso; a estratexia para introducirmos nel está no significado do substantivo que lle dá título á composición. Por un lado, temos a continuación que as *bambalinas* representan e, por outro, o que se representa no escenario. No poema substitúese o elemento natural por un elemento obxectual creado artificialmente polo home. O fabril, o industrial, está presente xa no primeiro verso: «Los obreros» traen o escuro. Segundo Valcárcel, son os avións da Primeira Guerra Mundial os que traen a traxedia; tamén se mencionan os canóns. Na noite, a lúa é a luz natural, pero tamén aparece a luz artificial que ilumina os espectáculos do *cabaret* e as alcobas.

Aparece a figura do telescopio, obxecto que se utiliza para ver máis lonxe, idea de futuro e de avance. A contraposición entre o natural e o artificial continúa; as estrelas aburridas chegan a un lugar con moitas luces, a civilización. Unha pequena porción do universo, a nosa galaxia, a Vía Láctea, resulta insignificante fronte á inmensidade do universo; recorda a unha burbulla no cigarro dos noctámbulos. O pequeno do natural fronte ao creado polo home. O poema avanza dende a tarde ata o desenlace, a madrugada.

Neste poema Risco aplica a receita ultraísta. Cómpre recordar que o ultraísmo absorbe elementos das distintas correntes vangardistas, entre elas o futurismo. Atopamos aquí léxico moderno (*champagne, fox-trot, cabarets*) e emprego de metáforas e imaxes inspiradas nas greguerías de Ramón Gómez de la Serna -tan imitadas polos ultraístas españois-, que consisten na mestura de humor e metáfora («Se ha visto a los astros bajarse uno a uno del tranvía»; «Y los surtidores son flautas encantandas»).

Como apunta López Bernárdez (1994) n'*A emoción da terra*, Risco ademais de coñecer as teorías de Marinetti, demostra coñecer os novos movementos literarios presentes en España; pero, sen dúbida, amosa grande interese e pola vangarda catalá. Mantén relación epistolar con Tomás Garcés e comenta os libros *Poemes & Caligramas* de J. M. Junoy e *Poemes en hondas hertzianas* de Salvat-Papasseit. A súa crítica á vangarda catalá é moi positiva e ao falar de Salvat-Papasseit afirma Risco, de xeito ben próximo ao futurismo:

Eu teño que dicir eiquí que nos mais dos colaboradores de Grecia non atopo senón xustaposicións d'imaxes, quero que sexan sempre ben contruídas; fáltalles a vibración que hay dentro d'íste poemas de Salvat-Papasseit. Asoméllanse a instalacións eléctricas sen fluído, y-eiquí, nas cousas de Salvat-Papasseit hay fluído. Non é outra cousa (a través de López Bernárdez 1994: 21)

Continúa López Bernárdez indicando que Risco se aproxima outra volta á vangarda catalá para comentar o manifesto futurista de Salvat-Papasseit *Contra els poetes amb minúscula*. No seu artigo aparecido n'*A Nosa Terra* (25/9/1920, nº 28), Risco salienta dúas ideas centrais: a condenación da cultura hipano-americana, que o ourensán traslada á situación galega, e o concepto de *Poeta* como modelo de independencia.

Tamén nos fala Risco (*A Nosa Terra*, 5/8/1919, nº 96) de dous poemas ultraístas de Euxenio Montes: «Noite» e «Neve». Logo de gabar a figura de Montes e Correa Calderón, sitúao no ultraísmo e explica os poemas dende a óptica creacionista, movemento que está na orixe do ultraísmo e que despois influiría en Manuel Antonio. Pois ben, neste artigo, Risco, ademais de demostrar coñecer as teorías de

Huidobro, fai mención do futurismo, ao comparar as imaxes creadas por Montes coas obras de arte clásicas:

Pró que non ten costume, costa traballo convencerse, mais logo, vese qu'a imaxe creada é real, y-ademais, e unha imaxe eterna, é unha imaxe que queda com'o Hércules de Lisipo, com'a Victoria de Samotracia. E iso o que se propon o novo arte literario. (a través de López Bernárdez 1994: 21)

Esta comparación, sen dúbida, parte da sentenza do pai do futurismo Filippo Tommaso Marinetti que afirmaba, de xeito provocador, que «un automóbil de carreiras é máis belo que a Vitoria de Samotracia»; afirmación suavizada por Risco, quen sitúa a poesía moderna nun plano de igualdade coas obras clásicas, fronte á superioridade de calquera manifestación da modernidade que defende o italiano.

3.3.2 Ecos futuristas noutros autores

Como puidemos observar, os autores galegos coñecían as teorías de Marinetti e outros movementos vangardistas máis próximos como o catalán. Na correspondencia de Manuel Antonio atopamos algunhas referencias ao futurismo italiano. Temos un exemplo nunha carta de 1924 dirixida a Ramón Villar Ponte, onde discuten sobre o novo rumbo da literatura e podemos ler:

Tanto como o labor profundo e calado, repousado e matinante, compre a estridencia que dea a saber que non estamos mortos a isas xentes que catan os libros pol-o forro e todal-as cousas d'o mesmo xeito. Ademais compre a guerra pra nos enfortecer n-ela, que é a «única hixiene d'o mundo», en parolas de Marinetti, «o que non nos mata fai-nos mais fortes», dixo Nietzsche. (Manuel Antonio 2015: 200)

Como podemos ver, Manuel Antonio apoia a guerra figuradamente, é dicir, como sinónimo de loita mediante a cal facerse máis fortes, e emprega esa famosa e radical cita do autor italiano.

Ademais de coñecer os principios estéticos do futurismo, Manuel Antonio parece coñecer tamén os movementos políticos que se están a dar en Europa, concretamente en Italia, e neste caso asociado ao futurismo como xa comentamos. Nunha carta dirixida a Augusto Lustres Rivas, que data do 27 de xaneiro de 1929 podemos ler:

Ao contrario; hai veces que xa podía haber menos, como os días pasados que houbo que clasificar n-a bodega catro mil (nada menos) sacas de correspondenza [...]. O peor non era eso, sinón que algunhas, as españolas e italianas, precisamente; como si levasen dentro as burradas de Primo e Mussolini, pesaban un pouquiño mais d'o que conviña. Pero xa pasou. (Manuel Antonio, 2015: 271)

Como se pode observar, o rianxeiro ironiza sobre o peso dalgunha das cartas que recibiu, deixándonos ver que nelas se recollían ideas relacionadas cos ditadores Primo de Rivera e Mussolini, ideas que Manuel Antonio non parece compartir, xa que as cualifica como «burradas».

Deixando a un lado a Risco e Manuel Antonio, o futurismo tamén estivo presente noutros autores, que igual que os dous anteriores, eran coñecedores das novas tendencias que estaban florecendo en Galicia. Podemos avanzar que ningún dos autores que aquí se van mencionar son autores futuristas, xa que, como vimos, non houbo unha escola futurista en Galicia, nin foi este o movemento de vangarda máis cultivado; pero podemos atopar características afíns a este ismo nalgún dos seus poemas. Os autores foron seleccionados por participar no movemento vangardista galego e por presentar unha estética moderna dentro das súas obras. Ademais, cada un deles pertence a un movemento de vangarda diferente.

■ LUÍS AMADO CARBALLO (1901-1927)

A pesar de ser tamén autor en prosa, Amado Carballo é coñecido fundamentalmente pola súa creación poética de vangarda e como fundador do hilozoísmo. Malia finar novo, tivo moita aceptación lírica no seu tempo. A súa poesía, influída polas vangardas europeas e americanas, ofrece unha mestura das imaxes vangardistas coas formas tradicionais galegas (octosílabo). O elemento cromático está moi presente en toda a súa obra en verso, da cal a grande protagonista é a paisaxe, especialmente da ría de Pontevedra, unha paisaxe que o autor quere presentar humanizada mediante o uso de prosopopeas. A poesía de Amado Carballo está enormemente conectada cos sentidos, tecendo os poemas con metáforas.

É complicado atopar futurismo neste autor; de feito, tras ler os seus poemarios só atopamos un poema, ou máis ben unha estrofa, na que se poida falar de futurismo. Trátase dun poema titulado «Mariñeiro» presente no libro *O galo*, publicado, postumamente, en 1928:

Era un peixe e ficou presa
a túa ollada sangal
no aparello do horizonte
sen poder ir máis alá.

Pegureiro
das mansas foulas
que borracho de lúas estás,
nos teus ollos debalan os lonxes
como as foulas no orfo areal

No Stadium do mar aberto
sentindo a marea ampear
ganache o Derby do vento,
Jockey en foulas pur sang.
Mariñeiro,
poeta das ágoas,
o teu remo bravo e lanzal
escribiu unha estrofa na ría
para un canto de libertá.

Teu corazón ao garete
algún día ancorarás
nos portos sentimentales
que treman no teu ollar.
Mariñeiro
de ollos viaxeiros
irmandado co temporal
o proel espido da canción túa
no argazo balbo foi aniñar.

Nunha noite de galerna
os ventos atoparán
como unha cruz, teu cadáver
nas mans viúdas do mar.

(Amado Carballo 1995: 80)

Como podemos observar, na terceira estrofa o autor introduce termos innovadores, escritos noutros idiomas (*Stadium, Derby, Jockey, pur sang*). Resulta curioso, xa que nin no resto do poema, nin no resto do poemario, hai unha referencia similar.

■ EUXENIO MONTES (1900-1982)

Tivo unha presenza permanente no movemento de renovación do sistema literario galego da década dos vinte, así como a súa boa comunicación con medios vangardistas e intelectuais radicados en Madrid e noutras capitais españolas. As súas obras inclúense dentro do ultraísmo. A súa aproximación á ideoloxía falanxista, a súa activa participación no réxime de Franco e o consecuente abandono da escrita en galego complicaron a lectura obxectiva da súa obra por parte de estudosos da nosa literatura.

Publicou en 1930 *Versos a tres cás o neto*, libro co que daba continuidade á súa primeira publicación en galego, uns contos que apareceran na colección Céltiga. Nel podemos atopar o seguinte poema titulado «Ourense»:

MIÑO
Gastou a coor o río,
Fouce a segar a lúa
e a paisaxe.
Ourense é afiador.

a
d d
o
R e
P a
e r
d

O Miño afía o azul
e sigue o viaxe.

(E. Montes 1984: 139)

Como se pode ver, non é un poema que se poida catalogar como futurista, a non ser que consideremos a figura do afiador como tal. Porén, o caligrama que ocupa a parte central da composición si é un recurso moi empregado polos futuristas: a combinación do pictórico e o literario.

Tamén podemos atopar, neste mesmo libro, o poema «Good-bye, Galicia»:

-Verbas ó C.F.M-

Na Galicia aínda hai lúa porque aínda non hai negros,
eu xa os vín en New-Orleans violándoa en camisa
no intre que na fogueira do jazz os antropófagos
a carne do silencio cocían coa súa risa.

Na Galicia aínda os merlos baixan beber ós ollos
porque os Klaxon non deixan en Knock-out as esquiñas,
mais xa en París as casas de seguros de viaxe
non pagan prima de paisaxe ás anduriñas.

A ría ó sol é rosa. Nela liban as gaitas
o mel das súas cantigas e a sede do roncón,
mais Deus ten contratado, pra o xuicio derradeiro,
unha banda de arcanxos con baixo e saxofón.

Galicia é inxénua, aínda, como un real de sardiñas
porque as olas en Moaña non ouviron de Freud,
mais tíf i-eu xa fumamos Lucki Strike do Sena
e hai que darlle a Esculapio un chapeu de cowboy.

(E. Montes 1984: 154)

O autor está relacionando grande cidades como New Orleans ou París con Galicia, algo similar ao que facía Risco no seu «U...ju juu...». Atopamos tamén palabras estranxeiras e marcas, algunhas moi relacionadas co consumo e a vida nas cidades (*Lucki Strike*, *Klaxon*) e referencias á música jazz (*jazz*, *saxofón*).

■ ÁLVARO CUNQUEIRO (1911-1981)

Antes da Guerra Civil foi fundamentalmente poeta, significándose pola súa receptividade cara ás correntes de vangarda en libros como *Mar ao norde*, *Poemas do si e non*, que se pode incluír no surrealismo, e *Cantiga nova que se chama riveira*. En 1931 afíliase ao Partido Galeguista, pero dende novembro de 1936, e por uns meses, dirixe en Ortigueira o voceiro *Era Azul* de Falange Española de las JONS. Axiña sería promovido pola xefatura orgánica falanxista a postos de maior relevo na prensa incautada en Galicia (*El Pueblo Gallego*) e, posteriormente, en medios vascos e madrileños. O poema que aquí mencionamos atópase na súa obra *Poemas do si e non* de 1933 e titúlase «Limiar»:

Eu nascín,
entre as zocas e os lóstregos
na metade da noite,
corenta e sete días despois do primeiro aeroplano.
Aínda colgaban do aramio da anteguerra todas as
intactas maravillas inauditas.

Eu traguía os dous meus ollos no seu sitio
e o meu corpo esquerdo con áxil xogo indecisos nos cóbados.

Cando eu nascín tan soio a doce cousa lle faltaba
no nome preciso
i eu cheguei cun oco nas fronte e na man
pra atopar a indefinición das súas craridades navegantes.

Todo o meu nacemento foi unha hora nova
na que houbo que pechar os dormitorios e abrir
as chimeneas
pra acenar polas perfebas de fume
os panos enloitados da cociña.
Decatádevos?

(A. Cunqueiro 1933: 112)

Na primeira estrofa atopamos o *lóstrego*, a electricidade que tanto fascinaba a Marinetti. O eu poético sitúa o seu nacemento «corenta e sete días despois do primeiro aeroplano»; tómasse como referencia a creación da máquina para situar o nacemento do home.

4. Conclusións

A introdución das vangardas en Galicia non foi unha tarefa sinxela. Como vimos, os novos autores atopáronse con distintas trabas, entre elas a oposición e discusión coas xeracións anteriores e a falta dun público que entendese o que estaban escribindo. Non obstante, foron os homes de Nós os que informaron a estes novos autores dos movementos vangardistas europeos, en especial Vicente Risco. Chama a atención como un home tan conservador e relixioso é o introdutor do futurismo en Galicia, cando era este un ismo totalmente laico.

Non foi o futurismo un movemento que tivese relevancia en Galicia; de feito, a súa presenza no sistema literario galego foi máis ben escasa. Se algún estudo se chegaba a cuestionar a existencia de vangarda en Galicia, canto máis a existencia dunha escola futurista ou de calquera outro ismo. Pero como puidemos observar, si existía coñecemento das teorías de Marinetti e do futurismo doutras literaturas, como a catalá.

En Galicia, ao contrario que en España, non interesa do futurismo máis que o estritamente literario. Recordemos que en España chega a ser de grande interese a concepción política do futurismo, asociado, como xa vimos, ao fascismo italiano de Mussolini. En Galicia, máis ben, todo o contrario. Todo o movemento de vangarda vai asociado ao nacionalismo, dende o grupo Nós ata Manuel Antonio. Se tivésenos que asociar o futurismo galego a algún movemento político estaría moi lonxe do de Marinetti, achegándose máis ben á rama do futurismo ruso, na liña de Mayakovsky, en definitiva, un futurismo de esquerdas. Ben é certo que moitos dos autores de vangarda rematan cambiando de bando ao chegar a Guerra Civil (Álvaro Cunqueiro,

Euxenio Montes, Evaristo Correa Calderón, Vicente Risco), pero este cambio ideolóxico nada ten que ver coa literatura, nin moito menos con Marinetti.

É complicado encontrar poemas futuristas en galego; de feito, o único que podemos considerar prototipicamente futurista é o «U...ju juu...» de Vicente Risco. No resto podemos atopar léxico, ou algún aspecto gráfico que concorde co movemento, pero nada máis. En definitiva, podemos negar a existencia dun movemento futurista en Galicia, pero os nosos autores tiñan coñecemento do futurismo e as súas teorías. Quizais non era este o lugar axeitado para cantarlles á maquina e ao progreso, por iso se opta por ismos como o creacionismo ou o hилоzoísmo, que no fondo non son tan rupturistas coa tradición anterior. En todo caso, o campo literario, en íntima relación co político, espellou, a propósito das vangardas e do futurismo, a loita polo capital simbólico entre dúas xeracións antagónicas nas súas respectivas concepcións estéticas.

Referencias bibliográficas

- Amado Carballo, Luís (1995): *Obra completa*. Vigo: Galaxia.
- Axeitos Agrelo, Xosé Luís (1997): «A recepción das vangardas en Galicia», *Boletín Galego de Literatura* 17, 7-55.
- Bourdieu, P. (2004): *O campo literario*. Ames: Laiovento. [Tradución de Carlos Pérez Varela]
- Casas, Arturo (2000): «A poesía galega entre 1916 e 1936», en D. Villanueva (dir.) /A. Tarrío (coord.), *Historia da literatura galega*, vol. III. A Coruña: Hércules de Edicións.
- Cunqueiro, Álvaro (2003): *Poesía en gallego completa*. Madrid: Visor. [Tradución de Vicente Araguas e César Antonio Molina]
- Domínguez Méndez, Rubén (2013): «El movimiento futurista y su propuesta para la realidad moderna», *La Razón Histórica. Revista Hispanoamericana de Historia de las Ideas* 21, 104-113. Dispoñible en: <<https://www.revistalarazonhistorica.com/21-10-1/>>.
- Figueroa, Antón (1996): *Lecturas alleas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- Figueroa, Antón (2004): «Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias», *Anuario de Estudios Galegos* 2002, 55-67.
- Figueroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Ames: Laiovento.

- Gómez-Blanco, A (1910): «El futurismo (una nueva escuela literaria)», *Nuestro Tiempo* 135, marzo 1910, 335-349.
- González Gómez, Xesús (1995): *Manifestos das vangardas europeas*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Lentzen, Manfred (1986): «Marinetti y el futurismo en España», en *Centro Virtual Cervantes*, 309-318. Disponible en: http://cvc.cervantes.es/literatura/aih/pdf/09/aih_09_2_034.pdf. [Último acceso: 26/06/2015]
- López Bernárdez, Carlos (1994): *A emoción da Terra. Poesía de Vicente Risco*. A Coruña: Espiral Maior.
- López-Casanova, Arcadio (1990): *Luis Pimentel e sombra do aire na herba*. Vigo: Galaxia.
- Manuel Antonio (1979): *Correspondencia III*. Vigo: Galaxia.
- Manuel Antonio (2015): *Obra completa: epistolario*. A Coruña: RAG / Fundación Barrié de la Maza. [Editada por X. L. Axeitos]
- Mejía Ruíz, Carmen (1993): «Manuel Antonio y la vanguardia literaria gallega», *Revista de Lenguas y Literatura Catalana, Gallega y Vasca* 3, 151-158. Disponible en liña: http://espacio.uned.es/fez/eserv.php?pid=bibliuned:19903&dsID=Manuel_Antonio_y_la_Vanguardia_Literaria_Gallega.pdf. [Último acceso: 26/6/2015]
- Montes, Euxenio (1984): *Obra en galego I*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Valcárcel, Eva (1991): «Vicente Risco y la estética futura. Risco y sus relaciones con la vanguardia. Dos ejemplos de un homenaje a la estética futura», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 104, 393-404.

O CUIDAR NA CANTIGA DE AMOR: UNHA OBSESIÓN

The cuidar in cantigas d'amor: an obsession

Estefanía González Álvarez

Universidade de Vigo
ega_13793@hotmail.com

Resumo: A concepción do amor na cantiga de amor da escola galego-portuguesa correspóndese cos preceptos do amor cortés creado nas cortes provenzais no século XII, aínda que coas modificacións propias do cambio de contexto sociocultural, lingüístico e literario. Ese amor, convertido nun pensamento recorrente na mente do poeta, pode chegar a converterse nunha obsesión. Neste artigo analízase o contido e as implicacións deste motivo -presente tanto na cantiga de amor coma na *cansó* provenzal e na novela artúrica- nun número significativo de cantigas que o tratan. Percórrese a produción literaria europea da Idade Media, tocando para iso a escola trobadoresca galego-portuguesa, a provenzal e as novelas artúricas, que teñen como máximo expoñente a Chrétien de Troyes e a súa extensa e brillante obra. Para iso, analízase tanto un repertorio bibliográfico coma un corpus textual representativo das tres materias mencionadas e represéntanse como unha contextualización ou introdución teórica e como comentarios de exemplos concretos, respectivamente.

Palabras chave: Amor platónico, *cuidar*, amor cortés, cantiga de amor.

Abstract: The conception of love in the *cantigas d'amor* (love poems from the Galician-Portuguese troubadour school) correlates to the courtly love precepts originated in the XII century Provençal courts, albeit with the relevant socio-cultural, linguistic and literary modifications. Such love, turned into a recurring thought inside the poet's mind, may become an obsession. In this article, content and implications will be analysed in a representative number of songs covering that subject, present not only in the *cantigas d'amor* but also in the Provençal *canso* and the Arthurian cycle. European literary production in the Middle Ages will be looked through, examining the Galician-Portuguese, the Occitan and the Portuguese troubadour schools along with the Arthurian novels, whose greatest exponent is Chrétien de Troyes and all his vast and outstanding work. For that purpose, we will study a bibliographic repertory as well as a textual corpus representing the three matters mentioned above. They will be presented respectively as a contextualization, or theoretical introduction, and as commentaries of specific examples.

Keywords: Platonic love, *cuidar*, courtly love, *cantiga d'amor*.

*El amor es una pasión natural que nace de la visión de la belleza del otro sexo
y del pensamiento obsesivo de esta belleza.*

Andreas Capellanus

1. Introducción¹

Este traballo versa sobre o tratamento do amor na cantiga homónima da escola do occidente peninsular, a galego-portuguesa. O amor que os poetas senten polas súas damas é a primeira vista non corpóreo, fortemente idealizado, baseado máis nunha representación da muller creada no imaxinario colectivo do que nunha muller real e tanxible. En casos extremos, o amor por esa muller ideal pode chegar a converterse nunha obsesión. As características deste analizaranse en apartados posteriores, pero antes é preciso facer unha pequena parada para expoñer brevemente as condicións e as circunstancias reais que sufrían e polas que tiñan que pasar as mulleres da época.

O *amor cortés*, en que se basea toda a poesía trobadoresca, constrúese sobre os cimentos da vasalaxe, isto é, a dama amada é o *senhor* e o poeta, o *vasalo*, que lle debe obediencia total e absoluta; pero a realidade era moi diferente. Para ilustrar isto, nada mellor que a seguinte cita de George Duby (2000: 304): «El historiador que se pregunta por la situación real de la mujer en esta época no debe olvidar que el *fine amor*, tal y como se muestra a sus ojos, es una creación literaria». Toda a literatura trobadoresca é unha literatura de evasión, de ficción, polo que «estos poemas no muestran a la mujer. Muestran la imagen que los hombres se hacían de ella» (Duby 2000: 30).

En primeiro lugar, non todas as mulleres tiñan dereito a ser tratadas segundo os preceptos do amor cortés; só as damas e doncelas nobres podían gozar dese privilexio. Todas as demais, as que non pertencían á nobreza, non merecían tal trato e podían ata ser utilizadas e vilipendiadas como os señores, os nobres, os amos das terras... quixesen -iso inclúe tamén o (ab)uso sexual-. Un caso máis extremo é o das prostitutas, as que, nalgunhas das moitas clasificacións dos tipos de mulleres que diversos teóricos estableceron na Idade Media (véxase Casagrande 2000: 96-105),

¹ Este artigo, agora adaptado en varios aspectos, foi orixinalmente o meu Traballo de Fin de Grao, que defendín na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo en xullo de 2015. Quería agradecer a colaboración do meu titor, o profesor Bieito Arias, pola presenza e apoio dende o primeiro xermolo deste traballo, así como a de Aurora Grandal, tradutora, garantía da corrección das verbas inglesas aquí presentes.

na maioría dos casos nin sequera se lles recoñece a categoría «muller». Son todas elas seres que non merecen ser chamados como unha muller nobre, casta, modesta e recatada.

Centrando a atención só nas mulleres nobres, o único que se agardaba delas era que fosen, nalgún momento, nais e esposas. O matrimonio e a procreación era o seu único destino. Debido a que eran reservadas para os primoxénitos das familias, moitos homes, fillos menores, quedaban solteiros -era o primoxénito o que herdaba o título e as posesións-, polo que a sociedade estaba cargada cunha gran cantidade de homes cun futuro incerto e sexualmente descontrolados. A forma de establecer a orde e controlar ese furor sexual era establecer unha figura feminina que moderase eses comportamentos. O amor cortés, aínda que un exercicio literario, axudou a que na mente deses homes sen esposa se instalase a convicción de que o correcto era cortexar a unha dama e non asaltala pola forza.

2. Contextualización filosófica e ideolóxica

O punto en que comeza este camiño é a descrición do *amor platónico*. Este defínese como «una pasión que penetra por los ojos e inflama el corazón, como una flecha misteriosa» (García Gual 2014: 121), representado na mitoloxía grega por Eros, un «niño alado, caprichoso y juguetón» (Gallardo López 1995: 145), acompañante e servidor de Afrodita, fillo desta e de Ares, Zeus ou Hermes dependendo da tradición, que non mostra «el menor respeto ante las más excelsas divinidades» (Gallardo López 1995: 145), incluída a súa propia nai, que o teme; isto é, trátase dun semideus ou unha divindade menor que, non obstante, ten o suficiente poder como para «producir heridas muy difíciles de curar» (Falcón Martínez *et al* 1981: 225). Este é o amor humano, terreal e abstracto de que falan os poetas e que se coñece como *platónico*, que «impulsa a buscar la otra mitad, la complementaria, del ser humano primigenio que Zeus escindió, explicando que cada uno es solo medio ser añorante de su otro medio», unha «ansia amorosa que la distancia tensa y la nostalgia potencia» (García Gual 2014: 121) e «la sublimación de la pasión natural al servicio de la espiritual» (García Gual 2014: 126).

Estas ideas platónicas do amor foron recollidas por diferentes filósofos e teóricos ó longo da historia. Ó xa mencionado Platón súmaselle Ovidio, co seu *Ars amandi*, obra en que dá unha serie de consellos para seducir unha dama. Neste traballo a atención centrase na figura dun teórico do amor ideal, coetáneo dos trovadores. Considera que o amor pertence máis ó ámbito do intelecto e do espírito

que ó do corpo. Trátase de *Da arte de amar como é debido*. Nesta obra codificou as características máis importantes do amor cortés, polo que se converteu nun manual de comportamento cortesán.

«El amor [...] es una pasión natural que nace de la visión de la belleza del otro sexo y del pensamiento obsesivo de esta belleza». Esta cita do propio Capellanus (tomada de Verdon 2008: 87) é a base sobre a que se asenta o motivo do que se está a tratar. O amor, unha paixón que pertence ó ámbito do natural entre as persoas, sempre un home e unha muller -rexéitanse así as relacións homosexuais-, nace sempre cunha primeira visión; isto é, o amor comeza dende o mesmo momento en que, neste caso, o poeta ve a dama e é consciente da súa beleza. Esa visión e esa beleza repítense unha e outra vez dentro da mente do amante para converterse, logo de tanto *cuidar*, nunha obsesión.

3. O amor na escola galego-portuguesa: a cantiga de amor

3.1. Amor cortés: tradición e concepto

A concepción do amor que se pode apreciar neste xénero literario medieval, como xa se indicou, correspóndese coa que estaba presente na *cansó* occitana, o amor cortés. Na tradición do occidente peninsular o poeta declaraba o seu amor por unha dama da que non se coñece nome, liñaxe ou aspecto. Era unha muller etérea, extremadamente idealizada e abstracta, que correspondía ó prototipo de muller nobre existente na época.

Ese amor que o poeta cantaba respondía unicamente a un xogo, xa que os sentimentos se converteran en tópicos e se fixaran nuns esquemas que respondían a unha serie de convencións sobre cal debería ser a natureza do amor dos trobadores. As fórmulas, de ascendencia provenzal e lexicalizadas xa nesa época, estaban despersonalizadas e estereotipadas. Por isto, era tamén unha composición moi aristocrática, tanto polo ton coma pola forma. A incorporeidade da dama achegaba ademais unha ausencia de dimensións espaciais e temporais, co que a cantiga se transformaba nun exercicio literario en que o poeta demostraba as súas artes e o seu dominio da retórica. O tratamento literario idealizado da figura da muller amada contrasta coa súa situación real.

Aínda que a *cantiga de amor* é un xénero que ten como centro a muller, entendida como un ente etéreo e ideal, as aparicións desta son escasas. O poeta

centra a súa atención en describir o amor que sente, a coita que lle oprime o corazón, a morte que lle é negada, maldí a Deus e a Amor, maldí tamén os seus ollos e o seu corazón por confabularse contra el, pero non culpa a dama.

A súa amada, que nos textos se identifica como a súa *senhor*, é unicamente culpable de non darlle o ben que el desexa obter dela, mais ela non é a que provoca o amor que tanto mal lle produce ó trovador. Os culpables son, na maioría dos casos, Deus, Amor ou os seus axentes, os ollos e o corazón, ós que fai responsables do seu namoramento e da súa dor.

No que ó contido se refire, hai catro campos sémicos básicos, segundo o filólogo italiano Guiseppe Tavani (1986). Os dous primeiros, considerados primarios, son a *reserva da dama* e a *coita* por un amor non correspondido. Aínda que o ideal era que a composición estivese marcada pola mesura, un equilibrio entre o sentimento e a razón, ambos os dous campos estaban dominados pola desmesura. Non se trata da ruptura das normas do amor cortés, senón da incapacidade ou negativa, por motivos varios, da *senhor* para facerlle ben ó amante, privándoo do galardón que todo bo *senhor* lle debe conceder ós seus vasalos. Isto provoca un desaxuste na relación de vasalaxe, que sempre acaba por repercutir negativamente no poeta.

Era frecuente que o *segredo amoroso* fose tal que nin a dama sabía do amor do poeta cara a ela. Cando coñecía os sentimentos do trovador era cando se poñían en marcha os mecanismos que marcaban a reserva da dama dentro das composicións. Esta reserva adoitaba relacionarse cunha *prohibición*, é dicir, a dama reaccionaba negativamente á declaración de amor e non era raro que esta prohibise ó amante calquera contacto con ela, ata o punto de non permitir que a vise ou que estiveran no mesmo lugar físico. Esta reacción, e sobre todo o temor a esta reacción, era o que motivaba que o segredo do amor se mantivese non tanto ante a sociedade como ante a propia dama, que permanecía allea ós sentimentos do poeta como o simple obxecto dos seus desexos, que nunca se chegarían a concretar na realidade. Este feito leva ó namorado a unha serie de elucubracións que acaban por dirixir o seu desexo cara a unha imaxe mental da amada, coa que se se obsesiona e que é a causa do seu sufrimento.

A *coita de amor*, por outra banda, é un dos tópicos máis frecuentes, e tamén o campo que conta con máis unidade e cohesión interna, por ser precisamente o máis tratado polos poetas. Era algo inherente ó amor e comezaba no preciso momento en que este se producía, coa primeira visión da *senhor*. É paradoxal o feito de que, malia ser esa visión a que lle provoca a dor, o propio poeta agradécelle a Deus, e tamén á dona, que lle fose concedido ese don, aínda que del só proveña dor, sufrimento e ata a morte. Da mesma forma, por ser unha consecuencia que vén aparellada ó propio

amor, é inútil calquera intento por librarse dela, non importa que sexa apelar ó seu dereito como vasalo, laiarse ou acusar a Deus ou a Amor. O único que o poeta pode facer é sufrir, chorando e laiándose, perder o sentido, o sono, a fame, ata a vista e morrer, xa que é o único que o liberará desa dor.

Son precisamente os que o prestixioso medievalista italiano considera secundarios os que máis interesan no presente texto. Un deles é a *loanza da dama*, que se caracteriza por ser unha definición positiva, pero moi imprecisa, que se limita a considerar que a *senhor* é *fremosa* ou de *bon parecer*; isto é, non se amplía cunha descrición corpórea, a imaxe da dama mantense etérea e estereotipada. Son excepcionais os casos en que se mencionan detalles máis concretos do corpo ou das roupas da dama, como poden ser os ollos, a cor da pel ou o seu nome.

O segundo dos campos sémicos da cantiga de amor clasificados como secundarios é o que máis interesa para este traballo, xa que se trata do *amor do poeta*. Neste xénero literario, caracterízase por ser un amor que comezou a existir dende o mesmo momento en que a amada se revelou ante os ollos do poeta. É, polo tanto, un amor a primeira vista, tal e como din os ditados de Ovidio. A partir dese momento, o poeta, nun reflexo da relación feudal, convértese no máis fiel vasalo e servidor da súa amada, a *senhor*, e ela pasa a ser a súa dona. Está obrigado a servila, como debe facer un vasalo co seu amo, mentres que ela, como toda boa *senhor*, ha de coidalalo e protexelo; a realidade é que non o fai. A representación textual dese sentimento condénsase en enunciados moi concretos e sintéticos, aínda que máis alusivos que os que se utilizaban para loar a beleza ou o *bon sen* da *senhor*.

3.2. Algúns exemplos prácticos

Son moitas as cantigas que reflicten este namoramento a primeira vista, repentino e irrevogable. Por isto é frecuente, e tamén importante, o uso do verbo *veer*. Existe unha ampla variedade de exemplos en que os poetas insisten no ben e, á vez, no mal que lles fai ver a dama ou na importancia que ten para el que a muller amada estea ó alcance da súa vista.

Un bo exemplo desta importancia que o poeta lle dá á visión da súa *senhor* é a cantiga «A dona que eu am'e tenho por senhor» (Arias Freixedo 2003: 78), de Bernal de Bonaval. Nela, o único que o poeta pode facer é sufrir, chorando e laiándose, perder o sentido, o sono, a fame, ata a vista e morrer, xa que é o único que o liberará desa dor. Pídelle podela ver pero nun sitio en que poidan falar.

A cantiga que segue, ademais de responder ó motivo do amor a primeira vista, como un frechazo, contén tamén as características esenciais do amor platónico que se mencionaron anteriormente:

¡Ai eu coitad'!, ¡¿e por que vi
a dona que por meu mal vi?!
Ca Deus lo sabe, poi-la vi,
nunca ja mais prazer ar vi,
per boa fe, u a non vi;
ca de quantas donas eu vi,
tan bõa dona nunca vi,
tan comprida de todo ben,
per bõa fe, esto sei ben,
se Nostro Senhor me dé ben
dela, que eu quero gran ben,
per bõa fe, non por meu ben;
ca pero que lh'eu quero ben,
non sabe ca lhe quero ben,

(Arias Freixedo 2003: 414)

Como se ve, a descrición da amada, totalmente abstracta, concéntrase nun único verso, o 8. Por outra banda, no verso 14 aparece outra característica que tamén é definitoria do amor neste tipo de composicións, o amor non correspondido. Neste caso, o que ocorre é que nin sequera a amada é consciente do amor que provoca nel.

A partir desa primeira visión da dama, que orixina o desexo amoroso, comeza para o namorado un período en que non pode deixar de pensar na súa *senhor*, tal como ditan os tratados sobre o amor. Nas cantigas de amor este proceso é fundamental, considerando que en ningún caso se materializa fisicamente o desexo amoroso. Ó namorado só lle queda pensar unha e outra vez na amada; de aí que unha das palabras chave das cantigas de amor, que se rexistra centos de veces, é o verbo *cuidar*.

Esta é a primeira estrofa dunha cantiga de Roi Fernandiz de Santiago:

Desque eu vi
a que eu vi
nunca dormi,
e cuidand' i
moir' eu.

(Arias Freixedo 2003: 187)

Nela condénsase á perfección a concepción do amor cortés na escola galego-portuguesa, que reproduce a idea de Andreas Capellanus: o *cuidar* é unha consecuencia directa e inmediata do *veer*.

Tamén Johán Soarez Somesso ofrece unha cantiga (Arias Freixedo 2003: 229) en que o *cuidar* na súa *senhor* é fundamental para o contido da composición. Xa o primeiro verso, «muitas veces en meu cuidar», anticipa que este vai ser un motivo importante na composición. A este súmanselle outros, como o amor forzado ou a incredulidade da dama, secundarios, eclipsados pola importancia do *cuidar*. Tanto é así que nos tres últimos versos pódese adiviñar o futuro de obsesión por esa dama que agarda ó poeta:

ca sempr'en ela cuidarei,
e sempr'en ela ja terrei
o corazón, mentre viver.

(Arias Freixedo 2003: 230)

Nos fragmentos do texto que segue de Pai Gómez Charinho está, unha vez máis, presente o motivo do *cuidar* na *senhor*, neste caso tanto na súa persoa coma no seu *ben* e o seu *bon parecer*:

E cuid'i muit'e empero non ei
de fazela, qual merece, poder
[...]
oj'eu mester ei
pera falar no que sempre cuidei:
no seu ben e no seu bon parecer
[...]
e meu coração
ja non sab'al fazer senon cuidar
en mia senhor.

(Arias Freixedo 2003: 363)

A seguinte composición do rei don Denís resulta curiosa, xa que non é o poeta quen *cuida*, senón a dama. Ademais, o que a dama pensa é que o trovador ama a outra muller, motivo este e non outro polo que lle dirixe a palabra. Di así:

Nostro Senhor, ajades bon grado
por quanto m'oje mia senhor falou;
e tod'esto foi porque se cuidou
que andava doutra namorado;
ca sei eu ben que mi non falara
se de qual ben lh'eu quero cuidara.

Porque mi falou oj'este dia,
ajades bon grado, Nostro Senhor,
e tod'esto foi porque mia senhor
cuidou que eu por outra morria;
ca sei eu ben que mi non falara
se de qual ben lh'eu quero cuidara.

Porque m'oje falou aja Deus
bon grado, mais desto non fora ren
bon grado, mais desto non fora ren
senon porque mia senhor cuidou ben
que d'outra eran os desejos meus;
ca sei eu ben que mi non falara
se de qual ben lh'eu quero cuidara.

Ca tal é que ante se matara
ca mi falar, se o sol cuidara.»

(Arias Freixedo 2003: 370)

O poeta ve, ama e pensa. Pensa constantemente na súa *senhor*, representada por esa dama idealizada da que se falou. Por veces, ese pensamento continuado convértese en obsesión, de xeito que todo o demais lle resulta alleo e chega a perder a noción de si mesmo. Para exemplificar este motivo tan peculiar e escaso falarase de dúas cantigas: «Toda-las gentes mi a mi estranhas son» de Nuno Eanes Cerzeo e «Amigos, cuido semp'r'en mia senhor», de Johán Servando.

A composición de Nuno Eanes Cerzeo correspóndese perfectamente ó alleamento con que contan as cantigas que tratan este motivo. O poeta só sente gozo cando lembra os momentos en que a pode ver, todo lle resulta estraño e non pode facer outra cousa que pensar na súa *senhor*. Pero non poderá recibir nunca o ben da súa amada, polo que ese pensamento só lle provoca pesar e a perda do interese por todo o demais. Repítense tanto o verbo *cuidar* coma o verbo *pensar*, especialmente relevantes para o contido. Tamén se repite *estranhar*, concretamente *estranhas* («toda-las gentes»), *estranho* («and'eu») e *estranhar* («vós me fazedes»), o que chama a atención aínda máis sobre o feito de que o poeta está realmente obsesionado coa súa *senhor*, ata o punto de que calquera pensamento que saia do ámbito que ela ocupa é un estorbo:

Toda-las gentes mi a mi estranhas son,
e as terras, senhor, per u eu ando
sen vós, e nunca d'al i vou pensando
senon no vosso fremoso parecer;

e cuid'en vós, como vos soio veer,
je atant'ei de ben eno meu coraçón...!

(Arias Freixedo 2003: 351)

Como se pode observar, o primeiro dos versos comeza xa con esa referencia ó estrañamento, que se estende tanto á xente que o rodea como ás terras en que habita. O motivo é que a súa *senhor* non se atopa alí e, por tanto, ó non ser algo relacionado con ela, non lle interesa o máis mínimo. Non fai outra cousa que «cuid'en vós», porque a dama está no seu corazón e xa non sairá de aí.

En nen ña ora non poss'eu achar
sabor sen vós, senon u vou cuidando
en vós, pero vai-me muit'estorvando
os que mi van falando, senhor, en al;
e eles non saben se me fazen mal
en me fazeren perder tan bon cuidar.»

(Arias Freixedo 2003: 351)

Está condenado a non «achar sabor», a non atopar ningún tipo de alegría nin momento agradable de absolutamente nada, se nese momento el non está a pensar na *senhor*. Tanto é así que ata a xente que o rodea e que lle fala lle resulta molesta, porque o interrompen no seu cuidar na *senhor*. E son esas mesmas persoas as que non saben se ó interromper os seus pensamentos lle fan ben ou mal, xa que só se atopa a gusto cando está a pensar nela.

Estranho and'eu dos que me queren ben,
e dos que viven migo, todavia,
ben como se os viss'eu aquel dia
primeirament', e punho de lhis fogir,
e moir'eu, senhor, por me deles partir
por en vós cuidar, ca non por outra ren.

(Arias Freixedo 2003: 351)

Unha vez máis retoma o motivo do estrañamento, pero elévao ata un novo nivel: non só a xente anónima ou de pouca importancia que o rodea lle resulta allea, senón que ata das persoas que o queren, suponse que se trata de amigos e familiares, quere fuxir, quere que o deixen tranquilo, unicamente para poder pensar na súa *senhor* e non noutra cousa. Non desexa ningún tipo de distracción do seu labor, que consiste unicamente en pensar na amada.

Vós me fazedes estranhar, mia senhor,
todo de quanto m'eu pagar soia,

ca pois eu cuid'en qual ben averia
se eu ouvess'o voss'amor, e ar sei
logu'i que nunca este ben averei,
de tod'al do mund'ei perdudo sabor.

(Arias Freixedo 2003: 351)

Retoma de novo nesta estrofa o tema do estrañamento, pero cun novo matiz: o culpable non é el, xa que nada que non estea relacionado coa súa *senhor* lle interesa. A culpable de que estrañe e rexeite todo aquilo que antes lle gustaba é ela, porque non pode pensar en nada que non sexa o feliz que sería se o seu amor fose correspondido. Como sabe que non poderá alcanzar ese *ben*, nada no mundo lle volverá producir satisfacción.

Pola súa banda, a composición de Johán Servando incide tamén nese sentimento de obsesión que o poeta ten pola súa *senhor*. Neste caso faise especialmente intenso, xa que o verbo *cuidar* en varias das súas formas (*cuido*, *cuidar*, *cuidando*, *cuidei*) aparece ata en 19 ocasións, todo un logro tendo en conta que a composición consta de 20 versos. É tamén relevante, así como estreitamente relacionado co tópico do amor do poeta pola dama, o tema da morte por amor, representado na *fiinda* que pecha a cantiga. As palabras en posición de rima son dous verbos, *viver* e *morrer*, o último deles entendido como a consecuencia directa e lóxica do continuo pensar do poeta da dama.

A continuación analizarase esta cantiga con máis detalle, xa que se considera especialmente relevante.

Amigos, cuido sempr'en mia senhor
por lhi fazer prazer, [se Deus m'ampar],
pero direi que mi aven en cuidar:
ei a cuidar en cuida-lo mellor,
pero cuidando non posso saber
como podesse dela ben aver.»

(Arias Freixedo 2003: 277)

É frecuente que as cantigas comecen cun apelativo, normalmente unha perífrase que se refire á *senhor*, de forma que as palabras do poeta van dirixidas directamente á amada, aínda que ela mesma descoñeza que é a destinataria. Nesta ocasión, o poeta comeza dirixíndose ós amigos, destinatarios neste caso das súas palabras. O que lles di é que o único que fai é pensar na súa amada para poderlle «fazer prazer», isto é, causarlle un ben. Pero o que el quere é conseguir dela un ben do que, por moito que pense e pense, é incapaz de atopar unha maneira de logralo.

E o cuidar que eu cuid'e cuidei
des aquel día en que mia senhor vi,
logu'en cuidar sempre cuidei assi,
por cuidar end'o mellor, e o cuidei,
 pero cuidando non posso saber
 como podesse dela ben aver.
(Arias Freixedo 2003: 277)

Nesta segunda estrofa reconece que non puido deixar de pensar nela dende o día en que a viu por primeira vez e, de novo, por máis que pensa e pensa non sabe como poderá facer posible o seu maior desexo, que é o de conseguir o seu ben.

Tanto cuidei [i] ja que non á par:
en mia senhor, se mi faria ben;
en cuidar non me partiria én,
se poderia o mellor cuidar,
 pero cuidando non posso saber
 como podesse dela ben aver.»
(Arias Freixedo 2003: 277)

De novo insiste, utilizando repetidamente o verbo *cuidar*, tanto en infinitivo coma en xerundio e en formas conxugadas, en que nin parou, nin para, nin parará de pensar na súa dama amada, co único obxectivo de descubrir como pode conseguir que ela lle faga ben. Unha vez máis, é incapaz de dar coa solución.

Por San Servando, mentr'eu ja viver,
por mia senhor cuid', e cuid'a morrer.
(Arias Freixedo 2003: 277)

Estes dous últimos versos son o remate da composición, a *fiinda*, a última idea que pecha de maneira definitiva o texto e achega un significado completo. O propio comezo destes dous versos é interesante, xa que con ese chamamento a «San Servando» introdúcese indirectamente a identidade do autor e, por tanto, do namorado, Johán Servando. O que queda claro na *fiinda* é que o poeta xamais deixará de pensar na súa dama mentres viva. A consecuencia dese *cuidar*, tan intenso e incesante, é, paradoxalmente, a morte.

Como xa se indicou, o amor cara a unha dama, a vasalaxe, a coita, o desexo da morte etc., son un xogo literario que ten como única finalidade o desexo por parte do poeta de demostrar as súas habilidades. A muller á que se lle canta é unha abstracción, un prototipo, unha muller nobre, fermosa, que recibe o cortexo dun home nobre, un cabaleiro novo e solteiro. Dentro desa burbulla, na que a muller é só unha idea, é sinxelo cingirse á norma cortés que obriga á contención do desexo,

porque a amada non deixa de ser unha entelequia construída a partir dunha primeira visión.

A este respecto, é moi significativa unha cantiga de Joán Airas de Santiago, «A por que perço o dormir», onde este autor mostra como aínda estando obrigados a usar os tópicos e procedementos requiridos pola tradición, os trobadores tiñan espazo para a orixinalidade. Na cantiga en cuestión, no canto do namorado habitual das cantigas de amor, que está sempre *cuidando* e sufrindo unha grande coita por unha dama que está lonxe, o trobador santiagués permítelle ó seu protagonista poder contemplar, de forma imprevista, a muller da que está namorado. Ademais ela está toda engalanada, montada nunha mula a punto de emprender unha viaxe. A materialización da idea da muller, que se mostra de carne e óso, real, fai que toda cortesía, toda contención e toda submisión se veñan abaixo. A última estrofa desta composición di o seguinte:

Se a podess'alongar
quatro legoas de Crecente,
e nos braço-la filhar,
aperta-la fortemente...
non lhi valria dizer «¡ai!»
nen chamar Deus nen Santa Ovaia;
vestida dun pres de Cambrai,
¡Deus, que ben lh'está manto e saia!

(Arias Freixedo 2003: 435)

Esta é unha cantiga cunha marcada desviación, xa que o autor rompe o tópico do amor cortés ata o punto, como se pode observar no fragmento, de estar disposto a forzala para obter así o *ben* que desexa dela. Menciona ademais as súas roupas e a súa montura, feito nada habitual, pois a descrición que máis abunda é na que se menciona apenas a súa beleza ou a forma do seu corpo.

En contraste coa imaxe da muller idealizada das cantigas de amor, nas cantigas de escarnio e maldizer podemos atopar unha imaxe antitética da muller. Os mesmos autores que construían imaxes idealizadas das damas e que se lles entregaban como submisos servidores son os que elaboran os antirretratos paródicos. Pódese pór como exemplo a cantiga «Esta ama cujo é Joan Coelho», de Fernán García Esgaravunha (Arias Freixedo 2003: 200).

Joán (Soárez) Coelho compuxo unha cantiga en que empregaba o termo *ama*, nun intento de demostrar o seu dominio no procedemento da *interpretatio nominis*. Fernán García Esgaravunha interpretou ese *ama* ó pé da letra e compuxo á súa vez esta cantiga, que se considera de escarnio porque leva a parodia ó extremo:

Esta ama cuj'é Johan Coelho
per bõas manhas que soub'apreder
cada u for achará bon conselho,
ca ben sabe fiar e ben tecer
e talha mui ben bragas e camisa.
e nunca vistes mulher de sa guisa
que máis limpia vida sabia fazer.

Ant'é oje das molheres preçadas
que nós sabemos en noso lugar,
ca lava ben e faz bõas queijadas,
e sabe ben moer e amassar,
e sabe muito de bõa leiteira.

(Arias Freixedo 2003: 200)

Así, esta *ama* sabe cortar pezas para confeccionar *bragas e camisa*, é capaz de *moer e amassar, capar galiões* e ata *deita ben galinha choca*. Toda unha dama de alta liñaxe.

4. Contextualización literaria

A cantiga de amor galego-portuguesa ten as súas orixes na *cansó* provenzal. No proceso de adaptación, o xénero sufriu cambios, como o da simplificación conceptual e estilística, aínda que hai algún exemplo de cantigas de amor que intentan manterse máis fieis á súa raíz provenzal. Deixando á parte estas excepcións, o lóxico era que, ó tratarse a galega dunha estrutura tanto social coma lingüística e cultural diferente, os trazos máis propios da lírica provenzal se perdesen e fosen substituídos polos seus correspondentes galego-portugueses. A modo de exemplo, mentres que na escola galego-portuguesa o segredo amoroso se mantiña ata diante da amada, na escola occitana ese segredo estaba orientado a evitar o mal que os *lauzengiers* lle podían causar á parella.

A pesar destas diferenzas, os tópicos máis frecuentes, como son a *coita de amor*, a *reserva da dama* ou o *amor do poeta*, están presentes en ambas as dúas tradicións. Deste modo, tamén o motivo específico de que se fala neste traballo, o da *obsesión amorosa*, está presente nos textos compostos na Occitania. Para ilustrar isto ofrécese como exemplo una *cansó* de Rigaut de Berbezilh, un trovador occitano que desenvolveu a súa obra durante o século XII. A composición á que se fai referencia titúlase «Atressi con Persavaus» e comeza da seguinte maneira:

Atressi com Persavus
el temps que vivia,
que s'esbait d'esgardar
tant qu'anc non saup demandar
de que servia
la lansa ni·l grazaus,
et eu suis atrataus,
Miels de dompna, quan vai vostre cons gen,
qu'eissamen
m'oblit quan vos remir
e·us cug prejar, e non fatz, mais consir.

(Riquer 1975: 293)

A tradución que Martín de Riquer, o editor do texto, ofrece é a seguinte:

Así como Perceval, en el tiempo en que vivía, que se embelesó tanto contemplando que jamás supo preguntar para que servían la lanza y el graal, igual soy yo, Mejor que dama, cuando yo veo vuestra gentil persona, pues igualmente me ensimismo cuando os contemplo y me propongo rogaros, y no lo hago, sino que medito.
(Riquer 1975: 293)

Como se pode observar, este texto trata algúns dos tópicos máis frecuentes que xa foron mencionados. O primeiro deles é o da visión da amada, que coincide co que xa se indicou. Tamén se toca a descrición vaga da dama, da que só se di «gentil persona». O poeta tamén di que non se atreve a falarlle, a «rogaros», senón que cala e medita. Pero o que realmente interesa deste texto é o ensimesmamento do poeta. Nesta estrofa en concreto, o *pensar* na dama chega cando ela se atopa diante, é dicir, cando o poeta a pode ver. No resto do texto pódese comprobar que o *pensar* prodúcese tamén cando a dama non está presente.

A importancia deste texto non se limita só ó tratamento do motivo específico -e moi escaso- da obsesión pola dama amada. O poeta comeza a composición facendo referencia a un personaxe representativo da novela artúrica, Perceval. Este personaxe encarna á perfección non só o amor ideal e idealizado de que se fala ó longo deste traballo, senón que tamén representa a imaxe de amante que, en ocasións, pensa tanto e con tal intensidade na súa amada que se esquece de todo o máis.

Na obra de Chrétien de Troyes, *Li contes del graal*, relátanse non só un, senón dous episodios significativos que poden ilustrar este motivo. Nótese a importancia e a influencia que esta obra e este personaxe deberon de ter, e sobre todo o episodio da visión do graal, que ata merece unha mención no texto dun trovador.

Un dos episodios que conforman a citada obra, *Li contes del graal*, ou *El cuento del graal* seguindo a tradución, de novo, de Martín de Riquer, é «En el castillo del grial». Nel, o protagonista, Perceval, alóxase no castelo do Rei Pescador, o gardián do graal, e observa como este obxecto pasa por diante del:

Una doncella [...] sostenía entre sus dos manos el grial. Cuando allí hubo entrado con el grial que llevaba se hizo una claridad tan grande, que las candelas perdieron su brillo [...]. El grial, que iba delante, era de fino oro puro; en el grial había piedras preciosas de diferentes clases [...]; las del grial, sin duda alguna, superaban a todas las demás piedras.» (Riquer 1975: 242)

non unha, senón ata en tres ocasións: «Y mientras tanto el grial volvió a pasar por delante de ellos» é a segunda; mentres que neste último fragmento, «ve pasar una vez más delante de él el grial completamente descubierto», menciónase a terceira.

Por se o prodixio de ver pasar unha comitiva que porta varios obxectos, entre os que se atopa o graal, non fose suficiente, tamén ve pasar, momentos antes, unha lanza que pinga sangue pola punta:

llegó un paje que llevaba una lanza blanca empuñada por la mitad [...]. Y todos los que estaban allí veían la lanza blanca y el hierro blanco, y una gota de sangre salía del extremo del hierro de la lanza, y hasta la mano del paje manaba aquella gota bermeja. (Riquer: 1975: 240-241)

Debido a que lle recomendaran non falar demasiado, só mira e non se atreve a preguntar en ningunha das ocasións en que o graal se lle mostra ante os ollos:

El muchacho que aquella noche había llegado allí, ve este prodigio, pero se abstiene de preguntar cómo ocurría tal cosa, porque se acordaba del consejo de aquel que lo hizo caballero, que le enseñó y adoctrinó que se guardara de hablar demasiado. Y teme que, si lo pregunta, se le considerará rusticidad: por esto no preguntó nada. [...] Y el muchacho los vió pasar y no osó en prohombre. [...] y el muchacho no pregunto a quién se servía. (Riquer 1975: 239-245)

Esta referencia ó graal e ó mutismo de Perceval non é a única que, ó longo da obra, trata o tema do ensimesmamento. Outro episodio, «Las gotas de sangre en la nieve» (Riquer 1975: 290-313), representa se cadra aínda mellor este motivo. A continuación reproducense algúns fragmentos que o ilustran:

La oca había sido herida en el cuello, y derramó tres gotas de sangre que se esparcieron sobre lo blanco, y pareció color natural. [...] Cuando Perceval vio hollada la nieve sobre la cual había estado echada la oca, y la sangre que aparecía alrededor, se apoyó en la lanza para contemplar aquella apariencia; pues la sangre y la nieve juntas le sugerían el fresco color de la faz de su amiga, y se ensimisma tanto que se olvida. [...] Perceval se absorbe en la contemplación de las tres gotas

[...] no profiere parabra y da la impresión de no oírlo. [...] Y Perceval se vuelve a apoyar en la lanza sobre las tres gotas. [...] el caballero, que estaba apoyado en la lanza y aún no se había cansado de su ensimismamiento, que mucho le placía. Y como el sol había derretido dos de las gotas de sangre que estaban en la nieve y la tercera iba borrándose, el caballero ya no estaba tan absorto como antes. (Riquer 1975: 292-304)

Tal e como se pode observar, Perceval é incapaz de apartar a vista das tres gotas que lle recordan, suponse, a boca e a cor das meixelas da súa amada, Blancheflor, ata que estas desaparecen coa neve, que o sol vai derretendo.

Este cabaleiro artúrico non é o único que se ve envolto nunha situación semellante. Hai outro personaxe, frecuente nas historias ambientadas na Bretaña, que, a causa dun amor profundo e no seu caso correspondido, non pode evitar illarse do mundo cando atopa algo que pertence á súa amada. Este cabaleiro é Lanzarote. Hai unha pequena diferenza ó respecto de Perceval: a relación de Lanzarote coa súa amada, a raíña Xenebra, non é ideal, senón carnal. Non só se trata dun amor correspondido, senón que tamén é consumado, traizoando para iso a confianza do seu señor, o rei Artur.

Nunha das novelas artúricas compostas por Chrétien de Troyes, Lanzarote tamén sofre ese ensimesmamento que o leva a non pensar noutra cousa que non sexa a raíña durante un tempo indeterminado que nin sequera se pode contabilizar, xa que o cabaleiro do Lago perde totalmente a noción do tempo. En *Le chevalier de la Charrete*, ou *Lanzarote ou o cabaleiro da carreta* (Gutiérrez García 2001), Lanzarote atopa un peite de ouro que pertenceu á raíña e que aínda conserva algún dos cabelos dela. Non pode evitar coller eses cabelos e gardalos contra o seu peito coma se fose o máis grande tesouro:

este peite foi da raíña. [...] Cando tal oíu, de tal xeito perdeu as forzas, que tivo que apoiarse no arzón da sela para non caer. [...] pouco lle faltou para esvaecerse. Tanta dor tiña no corazón que perdeu a fala e a cor durante un bo tempo. [...] retira os cabelos con moito coidado de non romper ningún. Nunca ollos humanos verán cousa tan honrada, xa que comeza a adoralos e acarícialos cen mil veces e lévaos ó rostro, ós ollos, á boca e á fronte e non hai agarimo que non lles faga. Con eles séntese rico e feliz. Gárdaos no peito, entre a camisa e a carne, preto do corazón. (Gutiérrez García 2001: 43-44)

O motivo da idealización da dama non só se deu nas composicións dos séculos XII e XIII, como acabamos de ver nas historias de Lanzarote e Perceval e mais nas cantigas de amor, analizadas algunhas delas no apartado anterior. Ó longo da historia da literatura peninsular houbo diferentes personaxes, máis ou menos

coñecidos, que tamén se namoraron dunha dama á que máis tarde idealizaron. Un dos máis coñecidos e relevantes é don Quixote.

Trátase dunha obra que contén tres grandes materias, a amorosa, a cabaleiresca e a literaria; en todas elas se pode encadrar a caracterización de Dulcinea del Toboso. No que se refire á materia amorosa e cabaleiresca, todo cabaleiro precisa dunha amada á que adorar e na que pensar mentres vai na busca de aventuras. Canto á materia literaria, Dulcinea é a creación dunha creación, é dicir, Alonso Quijano crea a don Quixote e este, á súa vez, é o que crea a súa Dulcinea, tomando como muller real a Aldonza Lorenzo, unha campesiña. O propio nome que se lle atribúe dá fe desta dualidade do personaxe. Mentres que «Dulcinea» é un nome propio dunha dama, «del Toboso», o nome dun lugar, recolle a súa procedencia vilá. Mestúrase así de forma perfecta a idealidade e o prosaísmo.

5. Conclusións

Despois de analizar textos teóricos e literarios, e unha vez expostos os resultados desa análise, pódese afirmar que, aínda que a obsesión do poeta pola amada non é un motivo especialmente frecuente, si é interesante e débese ter en conta, xa que está presente en diversas tradicións, entre elas a galego-portuguesa. Os tópicos que si son abundantes son a causa, o *veer*, e a consecuencia, o *cuidar*, do amor, de forma que se converten en elementos esenciais da maioría das cantigas de amor.

Non se debe esquecer, por outra banda, que a situación de superioridade das mulleres neste tipo de composicións é unicamente un xogo literario, un exercicio retórico que pouco ou nada ten que ver coa situación real que vivían as mulleres, que eran custodiadas toda a súa vida por un home, xa fose o pai, o irmán, o marido ou ata o confesor.

Referencias bibliográficas

- Arias Freixedo, Xosé Bieito (ed.). (2003): *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Xerais.
- Casagrande, Carla (2000): «La mujer custodiada», en George Duby / Michelle Perrot, *Historia de las mujeres*. Madrid: Taurus, 93-132.
- Duby, George (2000): «El modelo cortés», en George Duby / Michelle Perrot, *Historia de las mujeres*. Madrid: Taurus, 301-319.

- Falcón Martínez, Constantino / Emilio Fernández-Galiano / Raquel López Molero (1981): *Diccionario de mitología clásica*. Madrid: Alianza.
- Gallardo López, María Dolores (1995): *Manual de mitología clásica*. Madrid: Ediciones Clásicas.
- García Gual, Carlos (2014): *Historia mínima de la mitología*. Madrid: Turner.
- Gutiérrez García, Santiago (2001): *Lanzarote ou o cabaleiro da carreta*. Vigo: Xerais.
- Riquer, Martín de (1975): *Los trovadores: historia literaria y textos*. Barcelona: Planeta.
- Tavani, Guiseppe (1986): *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia.
- Verdon, Jean (2008): *El amor en la Edad Media*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica.

A INFLUENCIA DO ENSINO NO PROCESO DE ADQUISICIÓN LINGÜÍSTICA

The influence of the education in the process of linguistic acquisition

Nuria Díaz Guedella

Universidade de Vigo – Campus de Ourense

nuryd93@gmail.com

Resumo: O obxectivo deste traballo é coñecer en que medida a incorporación ao sistema educativo pode influír na lingua do alumnado de Educación Infantil. Para levar a cabo esta investigación de carácter empírico contamos con 94 participantes de dous centros públicos da cidade de Ourense. Os instrumentos usados foron a enquisa, realizada pola totalidade da mostra, e a entrevista, que se centrou especificamente en 10 alumnos dun dos centros. A investigación afonda nos dous grupos de 3 anos deste segundo centro, establecendo unha comparativa entre o idioma que usan as respectivas mestras, pois no grupo A úsase o galego no proceso de ensino-aprendizaxe, e no B, o castelán. Os resultados mostraron que a lingua do profesorado, no caso de impartir as clases en galego, non é suficiente para que o alumnado castelanfalante cambie a súa lingua de uso habitual polo galego; pola contra, si basta con que o profesorado imparta as clases en castelán para que o alumnado galegofalante abandone esta lingua, xa que, ademais da escola, hai outros factores que inflúen a favor do castelán.

Palabras chave: Bilingüismo galego-castelán, lingua materna, modelos de ensino, adquisición lingüística.

Abstract: The main aim of this paper is to find out in what ways the incorporation to the educational system can influence the students' language at Pre-primary education. To carry out this research, we have surveyed 94 students of two state schools in Ourense. While our survey was completed by all the participants, an interview was conducted with just ten students of one of the schools. Our investigation delved into two groups of three years old children of the second school and tried to make a comparison taking into account the language that their teachers used. While Galician language was used in class in the Group A, Spanish was used in the Group B. The results showed two things: (i) that the teachers' language, when they speak Galician, does not influence the language uses of students who speak Spanish as their mother tongue (since they did not shift to Galician); and (ii) that, on the contrary, when a teacher speaks Spanish in class, the students stop speaking Galician and they start speaking Spanish.

Keywords: Galician-Spanish bilingualism, Mother tongue, Teaching model, Linguistic acquisition.

1. Introducción¹

A continuación preséntase unha investigación empírica que ten como finalidade coñecer e analizar o desenvolvemento da habilidade lingüística do alumnado de Educación Infantil na cidade de Ourense. O noso obxectivo é descubrir cal é o grao de influencia que exerce a lingua das mestras sobre os nenos e nenas, así como outros factores externos que inflúen neles á hora de empregar unha ou outra lingua.

A elección do tema vén dada pola curiosidade que causou en min o feito de que, no colexio onde realicei as prácticas, se impartisen as clases dependendo de se o alumnado pertencía ao grupo A ou ao grupo B en idiomas diferentes, polo que decidín investigar, en función ao Decreto 79/2010 de plurilingüismo, os efectos que isto causa nese alumnado.

2. Marco teórico

2.1. Conceptos básicos sobre o bilingüismo e os seus tipos

Imos realizar unha breve explicación dos conceptos básicos que utilizaremos no presente traballo. En primeiro lugar, cómpre distinguir *bilingüismo individual* e *bilingüismo social*. Con respecto ao bilingüismo social, segundo Appel / Muysken (1996: 10), «se produce en aquelas sociedades en las que se hablan dos lenguas o más. En este sentido casi todas las sociedades son bilingües pero existen diferencias en cuanto al grado o a la forma del bilingüismo». Ademais, á hora de analizar unha situación de bilingüismo social débense ter en conta unha serie de factores segundo Giles / Bourhis / Taylor (1977): factores etnográficos número de falantes de cada unha das linguas e distribución xeográfica dos mesmos ao longo do territorio, de status oficialidade das linguas, lugar que ocupan os grupos de falantes na sociedade, poder económico dos grupos lingüísticos etc, e de apoio institucional, que á súa vez se divide en apoio formal institucións públicas e apoio informal ámbitos de industria, comercio, cultura e relixión.

¹ Este estudo tivo a súa orixe no meu Traballo de Fin de Grao, defendido en xullo de 2016 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Campus de Ourense). Estivo titorado pola profesora Ana Iglesias, a quen lle quero amosar aquí un especial agradecemento pola súa dedicación e apoio, e, sobre todo, por transmitirme tanta paixón pola lingua galega.

Ao analizar as diferentes linguas implicadas nunha sociedade, debemos ter en conta dous puntos de vista diferentes. Por unha parte, temos o punto de vista cuantitativo, segundo o cal podemos distinguir os conceptos de *lingua maioritaria* e *lingua minoritaria*, que fan referencia ao número de falantes que empregan unha lingua. No caso de ser falada pola maioría dos falantes, trátase dunha lingua maioritaria, quedando o concepto de lingua minoritaria para aquela lingua que é falada pola minoría de persoas dun territorio. En canto ao punto de vista cualitativo, diferenciamos os termos de *lingua dominante* e *lingua minorizada*. Unha lingua minorizada é aquela que se encontra en situación de desvantaxe ou desequilibrio con respecto a unha lingua dominante coa que comparte territorio. Nalgunhas ocasións, cualifícase por defecto como lingua minoritaria, aínda que isto non sempre é así, xa que ás veces danse casos de linguas minorizadas pero maioritarias. Trátase por tanto, de conceptos diferentes, *minoritaria* fronte a *maioritaria* e *minorizada* fronte a *dominante*.

Con respecto ao bilingüismo individual, segundo Siguán / Mackey (1986: 17), «se define a una persona bilingüe como aquella que, además de su primera lengua, tiene una competencia parecida en otra lengua, y que es capaz de usar una u otra en cualquier circunstancia con parecida eficacia». Con esta definición, Siguán / Mackey (1986: 17) non só afirman que o bilingüe posúe dous sistemas lingüísticos, senón que insisten en que tamén os usa de forma parecida, conseguindo un equilibrio entre ambos os sistemas.

O concepto de *lingua materna* ou primeira lingua (L1) é definido por M. Martín (2000: 15) como «aquella que todo niño en condiciones normales aprende en el seno de su familia». No caso dos bilingües iniciais estamos a falar de dúas ou máis linguas. Pero o bilingüismo tamén se pode acadar máis adiante (bilingüismo secuencial). Así, en función dos axentes de transmisión lingüística implicados en cada caso, haberá varias formas de adquirir o bilingüismo. Podemos diferenciar entre axentes primarios e secundarios. Nos primarios inclúense a familia, a comunidade e a escola, como medios de comunicación interpersoal. Pola súa parte, os axentes secundarios son os referidos aos medios de comunicación, dándose, por tanto, unha comunicación institucionalizada (véxase Iglesias 2002: 1623).

Por súa vez, Fernández / Lorenzo / Ramallo (2008) mostran os diferentes modelos de ensino bilingüe. Eles destacan o «Modelo de Enriquecemento», o «Modelo de Mantemento» e o «Modelo de Transición», que caracterizan así:

O Modelo de Enriquecemento ten como obxectivo a promoción dunha segunda lingua na escola e, dependendo do contexto, aspiran a un bilingüismo totalmente desenvolvido ou, polo menos, a unha competencia que permita traballar con ela.

Os Programas de Mantemento fomentan as dúas linguas, con especial atención á lingua socialmente minoritaria, e promoven entre o alumnado o bilingüismo. O obxectivo xeral deste modelo é desenvolver unha competencia axeitada nas dúas linguas e, con esa finalidade, este modelo admite dous tipos de realización, segundo o grao parcial ou total da competencia bilingüe.

Por último, o Modelo de Transición está dirixido ao alumnado de lingua inicial socialmente minorizada e teñen como obxectivo que o alumno/a abandone esa lingua e pase a utilizar a lingua socialmente dominante. Este é un modelo lingüístico educativo que defende o predominio do castelán nas transmisións escolares e dos que consideran que o galego no ámbito educativo é innecesario. (Fernández / Lorenzo / Ramallo 2008: 63-65)

2.2. Algúns datos sobre a situación actual da lingua galega

A continuación, ofrecemos algúns datos sobre a situación actual da lingua galega, seguindo os proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2013.

A puntuación máis elevada referente ao descoñecemento da lingua corresponde ao 22,70%. A franxa de idade relativa a esta porcentaxe vai dende os 5 aos 14 anos. Con respecto ás vías de aprendizaxe do galego, a familia é o ámbito no que se recolleron as puntuacións máis altas, aínda que, se nos referimos á poboación menor de 30 anos, o ámbito escolar supera ao familiar. Este dato é moi significativo, pois os nenos e nenas comezan a falar arredor do primeiro ano de vida e non é ata os 3 anos de idade cando comezan na escola a adquirir coñecementos sobre a lingua galega.

Polo momento, o idioma habitual en Galicia continúa a ser maioritariamente o galego, aínda que xa a escasa distancia do castelán (51% fronte ao 49%). A idade da poboación é un dos factores que máis inflúe no feito de que as persoas empreguen unha ou outra lingua de xeito habitual. Canto á poboación de entre 5 e 14 anos, as porcentaxes máis elevadas fan referencia a aqueles que empregan só ou maioritariamente o castelán, cun 74,88%, mentres que o 13,20% se corresponde con aqueles que falan «só galego».

Tocante ao ámbito educativo, o 51,08% (máis da metade da poboación galega escolarizada) recibe a educación maioritariamente en castelán, mentres que os que o fan «máis en galego» se corresponden cunha porcentaxe do 43,70%. Así, a pesar de que o decreto vixente (79/2010) establece que as dúas linguas se deben distribuír a partes iguais (50%), tras os datos recollidos polo IGE respecto ao ámbito educativo, podemos apreciar unha desigualdade a favor do castelán canto ao idioma en que se están a impartir as materias, pois o galego encóntrase sete puntos porcentuais por debaixo do castelán.

Por último, respecto aos medios de comunicación, tanto no referente á televisión como á radio, a maioría das persoas fan uso dos mesmos só ou maioritariamente en castelán (80%). Pola contra, o uso destes medios de comunicación en galego queda reducido ao 19,89% no caso da televisión e ao 15,98% no referido á radio

3. Descrición do estudo empírico

3.1. Mostra

Levamos a cabo esta investigación con nenos e nenas de Educación Infantil escolarizados en dous centros da cidade de Ourense no curso 2015/16. Decidimos pasar a enquisa a catro grupos de alumnos, dous de cada colexio, do que resultou un total de 94 participantes: 50 do Centro 1 e 44 do Centro 2.

Centro	Idade do alumnado	Alumnado participante	
Centro 1	3 anos	25	
	5 anos	25	
Centro 2	3 anos	Grupo A	21
	3 anos	Grupo B	23
TOTAL	94 alumnos/as		

Táboa 1: Número de participantes segundo o centro.

Destes informantes enquisados, a investigación centrarase principalmente nos dous grupos pertencentes ao Centro 2. Neste caso, tanto o alumnado do grupo A coma o do grupo B, está formado por nenos e nenas de 3 anos, maioritariamente castelanfalantes. De cada un destes grupos extraemos 5 participantes para levar a cabo un estudo de caso máis en profundidade, tal como explicaremos no seguinte apartado.

A principal diferenza entre os grupos é o idioma que utilizan na aula as súas respectivas titoras: no grupo A úsase maioritariamente o galego e no B, o castelán.

3.2. Instrumentos utilizados

O primeiro dos instrumentos utilizados para levar a cabo a investigación con estes 94 alumnos e alumnas foi a enquisa, que foi cuberta polo pai/nai/titor legal do alumno ou alumna a principios do curso escolar 2015/16, no mes de outubro. Mediante esta técnica cuantitativa recóllese unha serie de datos sobre a lingua habitual do neno ou nena, así como o idioma da súa familia máis directa, ou a lingua das amizades coas que comparte o seu tempo, así como a lingua predominante no seu tempo de lecer.

A entrevista, técnica cualitativa, foi o segundo instrumento utilizado. Pasouse esta proba a 10 alumnos e alumnas da idade de 3 anos correspondentes ao Centro 2, dos cales 5 correspondían ao grupo A e os outros 5, ao grupo B. Levouse a cabo unha entrevista inicial, a comezos de curso no mes de outubro, e unha entrevista final no mes de maio. A finalidade destas dúas entrevistas era analizar en que medida a incorporación ao sistema educativo pode influír na lingua dos nenos e nenas.

A entrevista inicial levouse a cabo de xeito grupal, isto é, os cinco alumnos ou alumnas xuntos, aínda que falando por quendas e de forma individualizada, ademais de facerlla por separado ao alumnado do grupo A e do grupo B.

A proba dividíase en dúas partes. A primeira consistía en ensinalles de forma individual unha serie de imaxes impresas en papel, das cales tiñan que dicir o nome. As palabras seleccionadas elixíronse en función do currículo de Educación Infantil, xa que se pretendía que fosen imaxes que posteriormente/anteriormente eles desen na escola. Ademais, elixíronse imaxes que se nomeasen de xeito diferente en galego e en castelán, para saber claramente en que idioma estaba respondendo o alumno. A segunda parte consistía en preguntarlle a cada un deles polo seu libro favorito, aproveitando que se fixo esta entrevista na semana do «Día do libro» e que cada un deles trouxera ao colexio un dos seus libros preferidos.

Nun principio íamos utilizar a mesma metodoloxía para as dúas entrevistas, respectando a orde en que se pasaran as probas ao alumnado (imaxes e entrevista persoal), así como os temas sobre os que se lles estaba a preguntar etc. Porén, á hora de pasar a entrevista final fixéronse unha serie de cambios coa finalidade de mellorar a fiabilidade das probas, xa que algún alumno cambiou o idioma inicial ao oírles outro aos demais compañeiros; así como a súa fluidez, pois resultoulles complicado o tema do que tiñan que falar durante as entrevistas persoais.

Os cambios realizados atinxen á orde na entrevista inicial -comezamos polas imaxes, mentres que na entrevista final empezamos pola entrevista persoal-; ao tema da entrevista persoal -na primeira preguntóuselles polo seu libro favorito e

algúns dos nenos non lembraban ben o que pasaba no conto, polo que, na entrevista final, mandóuselles falar sobre cuestións relacionadas coa vida cotiá-; e ao xeito de agrupalos á hora de pasar as probas coa intención de evitar a influencia que exerce o idioma dos compañeiros e compañeiras sobre eles -a entrevista final realizouse de forma individual.

Na investigación tívose en conta tamén a observación participante. Esta levouse a cabo durante o meu período de prácticas no centro, polo que só foi posible realizala dentro da aula cos alumnos e alumnas do grupo A. Porén, os alumnos e alumnas do grupo B foron observados durante a hora do recreo, para comprobar, en certo modo, cal era o idioma que usaban para relacionarse entre iguais. As cuestións de relevancia foron rexistradas nun diario de aula.

4. Análise de datos

4.1. Análise do centro

A realidade sociolingüística que caracteriza a este centro non favorece en absoluto o uso da lingua galega. A gran maioría do seu alumnado empeza a súa escolaridade sendo castelanfalante e case todos manteñen esta condición ao longo da súa permanencia no centro. Poñer en valor o galego e estimular o seu uso resulta pois unha necesidade permanente e o compromiso do centro neste sentido está claro, xa que leva a cabo unha programación de actividades para o fomento e a dinamización da lingua galega, destinadas tanto ao alumnado coma ao profesorado e ás familias.

Canto ao proceso de ensino-aprendizaxe, a titora do grupo A imparte as clases totalmente en galego, polo que está desenvolvendo dous modelos distintos de ensino bilingüe. Para os que falan galego, estase levando a cabo un programa de mantemento da lingua, en tanto que para os que falan castelán, a maioría é de inmersión ou enriquecemento. Porén, a titora do grupo B usa o castelán na aula nunha porcentaxe do 100%. Neste caso, por conseguinte, estase desenvolvendo un programa de transición para a minoría de galegofalantes que hai na aula.

A continuación, falaremos do horario que ten o alumnado tanto do grupo A coma do grupo B, tendo en conta as mestras que acoden á aula así coma os idiomas que empregan. En primeiro lugar, no grupo A, a gran maioría dos profesionais que acode á aula usa o galego para comunicarse cos nenos e nenas, sumando un total de 21 horas e 27 minutos á semana neste idioma (sobre un total de 25 h). Os mestres que

empregan a lingua galega na aula son tanto a súa titora coma o profesor de psicomotricidade e a mestra de Relixión (85%). Pola contra, o 15% restante é o correspondente ao idioma castelán, por parte da profesora de inglés e a de apoio.

Porén, no grupo B o idioma maioritario dos docentes é o castelán (80%), sumando un total de 20 horas e 43 minutos á semana nesta lingua. En efecto, só lles falan o galego algo menos de 5 horas á semana, cando teñen clase coa profesora de apoio, Psicomotricidade ou Relixión, facendo un total do 20% neste segundo idioma.

4.2. Análise das enquisas

Para analizar os resultados obtidos nas enquisas, contaremos con 68 nenos e nenas de 3 anos, fronte aos 24 de 5 anos. Nalgunhas ocasións a mostra redúcese debido a que hai preguntas en que os enquisados se abstiveron de contestar.

Relativo á lingua habitual do neno ou nena, a porcentaxe de alumnado que emprega o castelán na súa vida diaria é reveladora. Un 80,40% deles ten como lingua habitual o castelán, mentres que só un 17,40% emprega o galego. Ademais, a porcentaxe de nais que usa o castelán para comunicarse é dun 75,50%, en tanto que entre os pais a repartición de linguas é máis igualitaria, de xeito que un 47,60% emprega o galego e o 51,10% o castelán.

Respecto á comprensión de ambos os idiomas, o castelán é entendido pola totalidade dos participantes, mentres que as familias afirman que só unha porcentaxe do 76,10% entende o galego. A pesar de que o idioma galego é comprendido por un alto nivel de alumnos e alumnas, podemos observar que a súa capacidade para falalo redúcese ao 30,30%, fronte á elevada porcentaxe de nenos e nenas que si son quen de falar o castelán, un 95,60%, sempre segundo a percepción familiar.

Canto ao colexio, o pai/nai/titor legal do alumnado participante considera nunha porcentaxe do 54,40% que o ámbito escolar non está a condicionar a lingua habitual do neno ou nena. Pola contra, o 20% afirma que o seu fillo ou filla agora fala máis castelán, mentres un 14,40% indica que aumentou o seu uso do galego.

Os dispositivos dixitais xa forman parte da vida diaria da gran maioría do alumnado como método de entretemento. Segundo os datos contestados na enquisa, só o 10,90% deles non pasa tempo conectado a estes dispositivos dixitais, polo que podemos afirmar que este é un factor que ten unha alta influencia sobre eles. A gran maioría do alumnado recorre ao idioma castelán á hora de usalos, cunha porcentaxe do 73,30% e, ademais, os resultados mostran que aínda que existise máis oferta en

galego da que hai actualmente, continuarían preferindo o castelán (54,50%), ben que en menor medida.

En relación coa televisión, destacamos que ao estar tan presente na súas vidas, ten unha grande influencia para eles o idioma en que a vexan. O 98,90% do alumnado faino en castelán, mentres que unha minoría (1,10%) o fai en galego. Porén, en canto ao idioma de preferencia dos debuxos animados, no caso de que houbera máis oferta televisiva en galego, case a metade das familias poñeríalles os debuxos aos seus fillos e fillas en galego (46%).

A lingua predominante dos contos que lles len na casa é tamén o castelán (56,70%) -aínda que non con tanta diferenza como nas outras actividades do tempo de lecer-, mentres que o galego queda restrinxido só ao 12,20% dos casos e a porcentaxe restante decántase por ambas as linguas.

O último dos factores que consideramos de importancia á hora de analizar a influencia dos diferentes axentes nos nenos e nenas é o tempo de xogo con iguais, posto que o 94,40% lle dedica entre 1 e 3 horas ao día a esta actividade. Canto ao idioma en que fala, a maioría dos compañeiros de xogo destes alumnos e alumnas é predominantemente, de novo, o castelán, nunha porcentaxe do 90,10%, en tanto que a influencia do galego por parte destes compañeiros ou compañeiras só é do 7,70% dos casos.

Por tanto, encontramos na cidade de Ourense nenos e nenas que están expostos a maior parte do tempo ao castelán, e nalgúns casos mesmo de forma exclusiva.

4.3. Análise de casos

A continuación, ofrécese unha breve descrición do perfil lingüístico do alumnado entrevistado (10 en total), segundo os datos recollidos nas enquisas, e, por tanto, proporcionados polas súas familias; tal como dixemos, trátase de 5 alumnos do grupo A e 5 do grupo B, todos de 3 anos de idade. Os nomes do alumnado usados son ficticios co fin de garantir o anonimato dos informantes.

Comezaremos facendo a descrición dos 5 membros do grupo A, dos que cómpre recordar que a influencia que teñen respecto ao idioma do profesorado é o galego, aproximadamente nun 85%.

GRUPO A: Titora galegofalante			
Alumnado	Lingua habitual	Lingua predominante no ámbito familiar	Influencia da lingua da escola (segundo os pais)
Ana	Só castelán	Máis castelán	Cren que agora fala máis galego
Roi	Máis castelán	Pai: galego/Nai: castelán	Non
Eva	Máis castelán	Máis castelán	Cren que agora fala máis galego
Alba	Máis castelán	Máis galego	Ns./Nc.
Leo	Só galego	Só galego	Cren que agora fala máis castelán

Táboa 2: Perfil lingüístico segundo as enquisas (grupo A).

Canto aos datos das enquisas das 5 alumnas do grupo B, nas que predomina o castelán no profesorado (aproximadamente nun 80%), estes son os resultados:

GRUPO B: Titora castelanfalante			
Alumnado	Lingua habitual	Lingua predominante no ámbito familiar	Influencia da lingua da escola (segundo os pais)
Sara	Máis castelán	Máis castelán	Cren que agora fala máis castelán
Julia	Máis castelán	Máis castelán	Cren que agora fala máis galego
Noa	Máis castelán	Máis castelán	Cren que agora fala máis castelán
Marta	Máis galego	Só galego	Cren que agora fala máis castelán
Laura	Só galego	Só galego	Cren que agora fala máis castelán

Táboa 3: Perfil lingüístico segundo as enquisas (grupo B).

4.4. Análise das entrevistas

Para a análise das entrevistas, diferenciamos entre a *entrevista inicial* e a *final*, resaltando ademais que, como ben se explicou anteriormente, a súa metodoloxía foi modificada nalgúns aspectos. A análise fíxose dun xeito individualizado para cada alumno ou alumna, diferenciando tamén entre o grupo A e o grupo B.

Os datos do grupo A poden verse nas Táboas 4 e 5.

ENTREVISTA INICIAL – GRUPO A		
Alumnado	Proba das imaxes	Fala espontánea
Ana (castelanfalante)	Totalmente en castelán	Totalmente en castelán
Roi (castelanfalante)	Totalmente en castelán	Totalmente en castelán
Eva (castelanfalante)	Totalmente en castelán	Totalmente en castelán
Alba (castelanfalante)	10 nomes en castelán 3 nomes en galego 2 nomes mesturando os dous idiomas	Mayoritariamente en castelán
Leo (galegofalante)	9 nomes en castelán 5 nomes en galego 1 nome erróneo	Totalmente en galego

ENTREVISTA FINAL – GRUPO A		
Alumnado	Proba das imaxes	Fala espontánea
Ana (castelanfalante)	5 nomes en castelán 10 nomes en galego	Totalmente en castelán
Roi (castelanfalante)	10 nomes en castelán 5 nomes en galego	Totalmente en castelán
Eva (castelanfalante)	9 nomes en castelán 6 nomes en galego	Totalmente en castelán

Alba (castelanfalante)	13 nomes en castelán 2 nomes mesturando os dous idiomas	Maioritariamente en castelán
Leo (galegofalante)	7 nomes en castelán 8 nomes en galego	Totalmente en galego

Táboas 4 e 5: Datos obtidos nas entrevistas iniciais e finais do grupo A.

Os datos das entrevistas inicial e final no grupo B poden verse nas Táboas 6 e 7.

ENTREVISTA INICIAL – GRUPO B		
Alumnado	Proba das imaxes	Fala espontánea
Sara (castelanfalante)	14 nomes en castelán 1 nome en galego	Totalmente en castelán
Julia (castelanfalante)	12 nomes en castelán 3 nomes en galego	Totalmente en castelán
Noa (castelanfalante)	13 nomes en castelán 2 nomes en galego	Totalmente en castelán
Marta (galegofalante)	14 nomes en castelán 1 nome en galego	Totalmente en castelán
Laura (galegofalante)	14 nomes en castelán 1 nome en galego	Mestura dos dous idiomas

ENTREVISTA FINAL – GRUPO B		
Alumnado	Proba das imaxes	Fala espontánea
Sara (castelanfalante)	5 nomes en castelán 9 nome en galego 1 nome mesturando os dous idiomas.	Usou por igual o castelán e a mestura dos dous idiomas
Julia (castelanfalante)	15 nomes en castelán	Totalmente en castelán

Noa (castelanfalante)	15 nomes en castelán	Totalmente en castelán
Marta (galegofalante)	11 nomes en castelán 4 nomes en galego	Totalmente en castelán
Laura (galegofalante)	15 nomes en castelán	Totalmente en castelán

Táboas 5 e 6: Datos obtidos nas entrevistas iniciais e finais do grupo B.

5. Resultados

Unha vez analizada a situación escolar, familiar e social que están a vivir estes alumnos e alumnas de 3 anos, faremos unha interpretación dos resultados obtidos.

5.1. Grupo A

En primeiro lugar, imos comezar analizando o que ocorre no grupo A, que recibe un 84% das clases en galego, e no que, por tanto, esperamos un maior aumento da competencia nesta lingua, a pesar de que o 99% do alumnado ten como lingua inicial o castelán.

En efecto, só contamos cun alumno galegofalante, Leo, o cal, segundo afirman os seus pais na enquisa, fala habitualmente só galego, mesmo idioma no que recibe a educación no ámbito escolar. As influencias lingüísticas en castelán que recibe este alumno veñen dadas polas súas relacións sociais, pois tanto os amigos cos que xoga habitualmente coma os seus compañeiros da clase falan «máis castelán que galego». Canto á entrevista inicial, Leo respondeu na proba das imaxes unha minoría de palabras no seu idioma materno, malia que naquel intre este era a súa lingua habitual. Consideramos que unha das razóns polas que cambiou o idioma na entrevista é que esta se fixo colectiva, xunto con 4 alumnos castelanfalantes, e, ao ser o último en responder, a súa lingua viuse influída polo idioma dos seus compañeiros e compañeiras. Posteriormente, cando se lle realizou nese mesmo momento a entrevista persoal falando desta vez de primeiro, fixo todas as súas intervencións en galego. Porén, na entrevista final, con 7 meses de diferenza entre ambas, Leo respondeu á proba das imaxes (esta vez individualizada) case coa maioría de palabras en castelán, a pesar de que soubo dicir 8 das 15 palabras en

galego cando se lle pediu responder neste idioma. Ademais, a súa entrevista persoal pasou de ser totalmente en galego na inicial a realizar aproximadamente só a metade das súas intervencións neste idioma na final.

Neste caso, por tanto, podemos observar de forma moi clara como os factores que máis influíron neste alumno foron os referentes ao ámbito social, posto que Leo comezou a cambiar a súa lingua de uso habitual cos seus compañeiros da clase. Hoxe en día comunícase co resto do alumnado empregando unicamente o castelán, así como tamén o fai, na maioría das ocasións, para dirixirse ás mestras, que seguen a empregar tanto con el coma co resto do alumnado o idioma galego.

Tocante ao alumnado castelanfalante deste mesmo grupo A, que engloba 24 dos 25 alumnos da aula, con eles estase a aplicar un programa de inmersión ou enriquecemento, ao falarlles a maioría do profesorado en galego. Os resultados, neste caso, foron os seguintes.

Ana, alumna castelanfalante, non dubidou en empregar a súa lingua materna para contestar ambas as dúas partes da entrevista inicial (15 palabras da proba de imaxes e todas as intervencións da entrevista persoal). En canto á entrevista final, tamén utilizou o castelán en todas as intervencións. Con respecto á proba das imaxes, o uso do galego que fixo Ana nun primeiro momento foi escaso, empregándoo só á hora de nomear 3 das 15 palabras propostas (*nenos, amarelo e cabalo*). Porén, cando se lle pediu que dixese en galego as palabras que antes nomeara en castelán, foi capaz de dicir ata 10 palabras correctamente neste idioma requirido; queda, pois, constancia de que a pesar de coñecer este vocabulario en galego, opta polo uso do castelán como primeira opción. Ademais, malia a influencia castelá que recibe no ámbito familiar e social, outro dos factores que cabe destacar da alumna é a súa forma de pensar con só 3 anos, pois á pregunta de «ti por qué non falas galego?» respondeu «porque yo vivo en una ciudad, y soy de España, y en las ciudades se habla el castellano».

Ante esta situación, e apoiándonos na observación realizada coa alumna na aula, podemos destacar que o idioma das mestras, neste caso, non exerceu a suficiente influencia na alumna como para que esta empregue a lingua galega para comunicarse tanto co profesorado coma entre iguais; queda, así, nun primeiro plano, como lingua de uso habitual, o castelán, influído tanto polos ámbitos familiar e social da alumna coma polos debuxos animados e contos, xa que no seu caso os dispositivos dixitais son empregados en inglés. De todos os xeitos, si demostrou un aumento dos seus coñecementos de galego neste período, polo menos no que se refire ao léxico.

Roi é o segundo dos alumnos castelanfalantes que tampouco se iniciou no uso do galego como lingua habitual. Porén, cabe destacar que se observou un cambio na actitude do alumno cara á lingua galega, xa que, a comezos de curso, e a pesar de ter influencias paternas deste idioma, o neno corruxía algunhas palabras ditas en galego polas mestras, dicindo a palabra en castelán: «No se dice *cor* profe, se dice *color*» ou «no es *amarelo*, es *amarillo*». Podemos observar como, ao ser un alumno monolingüe, non era capaz de entender que unha palabra a podemos dicir de formas diferentes dependendo do idioma. Pola contra, cando se lle pasou a entrevista final, malia realizar todas as súas intervencións en castelán na entrevista persoal, Roi foi capaz de responder ata 5 palabras das 15 en galego, polo que podemos afirmar que a pesar de que o idioma das mestras non exercera a influencia suficiente como para cambiar a lingua habitual do neno, este iniciouse no coñecemento dalgúns termos e na familiarización de novas palabras en galego.

Eva é unha nena que, segundo a enquisa respondida polos seus pais, recibe influencia da lingua galega por parte dos seus avós e no referente ao tempo dos contos e dos dispositivos dixitais. Ademais, este achegamento ao galego acentúase ao comezar a escola, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe na súa aula realízase neste idioma. A pesar disto, e como puidemos observar na entrevista final, a nena coñece palabras pertencentes a este idioma; pero para comunicarse, continúa a empregar unicamente o castelán. Eva, malia superar o primeiro curso escolar baixo un ensino en galego, non se iniciou no emprego desta lingua, senón que son os outros factores (idioma dos pais, dos compañeiros e compañeiras de xogo e dos debuxos animados que ve) os que causaron máis influencia na nena e no mantemento do castelán como lingua de uso habitual.

Por último, no caso de Alba cabe destacar que malia recibir influencia do galego por parte dos ámbitos familiar e escolar (exceptuando os seus compañeiros), esta alumna, segundo os datos recollidos na enquisa, emprega o castelán como lingua de uso habitual. A pesar desta afirmación, a nena realizou a entrevista inicial mesturando ambos os idiomas, feito que puidemos comprobar mediante a observación na aula ao longo do curso. Os resultados de Alba foron dos máis sorprendentes, xa que, ao comparar a entrevista inicial coa final, podemos observar como se foi producindo un proceso de perda do idioma galego, malia ser das poucas alumnas que nun principio o empregaba a diario mesturado co castelán. Á parte de non saber responder case ningunha palabra en galego esta última vez, case todas as súas intervencións na entrevista foron realizadas totalmente en lingua castelá. Para finalizar, cómpre destacar que, no referente a Alba, os factores que máis influíron á hora de empregar unha lingua de forma habitual foron o idioma dos seus compañeiros e compañeiras, dos contos e dos debuxos animados.

5.2. Grupo B

A continuación, analizaremos os resultados obtidos polo grupo B, que, lembremos, recibe a maior parte da docencia (80%) en castelán.

Referente ás dúas alumnas galegofalantes deste grupo, Marta e Laura, cabe destacar que, canto ao ámbito familiar, ambas as dúas parten dunha situación similar, posto que as súas familias só empregan o galego como lingua de uso habitual e ambas están de acordo en que a escola está a modificar a lingua habitual das súas fillas, xa que agora empregan máis o castelán. Esta afirmación dos pais confírmase nos dous casos ao analizar tanto as entrevistas iniciais coma as finais das alumnas. Así, na proba das imaxes, ambas contestaron a totalidade de palabras en castelán e tamén as dúas entrevistas persoais foron respondidas tamén ao 100% en castelán tanto inicial coma finalmente.

Podemos observar como a influencia que recibiron estas alumnas canto ao idioma castelán nos ámbitos escolar e social -lingua do profesorado, dos compañeiros e dos amigos-, foi determinante á hora de posicionarse nun idioma de uso habitual, que foi en ambos os casos o castelán, abandonando por completo a súa lingua materna.

Tocante á observación levada a cabo coas dúas alumnas mentres se lles realizaba a entrevista final, cabe destacar que cando se lles dixo que debía dicir as palabras en galego, ambas tiveron unha reacción negativa ante a situación. Marta afirmou xa dende o primeiro momento que non sabía dicir ningunha; e Laura negaba coa cabeza mentres dicía timidamente ante cada imaxe que se lle ensinaba: «no lo sé...». Podemos observar como, ademais de cambiar a súa lingua de uso habitual polo castelán, as alumnas se mostran remisas a empregar o galego ante calquera situación, polo que podemos afirmar que están a desenvolver actitudes negativas cara á súa lingua familiar, o galego.

Para finalizar, no referido ás alumnas castelanfalantes do grupo B, no caso de Sara, a pesar de que os seus pais afirmaron na enquisa que a nena fala «máis castelán ca galego», cando se lle realizou a entrevista inicial a alumna respondeu a 14 das 15 palabras en galego na proba das imaxes. Porén, as súas intervencións na entrevista persoal foron todas realizadas en castelán. Atopamos pouca diferenza coa entrevista final, xa que esta vez só dixo 9 das 15 palabras en galego; pero durante a entrevista persoal realizou varias intervencións mesturando os dous idiomas. Neste caso, preguntóuselle ao profesorado do grupo cal era o idioma que empregaba Sara na aula para comunicarse cos profesores e demais compañeiros, ao que afirmaron que «sempre castelán».

Observamos como o feito de que a nena respondese en galego algunhas das cuestións preguntadas pode vir dado polo uso do idioma galego por parte da entrevistadora, á hora de realizar as entrevistas, e que non use a lingua galega na escola, debido á presenza do castelán no 80% do proceso de ensino-aprendizaxe que se leva a cabo no seu grupo, así como á influencia do castelán por parte de todos os demais axentes sociais. Ademais, podemos constatar esta situación mediante unha das respostas que dá a nena durante a entrevista final referente a que ela fala galego coa súa nai e co seu pai, mentres que o feito de recibir influencia castelá no ámbito escolar fai que a alumna prescinda do galego, polo menos neste ámbito.

Os resultados de Julia e Noa analizarémolos conxuntamente, xa que presentan unha situación lingüística similar en todos os ámbitos da súa vida. A única influencia galega que reciben vén dada polo idioma do seu pai e polo idioma en que lles len os contos. Canto aos resultados das entrevistas, a diferenza máis significativa foi que na entrevista inicial ambas responderon algunha palabra en galego na proba das imaxes (Julia 3 e Noa 1), mentres que na final as respostas déronas totalmente en castelán, igual que todas as súas intervencións nas entrevistas persoais (inicial e final). Así, estas alumnas non se inician no uso da lingua galega, senón que, pola contra, semella que perden o escaso dominio que tiñan deste idioma debido á influencia do castelán nos ámbitos escolar, social e, en gran medida, familiar.

6. Conclusións

Segundo os resultados obtidos, podemos destacar que o desenvolvemento da lingua galega no ámbito urbano segue a ser un labor complicado entre o alumnado de Educación Infantil, tanto para o alumnado castelanfalante coma para o galegofalante.

A falta de medios en galego é un importante factor en contra, polo que o labor dos mestres neste idioma debería ser primordial canto á Educación Infantil, xa que é dende as idades máis temperás cando se debería sentar unha boa base con respecto ao galego para que posteriormente o desenvolvemento desta lingua fose máis doado entre o alumnado. Ademais, cabe destacar que o feito de que o Decreto 79/2010 de plurilingüismo afirme que «na etapa de educación infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado (...)», causará efectos negativos que influirán posteriormente no escaso desenvolvemento da lingua galega entre o alumnado galegofalante, pois, nas aulas en que predomina o castelán como lingua materna, o cumprimento da lei dá lugar a unha perda completa do idioma galego.

A realización destas entrevistas permitiunos investigar sobre o grao de influencia que ten o ensino no proceso de adquisición lingüística do alumnado, dado que, ao coñecer cal é a lingua materna dos nenos e nenas da aula e o idioma en que se leva a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe no seu grupo, puidemos apreciar en que medida inflúe a incorporación ao sistema educativo. Canto aos datos obtidos, a escola non resultou ser o ámbito que máis influíu no referente ao alumnado galegofalante do grupo A (mestra galegofalante). Hoxe en día, malia a importancia que ten para o alumnado de Educación Infantil a figura do profesorado, o uso dos dispositivos dixitais, da televisión etc. é tan habitual que a súa influencia nos nenos e nenas respecto ao idioma é inmensa, xa que son moitas as horas que, segundo a enquisa, o alumnado está en contacto con estes dispositivos. A isto hai que engadir, sen dúbida, a influencia do grupo de iguais, que, no contexto estudado, favorece sempre o castelán.

Mediante os resultados obtidos, podemos constatar que, a pesar da opinión de Bieito Silva (2008: 42) que afirma que «lingua e escola son dúas realidades que exercen entre si unha influencia mutua», os seus compañeiros e compañeiras de xogo, os debuxos animados e os contos que lles len na casa son os factores que máis influén neste alumnado. Así, verbo dos datos obtidos, a escola non resultou ser o ámbito que máis influíu no referente ao alumnado galegofalante do grupo A (mestra galegofalante), do cal se esperaba que a súa incorporación ao ámbito educativo dese lugar ao mantemento da súa lingua materna, a lingua galega.

Canto ao galego, no caso de ser a lingua de uso habitual no ámbito escolar, na maioría dos casos queda restrinxida exclusivamente a este ámbito. Como puidemos comprobar nas entrevistas finais, todos os alumnos e alumnas do grupo A (profesorado galegofalante) son capaces de dicir varias palabras en galego, aínda que ningún o fala durante a entrevista na parte espontánea. Cónstalles o galego como un idioma no que saben dicir algunhas palabras que lles ensinan as profesoras, pero que non é o que empregan para falar no seu día a día; que sexa a lingua das mestras non é suficiente para que eles a incorporen á súa fala cotiá, cando menos neste nivel educativo. Habería que comprobar se a continuación deste programa lingüístico nos futuros cursos consegue unha maior instalación no galego destes nenos e nenas. Porén, aínda que non se inicien no uso habitual do galego, o emprego deste idioma por parte do profesorado dá lugar a unha clara diferenza entre os dous grupos. Así, unha das alumnas galegofalantes do grupo B (profesorado castelanfalante) perdeu por completo o coñecemento deste idioma e non foi capaz de dicir ningunha das palabras requiridas en galego; a súa compañeira Marta (galegofalante), a pesar de que soubo dicir 4 palabras en galego despois de afirmar que «es que en galego no sé», na fala espontánea substituíu totalmente xa a súa

lingua materna polo castelán. Ademais, non só cambiaron a súa lingua de uso habitual polo castelán, senón que desenvolveron actitudes pasivas ante a lingua galega. Pola contra, o alumnado do grupo A, malia non aumentar o uso da lingua galega como idioma habitual, cando se lles pediu que respondesen neste idioma, todos foron capaces de nomear en galego correctamente (en maior ou menor medida), sen negar en ningún caso que souberan facelo nin estrañarse ao facerlles esta petición.

No caso do grupo A, a lingua galega empregada pola maioría do profesorado non exerceu a suficiente influencia en Leo para que este conservase a súa lingua materna, senón que foron outros factores externos os que deron lugar a un abandono do idioma galego polo castelán, polo menos fóra do ámbito familiar. Porén, o uso do galego no proceso de ensino-aprendizaxe fixo que este alumno non desenvolvese actitudes negativas cando se lle pediu empregar o idioma galego, o que cabe destacar que fixo sen ningún problema na proba das imaxes. Ante a situación do grupo B, podemos observar como, ao haber moitos máis factores que o idioma da mestra a favor do castelán, as alumnas substituíron a súa lingua materna por completo, ao que engadiremos que, ademais de non usar o galego, nun principio negáronse a falalo, afirmando non ser capaces de recordar ningunha palabra da que un día foi a súa lingua de uso habitual. Por tanto, tras este estudo, podemos afirmar que aínda que a lingua do profesorado non sexa determinante á hora de que o alumnado empregue un idioma, si o é para dar pé a unha futura actitude que eles poidan desenvolver ante a lingua.

Quizais o ámbito escolar non sexa suficiente para manter o uso do galego como lingua materna nun contexto tan castelanizado como o estudado por nós (hábitat urbano), pero si o é para educar a nenos e nenas que sexan capaces de familiarizarse co idioma sen desenvolver actitudes negativas cara a el. En cambio, o caso contrario si se dá: o uso do castelán na escola provoca a perda total da súa lingua materna no escaso alumnado galegofalante que hai neste contexto. Xa que logo, consideramos fundamental revisar a distribución das linguas que se está levando a cabo actualmente no ensino.

Referencias bibliográficas

- Appel, René, / Muysken, Pieter (1996): *Bilingüismo y contacto de lenguas*. Barcelona: Ariel.
- Cummins, James (2002): *Lenguaje, poder y pedagogía: niños y niñas bilingües entre dos fuegos*, vol. 38. Madrid: Ediciones Morata.

DOG = Diario Oficial de Galicia, 92 (2010, 18 Maio), Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_plurilinguismo.pdf>.

Fernández, Agustín / Anxo Lorenzo / Fernando Ramallo (2007): *Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Giles, Howard / Richard Bourhis / Donald M. Taylor (1977): «Towards a Theory of Language in Ethnic Group Relations», en H. Giles (ed.), *Language, Ethnicity and Intergroup Relations*. London: Academic Press, 307-348.

IGE = Instituto Galego de Estatística: Xunta de Galicia. Dispoñible en: <<http://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>>.

Iglesias, Ana (2002): «Que fue primero, el huevo o la gallina?, ¿la competencia o la actuación?: Los problemas que implica la producción de una lengua minoritaria», en Milka Villayandre Llamazares (ed.), *Actas del V Congreso de Lingüística General*. León: Arco Libros, 1619-1631.

Martín, José Miguel (2000): *La lengua materna en el aprendizaje de una segunda lengua*, vol. 14. Sevilla: J. de Haro Artes Gráficas.

Siguán, Miquel / William F. Mackey (1986): *Educación y bilingüismo*. Madrid: Santillana.

Silva, Bieito (2008): «Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro», *Grial* 179, 48-59.

OS RESULTADOS GALEGOS DO NOME LATINO CAECILIA

The Galician results of the Latin name Caecilia

Icía Moreiras Villamarín

Universidade de Vigo

iciamv@gmail.com

Resumo: Neste traballo de onomástica preséntase un estudo sobre o nome propio latino CAECILIA e as súas variantes galegas *Icía*, *Cecía* e *Cilla*, ademais da forma culta *Cecilia*. Analízase a orixe deste nome e os seus resultados populares ou patrimoniais, que tamén se conservaron como haxiotopónimos. Na busca desa información en documentos medievais galegos foron empregados recursos documentais como o CODOLGA, TMILG, ACS, ARG e o *Catastro de Ensenada*. Ao final engádense as referencias bibliográficas e os recursos na web que se empregaron para este traballo.

Palabras chave: Onomástica, antroponimia, *Caecilia*, *Cecilia*, *Icía*, *Sía/Cía*, *Cilla*, *Cecía*, haxiónimo, haxiotopónimo, advocación.

Abstract: This article is an elaboration of a monograph about the Latin name *Caecilia* and its Galician variants: *Icía*, *Cecía* and *Cilla*. As a piece of work on onomastics we examine the origin of this name and see its popular results, which were also preserved as hagiotoponyms. In order to proceed with this research, documentary resources as CODOLGA, TMILG, ACS or ARG were employed, which helped me to find the relevant information in Galician medieval documents. Likewise, at the end, I included the bibliographic references and online resources that helped me to carry out this work.

Keywords: Onomastics, anthroponymy, *Caecilia*, *Cecilia*.

1. Introducción¹

Icía, un nome curto, sinxelo, con sonoridade e ademais galego. Isto é o que di miña nai cando se lle pregunta por que me puxo este nome. Supoño que o da sonoridade debe ser porque é a patroa dos músicos; e tamén por ser un nome pouco corrente xa que ao longo de toda a miña vida só coñecín a outra persoa chamada *Icía*, e foi xustamente na facultade en que estudaba.

Mais este nome tan sinxelo non o debe ser tanto para o resto da xente, xa que dende que miña nai me levaba ao pediatra tiña problemas ao dicir como me chamaba. Ela pronunciaba o meu nome, pero a enfermeira na ficha poñía *Lucía*, e cando llo volvía repetir pasaba a escribir *Itziar*. Así que na nosa casa cando lle temos que dicir a alguén como me chamo sempre pronunciámos I-C-Í-A. É dicir, deletreámolo porque, se non, sempre poñerán calquera nome semellante e non o meu. A pesar disto, milleiros de veces pasan a escribilo con <z>. Agora sei que en Galicia hai na actualidade 440 portadoras deste nome². *Icía*, como explicaremos neste traballo, é unha variante galega do nome *Cecilia*.

Coido que por todo isto decidín estudar este nome tan curto, sinxelo, pero tamén pouco coñecido e, deste xeito, saber máis de onde procede e coñecelo mellor.

2. Un traballo de onomástica

A *onomástica* é a disciplina lingüística que se ocupa dos nomes propios. Ten dúas ramas principais: a onomástica persoal ou *antroponimia* e a onomástica xeográfica ou *toponimia*. Ambas as dúas están estreitamente relacionadas entre si: os nomes persoais poden dar orixe a nomes de lugar e os nomes de lugar poden dar orixe a nomes persoais.

Mentres o léxico común está constituído por signos lingüísticos compostos por un significante e un significado, os nomes propios presentan tres elementos: o significante, o significado e o referente ou realidade única designada polo nome. Na

¹ O presente estudo, agora modificado nalgúns aspectos, foi o meu Traballo de Fin de Grao, presentado en xullo de 2016 na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Por iso, quero expresar aquí o meu agradecemento a quen foi o seu director, o profesor Gonzalo Navaza, polo seus consellos, axuda, paciencia e enteira dedicación durante o desenvolvemento do traballo.

² <<http://www.ine.es/widgets/nombApell/index.shtml>>. [Último acceso: 30/06/2016]

práctica, o significado dun nome propio é innecesario na comunicación, pois esa función vén ocupada polo referente; con frecuencia descoñecemos o significado dun nome, pero sabemos ben qué lugar ou qué persoa se chaman así.

Os estudos de onomástica con frecuencia adoptan un enfoque diacrónico ou histórico. O mesmo faremos neste traballo, aproveitando a documentación histórica que proporcionan algunhas ferramentas informáticas accesibles en internet das cales falaremos máis adiante.

Ó longo deste traballo usamos os seguintes termos e conceptos da onomástica, baseándonos no *Diccionario de términos filológicos*, obra de Fernando Lázaro Carreter (1973: 50-223):

- *Antropónimo*: un nome de persoa (habitualmente usado tamén co valor de *antropónimo individual*, pois tamén son antroponimia os *antropónimos familiares* ou apelidos).
- *Haxiónimo*: nome dun santo ou santa (o santoral cristián foi o principal repertorio fornecedor de nomes individuais ao longo dos séculos).
- *Advocación*: haxiónimo do santo patrón dunha parroquia.
- *Haxiotopónimo*: topónimo consistente nun nome de santo.
- *Hipocorístico*: vocábulo usado, con intención afectuosa, que ás veces foi sometido a certa deformación. Con este termo alúdese, especialmente, ás abreviacións e modificacións que sofren os nomes propios na lingua familiar; por exemplo, *Concha* é hipocorístico de *Concepción*.

3. O nome latino CAECILIA: a Santa Cecilia cristiá

A orixe dos nomes persoais latinos CAECILIUS, CAECILIA é discutida. Para algúns serían de orixe etrusca; para outros, derivados do latín CAECUS ‘cego’ (Boullón 1999: 170; Machado 1993: 383). Tiveron uso frecuente en Roma, onde unha das familias patricias da cidade era a *gens Caecilia*. Tanto a forma masculina coma a feminina foron habituais como nomes persoais na Hispania romana: Abascal Palazón (1994: 98-101) rexistra 247 testemuños de *Caecilius* / *Caecilia* ou *Cecilius* / *Cecilia* na epigrafía hispana e sitúao no oitavo lugar por orde de frecuencias entre os xentilicios romanos empregados na Península.

O nome masculino mantivo certo uso nalgunhas linguas (gal. *Cecilio*, esp. *Cecilio*, fr. *Cécile*), pero sobre todo tivo éxito o nome feminino correspondente ao latín

Caecilia, difundido polo cristianismo e o culto a *Santa Cecilia*, unha mártir cristiá de Roma (séc. II-III, morta arredor de 220-225). Houbo outras mártires e santas con ese nome (*GDIS*: s.v.), pero a principal foi esta Santa Cecilia romana, que dende pouco despois do martirio foi obxecto de veneración e culto entre os primeiros cristiáns por todo o Imperio e tamén en Hispania. Forma parte do santoral cristián hispano primitivo, anterior ao século VIII, e documéntase o seu culto na España visigoda (García González 1966: 169-170). En Galicia seguramente tamén foi obxecto de culto dende os primeiros séculos do cristianismo, pois, como veremos, na documentación galega anterior ao ano 1000 atopamos lugares chamados Santa Cecilia (haxiotopónimos) e parroquias que levan esta santa como advocación.

O nome *Cecilia* constitúe un cultismo en galego, pois nese contexto fónico o resultado patrimonial non conservaría o grupo *L+iode* (en galego ou ben daría unha palatal, coma en *FILIA* > *filla*, *SANCTA EULALIA* > *Santalla*; ou ben perderíase o -L-: *SANCTA EULALIA* > *Santaia* / *Santa Baia*). En castelán tamén é un cultismo pola mesma razón da conservación do grupos *L+iode*, pois o resultado patrimonial desa lingua para a terminación -*ILIA* sería -*ija* (*FILIA* > *hija*). En Italia, *Cecilia* tamén é un dos poucos nomes que mantivo un uso continuado dende a antiga Roma e ademais sen alteracións fonéticas de importancia, coa mesma grafía invariable (Rossebastiano 2005: 258).

Ademais do cultismo *Cecilia*, existen tamén resultados populares ou patrimoniais, por exemplo *Icía*, *Cilla* e *Sía*, que se conservaron como haxiotopónimos. Estes resultados patrimoniais prodúcense por dous fenómenos fonéticos:

- 1) porque alteran o grupo *L+iode* (que perde o *L* en *Sía* e palataliza en *Cilla*);
- 2) porque perde unha sílaba por haplloxía (nos tres casos citados).

A haplloxía é un tipo de disimilación polo cal se contraen dúas sílabas cando posúen consoantes iguais (Lázaro Carreter 1973: 218). En inglés tamén é común o hipocorístico *Cilia*, como se pode ver, por exemplo, na letra da canción «Cecilia» ddo dúo Simon and Garfunkel; isto é, o fenómeno tamén se produce con este nome noutras linguas.

O *Dicionario dos nomes galegos* (s.v. *Icía*) recolle o cultismo *Cecilia* / *Cecilio* e mais as formas patrimoniais variantes *Cecía*, *Cilla* e *Icía*. Dálle preferencia a esta última, que constitúe entrada (Ferro 1992: 309), mentres que en *Cecilia* ou *Cecía* (Ferro 1992: 194) remítese a *Icía*. As formas *Sía* e *Cía* aparecen neste dicionario como hipocorísticos.

4. O haxiotopónimo e a advocación en Galicia

O *Nomenclátor de Galicia* elaborado pola Comisión de Toponimia de Galicia (2003) recolle os seguintes lugares relacionados co culto a Santa Cecilia:

- *Santa Cecilia de Trasancos*³, parroquia no concello de Ferrol (A Coruña).
- *Santa Sía de Roma*, lugar e parroquia no concello de Zas (A Coruña).
- *Santa Cilla do Valadouro*, parroquia no concello de Foz (Lugo).
- *Santa Icíá*, lugar da parroquia de Morás, concello de Arteixo (A Coruña).
- *Santa Icíá*, lugar da parroquia de Loureiro, no concello de Sarria (Lugo).

Santa Sía constitúe unha forma con seseo (propio desa zona coruñesa de Xallas e Soneira onde se localiza o concello de Zas), que é resultado dunha haplloxía e de perda do *L* no grupo *L+iode*. Interpretamos que o segundo elemento (Roma) forma parte do haxiotopónimo; isto é, do nome da santa -como cando se di *San Tomé de Aquino* ou *Santa Rosa de Lima*-, aínda que tamén se ten interpretado ese Roma como un topónimo de orixe xermánica.

En *Santa Cilla*, ademais da haplloxía, o grupo *L+iode* dá como resultado a palatal, como en *FILIA* > *filla*.

A grafía *Santa Icíá* reproduce unha pronuncia /santicía/, variante da /santacía/ con alteración da vogal pretónica.

Nas parroquias mencionadas, o nome vén motivado pola propia advocación parroquial, que é a santa romana. Nos lugares que non constitúen parroquia, por algunha ermida ou capela dedicada á santa. Ademais das mencionadas, *Santa Cecilia* tamén é advocación da parroquia de Freán, no concello do Saviñao, en Lugo; pero neste caso non deu orixe a un haxiotopónimo.

Noutras áreas peninsulares, fronte ao resultado común que tamén mantén o cultismo *Cecilia*, existen haxiotopónimos que revelan os resultados patrimoniais deste nome. López Santos dá os exemplos de *Santa Cilia* (*Santa Cilia de Jaca*, Huesca) e *Santecilla* (localidade de Burgos), pero vacila nos galegos *Santa Icíá* (que el escribe *Santa Icia*, sen acento): «*Caecilia: Sta. Cecilia, Sta. Cilia, Santecilla* y quizá *Sta. Icia*, con pérdida de *-ly-* (...), pudiera catalogarse en *Sta. Lucía*, pero no parece explicado el cambio *u > i.*» (López Santos 1960: 609).

³ *Santa Cecilia de Trasancos* pertencía ao concello de Serantes, que no ano 1940 se anexionou a Ferrol. No *Nomenclátor* de 2003 aparece con esta forma, pero xa foi corrixida para *Santa Icíá de Trasancos*, que será a que figurará na próxima edición.

No seguinte mapa de Galicia están sinalados con números os concellos onde se encontran os haxiotopónimos citados anteriormente:




Figura 1: Haxiotopónimos derivados existentes en Galicia.

Como se ve, a parroquia de *Santa Cecilia de Trasancos* que pertence ao concello de Ferrol está representada no mapa co 1; *Santa Sía de Roma*, en Zas, aparece no 2; *Santa Cilla do Valadouro*, parroquia no concello de Foz, está sinalada como 3; *Santa Icía*, pertencente á parroquia de Morás en Arteixo, atópase no mapa co 4; e, por último, *Santa Icía*, que está situada na parroquia de Loureiro en Sarria, represéntase no mapa como 5.

Como se verá máis adiante, onde existe maior densidade de parroquias portadoras de *Icía* na actualidade é nas provincias da Coruña e Lugo, onde se atopan os haxiotopónimos que acabamos de mencionar.

5. O nome e o haxiotopónimo no CODOLGA

Nos documentos medievais galegos en latín que se recollen no CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) seleccionamos as seguintes atestacións do nome *Cecilia*, que amosan o seu uso continuado ao longo dos séculos. Vemos en primeiro lugar algúns exemplos do seu emprego como antropónimo:

«...ego Maruan et uxor mea Cecilia» (ano 951, Catedral de León)
«domna Cecilia et sociis suis» (ano 1010, Celanova)
«...meum quinionem de vinea qui comparamus de domna Cecilia»
(ano 1232, Melón)
«...tres vineas, una que fuit de domna Cecilia» (ano 1232, Melón)
«...ego donna Cecilia cum marito meo Iohanne Pelagii» (ano 1235, Oseira)
«vobis Johanni Martini dicto Lauaromeus et uxori uestre Cecilie Didaci»
(ano 1238, Toxosoutos)

Nunha ocasión atopamos en textos latinos a variante *Sicilia*, que aparecerá posteriormente con frecuencia na documentación escrita en galego e en castelán:

«et damus vobis in ipso casare ratione quos fuit de Sicilia» (ano 1025, Celanova)

Tamén se documenta no CODOLGA o correspondente nome masculino *Cecilius*. Por exemplo, *Cecilius* é o nome dun dos monxes do mosteiro de San Sebastián do Pico Sagro (segundo vemos nun documento do ano 1029 do mosteiro de San Martiño Pinario). Este nome deu orixe a un apelido patronímico *Cecilez* ou *Ceciliz* («viro meo Citi Ceciliz», vemos nun documento de Samos do ano 1023), que aparentemente non sobreviviu despois da Idade Media.

Na documentación medieval en latín rexístranse coa forma *Sancta Cecilia* os haxiotopónimos que vimos. A data máis antiga é de mediados do século VIII, o que confirma que Santa Cecilia formaba parte do santoral cristián primitivo da península, anterior á Reconquista:

«ecclesia sancte Eolalie et sancta Cecilia et uilla de Ageredi» (ano 747, Lugo)

Esta atestación refírese á parroquia de Freán (O Saviñao), pois *Santa Eolalia* é o lugar chamado hoxe *Santalla*, na veciña parroquia de Licín (O Saviñao, Lugo) e *Ageredi* é a parroquia de *Eiré* (Pantón, Lugo).

Tamén se rexistra en latín como *Sancta Cecilia* a parroquia de *Santa Cilla do Valadouro* (Foz, Lugo):

«Menduniensi episcopus P. Ciueira (...) in sancta Cecilia abbas P. Gundisaluit»
(ano 1192, Sobrado)

E o lugar de *Santa Icía* (Loureiro, Sarria, Lugo):

«inde per Barrarios, et inde per terminos de *Sancta Cecilia*» (ano 1089, Samos)

Na parroquia ferrolá de *Santa Cecilia de Trasancos* houbo un mosteiro na Idade Media:

«*sancta Cecilia* ia cum uestro cauto» (ano 1132, Xubia)

«domnus Petrus archidiaconus in *Sancta Cecilia*» (ano 1151, Xubia)

«archidiaconus Petrus in Trasanquos, in *Sancta Cecilia* abbate Menendi»
(ano 1162, Xubia)

Na documentación do mosteiro de Toxosoutos aparece como *Sancta Cecilia* a parroquia de Santa Sía de Roma (Zas, A Coruña):

«quantum habeo in Sancta Cecilia» (ano 1136, Toxosoutos)

«Sancte Cecilie» (ano 1173, Toxosoutos)

«Sancta Cecilia» (ano 1195, Toxosoutos)

En ningún caso leva o segundo elemento «de Roma» na documentación medieval, nin nestas atestacións en latín nin nas posteriores en galego, onde aparece como *Santa Cecía* (*Santa Cezia*, *Santa Cecilia*). En ocasións figura como composto, pero o seu segundo elemento é *Soneira*, o nome da comarca en que se encontra: *Santa Çeçya de Soneyra* (Martínez Lema 2010: 43). A primeira atestación con «de Roma» que rexistra Martínez Lema é do ano 1607, en documentos en castelán e como *Santa Cecilia de Roma*.

Na parroquia de Bastavales (Brión, A Coruña) houbo unha capela dedicada a Santa Cecilia que tamén aparece na documentación medieval de Toxosoutos:

«ecclesiarum uidelicet de Sancto Iuliano de Bastavales et de Sancta Cecilia»
(ano 1176, Toxosoutos)

«de ecclesiis de Bastavales et de Sancta Cecilia et de Pignario»
(ano 1181, Toxosoutos)

«de ecclesia Sancti Iuliani de Bastavales et de Sancta Cecilia»
(ano 1181, Toxosoutos)

Segundo contan algúns autores no blog *O noso patrimonio*⁴, esa antiga capela ou ermida de Bastavales pode ser a *Santa Cecilia* ou *Santa Cecilia do Soberal* que aparece nas cantigas de romaría de Martín de Xinzo⁵, xogar do século XIII.

⁴ <<http://onosopatrimonio.blogspot.com.es>>.

⁵ Habitualmente pénsase que Martín de Xinzo era de Pontearreas, onde hai unha parroquia chamada Xinzo. Segundo o autor deste blog, a romaría Santa Cecilia que menciona este xogar nas súas cantigas podería ser a de Bastavales, pois tamén en Bastavales hai un Xinzo.

6. O nome persoal e o haxiónimo no TMILG

Na documentación medieval en galego contida no TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega), o nome aparece con diferentes variantes en galego medieval, nuns casos con conservacións do *l+iode*, noutros xa coa súa palatalización e tamén baixo outras formas populares.

6.1. Formas con conservación de *l+iode*

A forma culta latinizante, con conservación de *l+iode*, rexístrase como nome persoal con moitas variacións gráficas:

- «a meatade que da dita Cecilia Afon(so)» (ano 1453, Tui)
- «a dita Cezilia Afonso» (ano 1453, Tui)
- «aforamento a Cicilia Afon(so)» (ano 1453, Tui)
- «Gómez Martínez mariñeiro e sua moller Cezilia Garcia» (ano 1577, Pontevedra)

Son moi comúns dende a Idade Media ata polo menos o século XVIII as grafías en que coincide este nome co da illa mediterránea de Sicilia:

- «de dona Scizilia» (ano 1260, Testamento de Estevo Pérez)
- «Sycilia Garçia, absente» (ano 1502, Pontevedra)

A illa de Sicilia pode aparecer tamén como *Cecilia* ou variantes, coma nestes exemplos tomados do TMILG da *Crónica Xeral*:

- «casada cō el rrey Guyllem de Cezilia, cujo fillo foy el rrey Guyllē»
- «de Lonbardia et de Cezilia et de Calabria»
- «de Cezilia, de Gascona, de Cataloña»

(*Crónica Xeral*, c.1300)

Tamén é habitual precedido do adxectivo *santa*, relativo ao culto da mártir de Roma. Ás veces emprégase para referirse ao día da súa festividade, o 22 de novembro:

- «en día de Santa Cecilia» (ano 1242-1252)

Do mesmo xeito presenta a forma e a grafía *Santa Cecilia* a mencionada romaría das cantigas de Martín de Xinzo (século XIII). Velaquí a máis coñecida desas cantigas⁶:

⁶ <<https://www.cirp.gal/pls/bdo2/f?p=129:30:1398305696575417784::NO::P30 IDC:1037>>.

Como vivo coitada, madre, por meu amigo,
ca m'enviou mandado que se vai no ferido:
e por el vivo coitada!
Como vivo coitada, madre, por meu amado,
ca m'enviou mandado que se vai no fossado:
e por el vivo coitada!
Ca m'enviou mandado que se vai no ferido,
eu a Santa Cecilia de corazón o digo:
e por el vivo coitada!
Ca m'enviou mandado que se vai no fossado,
eu a Santa Cecilia de corazón o falo:
e por el vivo coitada!

(Martín de Xinzo)

O TMILG, coa etiqueta LP ('lírica profana'), rexistra os seguintes versos deste autor que conteñen o haxiónimo:

«Ai vertudes de Santa Cecilia» (1240-1300, LP)
«eu a Santa Cecilia de corazón o digo» (1240-1300, LP)
«eu a Santa Cecilia de corazón o falo» (1240-1300, LP)
«Rogu ' eu Santa Cecilia» (1240-1300, LP)
«ir a Santa Cecilia» (1240-1300, LP)
«e chorar muit ' en Santa Cecilia» (1240-1300, LP)
«a Santa Cecilia, ant ' o seu altar» (1240-1300, LP)
«orar u chamam Santa Cecilia» (1240-1300, LP)
«Orar u chaman Santa Cecilia» (1240-1300, LP)

O paso de *L+iode* a palatal (latín *FILIA* > galego *filla*) xa estaba consumado na Idade Media, o que quere dicir que a forma popular do nome presente no haxiotopónimo *Santa Cilla do Valadouro* xa era *Cilla*, a pesar de que na escrita se recolla cunha grafía diferente:

«quarta parte sen cura de santa Cesilia que he enno couto de San Martiño [do Valadouro]» (ano 1378, Mondoñedo)
«enna dita iglesia de santa Çezilia con todo o dereito» (ano 1432, Mondoñedo)
«herdades de Folgoso, fiigresia de Santa Cesilia» [do Valadouro].
(ano 1410, Viveiro)
«Vaasco Peres clérigo de santa Cçilia no proua cousa algua que aproueyte»
(sen data, Mondoñedo).

6.2. Formas con *l+iode* palatalizado

Na edición de Mettmann (1981) das *Cantigas de Santa María* (ano 1264-1284) aparece unha variante *Santa Cecilla*, onde o grupo *L+iode* palataliza:

«en Santa Cezilla, || na pia sagrada» (Cantiga nº 89)

E coincide exactamente co nome empregado nas mesmas cantigas para a illa de Sicilia:

«genoeses, pisãos | e outros de Cezilla» (Cantiga nº 169)

«tempestade de fogo en terra de Cezilla» (Cantiga nº. 307)

«Cezilla é hũa insoa de mar» (Cantiga nº. 307)

6.3. Formas populares

As formas populares non adoitan aparecer na documentación escrita medieval. Unicamente atopamos as mencionadas atestacións da parroquia de *Santa Sía de Roma*, que se rexistra con formas nas cales aínda non se producira ou non se consolidara definitivamente a haploloxía ou perda dunha sílaba:

«Item aa ygregaa de Santa Cezia» (ano 1289, Toxosoutos)

7. O nome noutras fontes documentais galegas

No buscador do Arquivo do Reino de Galicia (ARG) só atopamos resultados para a forma *Cecilia* no seu uso como antropónimo nun período que vai dende o século XVI ata a actualidade. Como haxiotopónimo tamén aparece a variante *Santa Icía*, non só para os lugares así chamados en Arteixo e Sarria, senón tamén para a parroquia de *Santa Cecilia de Trasancos*, que aparece como *Santa Icía* en documentos pertencentes ao Concello de Narón. Como a data destes documentos é relativamente recente (1975), podería pensarse nunha galeguización forzada, que quizais parte da falsa idea de que a forma *Santa Cecilia* non é galega ou é menos galega ca as variantes populares como *Santa Icía*. En calquera caso, esa galeguización de *Santa Cecilia* como *Santa Icía* na zona de Narón e Ferrol xa contaba con certa tradición, pois en 1932, durante a Segunda República, segundo podemos ver no mesmo servidor web do Arquivo do Reino de Galicia, funcionou na zona rural de Ferrol unha sociedade chamada «Protectora Ganadera de Santa Icía y Leixa», cun nome que facía

referencia ás parroquias de *Santa Cecilia de Trasancos* e de *Leixa*, ambas hoxe en día do concello de Ferrol.

No servidor do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) localizamos máis de cen atestacións do nome persoal *Cecilia* en documentos que van do século XVI ao XVIII. O buscador só fai buscas no texto dos resumos, e nestes hai tendencia a regularizar os nomes persoais e a escribir a forma actual dos topónimos, polo que non sempre coincide o resultado das buscas coa grafía exacta que lemos nos manuscritos, cousa que se pode comprobar naqueles documentos que van acompañados de reprodución fotográfica. Así, moitas das *Cecilia* que aparecen nas buscas, nos documentos manuscritos son realmente *Sicilia*, *Sezilia*, *Zezenia*, *Secilia*, *Cicilia* etc. No haxiotopónimo, para *Santa Sía de Roma* atopamos diferentes variantes:

- «Santa Cecilia de Roma» (a.1570, ACS)
- «Santa Sía de Roma» (ano 1574, ACS)
- «Santa Zezenia de Roma» (ano 1575, ACS)
- «Santa Sezilia de Roma» (ano 1587, ACS)
- «Santa Cia de Roma» (ano 1591, ACS)

Pero nos resultados do buscador aparecen todas como *Santa Cecilia de Roma*, ou *Santa Sía de Roma*, a forma oficial actual recollida no *Nomenclátor de Galicia*.

Por exemplo, as máis antigas atestacións do complemento «de Roma», que corresponden ao último terzo do século XVI, aparecen nos resultados do buscador do Arquivo da Catedral de Santiago cando escribimos «Santa Sía», pero se examinamos os documentos manuscritos naqueles casos en que se ofrece imaxe fotográfica, vemos que ese complemento só se aplicou en principio a formas que non perdían o -L-, como vemos na Figura 2, correspondente ao documento de 1570:




Figura 2: «su anexo santa zezenia de rroma».

Noutro documento de 1594 lemos no resumo «rector de Santa Sía de Roma», mentres que no manuscrito o que se le é «rector de Santa Cezilia de Roma», como se ve na Figura 3:




Figura 3: «rector de Santa Cezilia de Roma».

Noutros estudos de onomástica galega dos «Séculos escuros» (XVI-XVIII) confírmase que a forma latinizante *Cecilia* e as súas variantes gráficas mantiveron uso como nomes persoais, a diferenza das formas populares ou patrimoniais, que só tiveron uso como nomes de lugar: *Santa Icía*, *Santa Sía*, *Santa Cilla*. Así, no padrón de San Clodio do Ribeiro do ano 1580 figura este nome entre os corenta nomes femininos máis comúns (Fernández 2010: 83). Rexístrase con catro variantes; a máis frecuente é *Cicilia*, con asimilación vocálica, que supera en uso a forma etimolóxica (*Cecilia*) e as variantes con disimilación consonántica (*Secilia*, *Sicilia*). O autor sinala o paralelismo das alteracións que se producen en galego neste nome (asimilación vocálica, disimilación consonántica) coas variantes rexistradas en portugués e en español, e tamén en inglés, onde coexisten as formas: *Cecilia*, *Cecily*, *Cicily*, *Sissily*, *Sissy* (Fernández 2010: 89).

En realidade, a forma *Cecilia* só se regularizou a partir do XIX, pois no XVIII aínda temos rexistros doutras variantes. Esta variación afecta tamén aos topónimos. Así, a parroquia ferrolá de *Santa Cecilia de Trasancos* figura no *Catastro de Ensenada*, en consulta no portal PARES (ano 1753), como *Santa Cicilia de Tresancos* (Figura 4):




Figura 4: «Santa Cicilia de Tresancos».

E como *Santa Zicilia de Trasancos* na Figura 5:




Figura 5: «Santa Zizilia de Trasancos».

Do lugar chamado *Santa Icía* no concello de Sarria sabemos que ese nome conviviu coa variante sen haploloxía ata polo menos o século XVIII, pois figura como *Santa Cecía* nunha memoria das posesións do mosteiro de Samos datada en 1775, segundo informa Díaz Fuentes (1998: 202) no seu estudo da toponimia de Sarria.

8. As variantes galegas de *Cecilia*

No último cuarto do século XX, despois da morte de Franco, a recuperación das liberdades lingüísticas afectou tamén á onomástica. En Galicia, ademais da forma común *Cecilia*, comezaron a empregarse na onomástica persoal outras variantes populares que ata entón só tiñan uso na toponimia, como *Cilla* (tomada do topónimo *Santa Cilla do Valadouro*, Foz) e *Icía* (dos topónimos *Santa Icía* de Arteixo e de Sarria). Estas variantes interpretáronse como as formas xenuinamente galegas de *Cecilia*, dende o punto de vista fonético, xa que na primeira o *L+iode* palataliza (evolución propia do galego, como en *FILIA* > *filla*, aínda que tamén se pode dar esa evolución esporadicamente en castelán, como vemos no *Santecilla* de Burgos) e, na segunda, perdese o *-L-*, fenómeno propio do galego (*VOLARE* > *voar*).

Ademais de *Cilla* e *Icía*, tamén se recuperou a forma antiga *Cecía*, que se documenta, como vimos, dende a Idade Media (é unha das formas con que se rexistra a actual *Santa Sía de Roma*) ata o século XVIII (na atestación do lugar de Sarria en 1775 que vimos no apartado anterior).

De acordo cos datos proporcionados por A. Boullón (1998, 2008), que parte do censo de poboación completo, vemos a evolución do uso década a década en Galicia:

	<i>Cecilia</i>	<i>Cecía</i>	<i>Icía</i>	<i>Cilla</i>
1900	1			
1910	18			
1920	73			
1930	113		1	
1940	80			
1950	93			
1960	80			
1970	214	1	4	1
1980	200	2	12	
1990	114		62	
2000	162	2	200	

Táboa 1: Evolución de uso.

Estes datos mostran o notable incremento de uso da forma *Icía*, que chegou a superar en Galicia á variante culta ou latinizante *Cecilia*, coincidente co castelán. Vemos o incremento representado na gráfica da figura 6:




Figura 6: Gráfica da evolución de uso de cada unha das formas.

Aínda poderíamos actualizar estes datos unha década máis servíndonos da páxina do INE (Instituto Nacional de Estadística) relativa ás cuestións onomásticas, que parte do censo de 2011⁷. Nesta páxina obtivemos os seguintes datos relativos á distribución xeográfica de portadores do nome *Icía* e a súa media de idade:




Figura 7: *Icía* en España segundo o censo de 2011 (INE).

As 492 portadoras de *Icía* localízanse case exclusivamente en Galicia (as rexistradas en Madrid pertencen quizais a familias de ascendencia galega). Comparados cos datos da década anterior, vemos que continúa e se intensifica o notable aumento de uso, agora quizais máis acusado, que fai que debamos incluír *Icía* entre os novos nomes xenuinamente galegos que conseguiron consolidarse no repertorio onomástico. Con todo, aínda pode considerarse minoritario (e recente, pois a idade media das portadoras é de 9 anos), xa que outros nomes desas mesmas condicións (como *Iria*, *Uxía*, *Antía*...) contan por miles o número de portadoras e xa non só se empregan en Galicia senón tamén noutros lugares da Península.

Das variantes galegas de *Cecilia* que comezaron a empregarse a partir da década de 1970, *Icía* é sen dúbida a de maior éxito. Se buscamos no servidor do INE as outras variantes, ofrécesenos a resposta de que «No existen habitantes con el

⁷ <<http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>> e <<http://www.ine.es/widgets/nombApell/index.shtml>>. [Consulta do 6/9/2017]

nombre consultado o su frecuencia es inferior a 20 para el total nacional (ó 5 por provincia)», pois o servidor funciona con esa limitación imposta pola lexislación de protección de datos persoais.

9. Santa Cecilia e a música

Santa Cecilia é universalmente coñecida por ser a patroa dos músicos, aínda que o seu nomeamento polo Vaticano non foi oficial ata o século XVI. A súa relación coa música non se coñece con exactitude de onde procede, mais poden aventurarse diversas explicacións.

Unha delas débese a unha tradución errónea das *Actas de Santa Cecilia*, en concreto da pasaxe «canentibus organis illa in corde suo decantabat». Isto tradúcese por «mentras soaban os instrumentos, ela cantáballe no corazón (ao Señor)», pero unha mala interpretación fixo que se traducise como «instrumentos musicais» os instrumentos do martirio. Por este motivo pénsase que Santa Cecilia se volveu patroa da música e, a partir do século XV, comezouse a pintar a santa cargando un pequeno órgano portátil e outros instrumentos.

Outra das explicacións ten que ver con cando os seus pais a mandaron casar cun nobre pagano, chamado Valeriano; ao rematar a cerimonia e retirarse á cámara nupcial, díxolle ao seu marido que ela lle entregara a súa virxindade a Deus e que un anxo gardaba o seu corpo. Valeriano pediu ver o anxo, polo que Santa Cecilia o enviou a encontrarse co papa Urbano I, que o bautizou e regresou como cristián. Nese momento o anxo apareceu, coroounos como esposos e cando Tiburcio, o irmán de Valeriano, se acercou a eles tamén se converteu ao cristianismo. O prefecto Turcio Almaquio condenou os dous irmáns á morte e igualmente a Santa Cecilia, a morrer afogada no baño da súa casa. Como sobreviviu, púxerona nun recipiente de auga fervendo, mais tamén permaneceu ilesa, polo que o prefecto decidiu que a decapitasen. Cóntase nas *Actas* que malia pasar máis dun día nesas condicións, comezou a cantar o salmo LXX (De la Vorágine 1989).

Algúns autores cren que dende moi nova, e de acordo cos costumes e tradicións das familias patricias romanas, Cecilia debeu iniciarse e tocar algún instrumento musical, con moita probabilidade a lira, a cítara ou algún tipo de arpa das usadas polas damas da sociedade romana.

Outra posible explicación é que a *Accademia Nazionale di Santa Cecilia*⁸, fundada en 1584 en Roma, estaba situada ao lado da basílica de Santa Cecilia en Trastévere. Por esta razón, a *Accademia* nomeou a Santa Cecilia como patroa da música.

No ano 1594, o papa Gregorio XIII deulle oficialmente o seu nomeamento como patroa da música, por demostrar unha atracción irresistible cara aos acordes melodiosos dos instrumentos e polo seu espírito sensible e apaixonado por esta arte.

A través dos séculos, a figura de Santa Cecilia foi venerada nos países católicos pola Humanidade con ese padroado. O día 22 de novembro é o día sinalado pola tradición como a data da súa morte e foi adoptado como o «Día da Música».

10. Conclusións

Este traballo serviunos para coñecer os estudos de onomástica, partindo da historia do meu propio nome. Tamén grazas a el tivemos que manexar certos recursos documentais accesibles en internet nos cales podemos atopar información de interese lingüístico e histórico. Os recursos máis citados ao longo do traballo foron os seguintes: CODOLGA, TMILG, ACS, ARG, *Catastro de Ensenada*, o *Nomenclátor de Galicia* e os Datos onomásticos do INE.

O CODOLGA é un corpus textual con documentación latina medieval relacionada con Galicia no período cronolóxico que abrangue dende o século VI ata o XV, ambos inclusive. É un corpus ao que se accede mediante clave, que se obtén rexistrándose como usuario.

O TMILG é o corpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na época medieval. É a liña máis avanzada e de maior proxección cara ao exterior. Xunto co TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) forma o corpus histórico do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Igual que o CODOLGA, é un recurso que esixe inscribirse para acceder a el.

O Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) permítenos facer as buscas de xeito libre, sen ter que inscribirse. É un arquivo histórico privado, de titularidade eclesiástica, que conserva e recolle a documentación histórica xerada pola catedral compostelá no exercicio das súas funcións.

O buscador do Arquivo do Reino de Galicia (ARG), incluído dende xaneiro de 2017 no portal de *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia*, é tamén un recurso que

⁸ <<http://www.santacecilia.it/>>.

permite realizar as buscas de maneira libre. Nel podemos atopar información documental e bibliográfica sobre os fondos que custodia.

As Respostas Xerais do *Catastro* do Marqués de la Ensenada constitúe unha das máis antigas e exhaustivas enquisas sobre as poboacións da Coroa de Castela a mediados do século XVIII. Entre 1750 y 1754 todas as parroquias e xurisdicións das «Castelas» foron sometidas a un interrogatorio constituído por 40 preguntas. As respostas obtivéronse seguindo un proceso previamente regulado e consérvanse en diversos arquivos estatais. Na década de 1980 microfilmáronse os 545 libros de «respostas xerais», polo que a frecuente consulta destes fondos e a necesidade de facilitar o acceso fixo que se levase a cabo a dixitalización. Por tanto, neste páxina de libre acceso do *Catastro de Ensenada*, recurso do portal PARES do Ministerio de Cultura, atópanse máis de 350.000 imaxes destes documentos.

Canto ao *Nomenclátor de Galicia*, usamos a versión dixital da publicación de 2003, onde se recolle unha relación detallada das entidades e núcleos de poboación de Galicia. A consulta é de acceso libre.

Por último, o INE é un organismo autónomo de carácter administrativo. Realiza operacións estatísticas como os censos demográficos e económicos, contas nacionais ou estatísticas demográficas e sociais. Igual ca o *Nomenclátor de Galicia*, a súa consulta é de acceso libre.

Pola súa parte, as conclusións lingüísticas que extraemos deste traballo son:

- 1) *Cecilia* tamén é forma galega, documentada dende a Idade Media, pero non experimentou as transformacións fonéticas das palabras patrimoniais galegas, polo que se considera un cultismo.
- 2) Ademais de *Cecilia*, existen outras variantes galegas nos nomes dalgúns lugares e parroquias formados co haxiotopónimo *Sancta Cecilia*, e estas variantes son (santa) *Icía*, (santa) *Sía* ou *Cía*, (santa) *Cecía* ou *Cilla*. Algunhas delas presentes na toponimia foron recuperadas como antropónimos femininos a partir das últimas décadas do século XX.
- 3) Finalmente, a realización deste traballo onomástico permitiunos coñecer a orixe e historia do meu nome. Como dixemos na introdución, sempre tiveron e sigo tendo problemas con el, xa que non adoita ser un nome sinxelo para o resto da xente. Deste xeito, puiden afondar nel e, a partir de agora, cando alguén me pregunta de onde vén podo contestar con seguridade sobre a súa procedencia.

Referencias bibliográficas

1. Estudos citados

- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania. Anejos de Antigüedad y cristianismo*, vol. II. Murcia: Universidad.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Fernando R. Tato Plaza (1998): «Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situation», *Onoma* 34, 15-44.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2008): «Antón, Sabela, Catuxa... De como os hipocorísticos deveñen en nomes», en M. Brea / F. Fernández Rei / X.L. Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade, 77-93.
- De la Vorágine, Santiago (1989): *La leyenda dorada*, vol. II. Madrid: Alianza Editorial, 747-753.
- Díaz Fuentes, Antonio (1998): *Toponimia de la comarca de Sarria*. Lugo: Deputación Provincial.
- Fernández González, Frutos (2008): *O padrón de San Clodio de 1580. Estudo histórico e onomástico*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da »Lingua Galega. Disponible en liña: <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/OpadrondeSanClodiode1580.pdf>. [Último acceso 26/06/2016]
- Ferro Ruibal; Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- García González, Carmen (1966): *El culto de los santos en la España Romana y Visigoda*. Madrid: CSIC.
- GDIS = Abazia Sant'Agostino Ramsgate (1994): *Grande dizionario illustrato dei santi Casale*. Monferrato: Exizioni Piemme.
- Lázaro Carreter, Fernando (1973): *Diccionario de términos filológicos*. Madrid: Gredos.
- López Santos, Luis (1960): «Hagiotoponimia», en Manuel Alvar *et alii*, *Enciclopedia lingüística hispánica*, t. I. Madrid: CSIC.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Mettmann, Walter (1981): *Cantigas de Santa María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pedro Machado, José (1993): *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa*, vol. I. Lisboa: Livros Horizonte.

Rossebastiano, Alda / Elena Papa (2005): *I nomi di persona in Italia: dizionario storico ed etimologico*. Torino: Utet.

2. Fontes documentais en internet

Accademia Nazionale di Santa Cecilia. Dispoñible en: <<http://www.santacecilia.it/>>. [Último acceso: 6/07/2016]

ACS = Arquivo da Catedral de Santiago. Dispoñible en: <<http://www.catedraldesantiago.es/es/archivo-biblioteca>>. [Último acceso: 27/06/2016]

ARG = Arquivo do Reino de Galicia. Dispoñible en: <<http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/el-archivo/index.html>>. [Último acceso: 27/06/2016] [Dende xaneiro de 2017, o ARG está incluído no portal *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia*, dispoñible en <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/archivos/centrosArchivo.do>].

CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (2003-) (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, versión 7 (2010). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en: <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>. [Último acceso: 29/06/2016]

Comisión de Toponimia de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en liña: <<http://www.xunta.gal/nomenclator>>. [Último acceso: 29/06/2016]

INE = Instituto Nacional de Estadística. *Nombres y Apellidos*. Dispoñible en: <<http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>> e <<http://www.ine.es/widgets/nombApell/index.shtml>>. [Último acceso: 30/06/2016]

O noso patrimonio. Dispoñible en: <<http://onosopatrimonio.blogspot.com.es>>. [Último acceso: 26/06/2016]

PARES = *Portal de Archivos Españoles (PARES)*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Dispoñible en: <<http://pares.mcu.es/>>. [Último acceso: 29/06/2016]

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (1993-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*. Dispoñible en: <<https://ilg.usc.es/tmilg/>>. [Último acceso: 29/06/2016]

O LÉXICO GALEGO-BERCIANO NA OBRA POÉTICA DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES (1817-1896)

The Galician-Bercian lexicon in the poetic work of Antonio Fernández Morales (1817-1896)

Andrea Castelo Veiga

Universidade de Vigo
andrea Casteloveiga@gmail.com

Resumo: Este traballo ten como obxecto a análise do léxico berciano diferencial presente na obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* do poeta do Bierzo Antonio Fernández Morales (1817-1896). O estudo realízase sobre un baleirado léxico do texto a partir do cal se extraeu unha listaxe de palabras. O obxectivo foi escoller os termos descoñecidos, ou menos coñecidos, investigar o seu significado e elaborar un pequeno glosario con eles para dese xeito facilitar a lectura da obra a todo tipo de persoas, sen necesidade de posuíren coñecementos específicos sobre o léxico berciano. Por outra parte, tamén se incluíron algúns termos que figuraban no glosario final do libro de Fernández Morales e que hoxe poden non ser coñecidos para a maioría da xente. O resultado final mostra un glosario de voces bercianas formado por 162 entradas.

Palabras chave: Dialectoloxía, léxico, galego do Bierzo, glosario.

Abstract: This paper analyses of the Bercian lexicon present in the *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (*Poetry essays in the Bercian dialect*) of the poet of Bierzo Antonio Fernández Morales (1817-1896). The study has been performed on a lexical emptying of the text from which a list of words was extracted. The aim was to choose the unknown or lesser known terms, to investigate their meaning and to produce a small glossary with them in order to facilitate the reading of the work to all kinds of people, without having to have specific knowledge about the Bercian lexicon. On the other hand, some terms that were included in the final glossary of the book by Fernández Morales –which may not be known to most people today– were also included. The final glossary of Bercian voices comprises 162 entries.

Keywords: Dialectology, Lexicon, Bierzo's Galician, Glossary.

1. Introducción¹

O galego falado no Bierzo, e máis concretamente o seu léxico, é un tema do que existen poucos estudos e investigacións, polo que empezar a traballar sobre el e documentarse non sempre resulta unha tarefa doada.

Os traballos sobre léxico berciano máis destacados son a achega feita por Verardo García Rey (1934) coa obra *Vocabulario del Bierzo* e, sobre todo, os volumes IV, V e VI dedicados ao léxico do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa: 2003, 2005, 2016)², pois no Bierzo posúe sete puntos de enquisa³. Tamén axuda a coñecer mellor o galego do occidente do Bierzo os dous volumes do *Atlas Lingüístico de El Bierzo* (ALBI: 1996, 2002), dirixidos por Gutiérrez Tuñón coa colaboración de Rodríguez Malmieca, publicados polo Instituto de Estudios Bercianos. Xa de 2010 é o libro de Bello Garnelo titulado *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de Las Médulas (León)*, que recolle e estuda os termos que designan as formas de vida, costumes, flora, fauna..., desta zona do Bierzo.

Entre os estudos gramaticais do galego berciano son de destacar o de Gutiérrez Tuñón (1985) e o de Rosario Álvarez (1996), o máis completo, feito precisamente a partir da obra de Fernández Morales.

O obxecto principal da presente investigación é, pois, analizar o léxico berciano contido na obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), de Antonio Fernández Morales (1817-1896), e elaborar un glosario de voces que aparecen nela, deténdonos, sobre todo, naquelas máis sobranceiras e diferenciais.

O glosario final -conformado por 162 entradas-, que se inclúe no apartado 4 deste traballo, quere contribuír a un mellor coñecemento do léxico berciano e tamén da obra de Fernández Morales.

¹ A realización da presente investigación foi posible grazas as achegas lingüísticas proporcionadas por unha serie de informantes -que queren permanecer anónimos-, así como ao labor de varios profesores da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. En especial, quero amosar os meus agradecementos aos profesores Manuel Forcadela, que me facilitou o programa informático ABZ para o baleirado léxico, e Xosé Henrique Costas, titor do meu Traballo de Fin de Grao, polo seu apoio e axuda de forma incondicional.

² O volume IV titúlase *Tempo atmosférico e cronolóxico*, o V *O ser humano (I)* e o VI *Terra, plantas e árbores*.

³ Son os pertencentes a Candín - Candín (Le.1), Paradesca do Bierzo - VilaFranca do Bierzo (Le.2), Cadafresnas - Corullón (Le.3), Carracedo de Monasterio - Carracedelo (Le.4) e Pombriego - Benuza (Le.5).

2. Notas sobre o Bierzo, a súa lingua e Fernández Morales

Neste apartado preséntase un breve panorama das orixes e da situación lingüístico-histórica do Bierzo. Para iso, tomamos como obra de referencia a de Costas González (2011). A caracterización iníciase cunha descrición xeográfica do Bierzo e continúa cunha breve pasaxe histórica para logo facer unha breve recensión de Fernández Morales e, finalmente, tratar o galego como lingua do Bierzo.

2.1. Breve historia do Bierzo

O Bierzo é unha rexión xeográfica situada ao oeste da provincia de León, na comunidade autónoma de Castela e León, nas cuncas dos ríos Sil, Burbia e Cúa. A maioría dos historiadores consideran que o Bierzo⁴ pertencía na época romana á *Gallaecia Astúrica*, pero en realidade esta rexión do Bierzo, ata non hai nin cen anos, non abrangúa máis ca ata Cacabelos, xa que de Cacabelos para o occidente eran os Ancares e historicamente os seus habitantes nunca se consideraron bercianos. Ao chegaren os romanos habitaban os Ancares, Bierzo e Valdeorras tribos asturicenses de orixe lucense setentrional. Ademais, a estrema entre estes pobos «asturicenses» de orixe lucense e os outros «asturicenses» coincide case exactamente cos límites orientais da civilización castrexa galaica. Cómpre sinalar tamén que durante a época medieval e mesmo despois dela, o Bierzo estaba dividido entre varios bispados e señoríos. Había, polo tanto, grandes dificultades para saber con seguridade a verdadeira adscrición da rexión berciana, aínda que, segundo o estudo de Rodríguez González e Durany Castrillo (1998), a única asignación durante a Idade Media desta rexión era a xurisdición eclesiástica de Compostela.

Durante o Trienio Liberal (1820-1823) créase a Provincia de Vilafranca e nela inclúese a comarca de Valdeorras, ata entón tamén leonesa. Na división territorial de 1822 estableceuse a provincia do Bierzo formada polo Bierzo, a comarca de Valdeorras e Laciana. En 1833, coa reforma territorial de Javier de Burgos, a provincia de Vilafranca foi dividida entre León e Ourense. As terras de Vilafranca, Bierzo e Ancares orientais foron incorporadas a León e Valdeorras foino a Ourense.

Neste mesmo século XIX, o Bierzo, igual que Galicia, viviu baixo o romanticismo o seu particular «rexurdimento» literario. Deste rexurdimento berciano, paralelo ao

⁴ Bierzo, procedente do latín *BERGIDUM*, é un topónimo leonés ou castelán, pero non galego. Isto débese a que tanto os ancareses coma os courelaos ata hai pouco non se consideraban Bierzo.

galego e influído por el, destacan varias publicacións periódicas e producións literarias. De 1860 son os poemas publicados no xornal *El Eslo* de León polo poeta Isidoro Andrés Ovalle e a composición «O fiandón da aldea» do propio Antonio Fernández Morales. Pero o máis salientable é, sen dúbida, a obra deste último *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), libro en galego publicado dous anos antes de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. O poemario de 348 páxinas suma máis de 8000 versos escritos en galego berciano, repartidos en 16 poemas. Deles, só un, «Cuento satírico», é bilingüe dialogado galego-castelán; os outros 15 son en galego. Esta obra de Fernández Morales foi a partir da cal se realizou o baleirado léxico, co fin de elaborar un glosario de voces galego-bercianas.

2.2. Antonio Fernández Morales

Antonio Fernández Morales (1817-1896) naceu en Astorga de pais maragatos. Cando era neno, os pais trasladáronse a vivir a Cacabelos, onde aprendeu a falar a lingua galega na súa variedade centro-oriental berciana. Segundo indican Álvarez Pousa e Costas González (2002), despois de rematar os seus estudos de filosofía no seminario de Astorga, ingresou con 17 anos no «Colegio de Distinguidos de Valladolid» e continuou logo, con éxito, a carreira militar, na que chegou a ser xeneral de brigada. Comezou a compoñer poesía en galego en 1847, tanguido polo seu amigo o frenólogo e filólogo catalán Mariano Cubí i Soler (1801-1875)⁵, ben que non será ata o 1861 cando publique os seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Despois de desempeñar diversos cargos públicos, Fernández Morales morreu en Cacabelos en 1896, onde está enterrado.

A pesar da súa gran contribución ás letras galegas do século XIX, Fernández Morales é hoxe en día case un descoñecido no panorama literario galego. Segundo o investigador Angueira Viturro (2003), as causas do pouco coñecemento da súa obra débense á súa escasa difusión en Galicia, ocasionada polo «exilio» cultural e político⁶. Recentemente, as historias da literatura galega xa lle dedican atención a Fernández Morales, como tal a redactada por X. R. Pena (2014).

En 2017, con motivo do bicentenario do seu nacemento, Edicións Positivas volveu editar os *Ensaio poéticos* e Fernández Morales foi proposto como autor ao que dedicar o Día das letras galegas, ben que non saíu elixido na votación final dese ano.

⁵ Véxase o artigo de Méndez Ferrín (2016a).

⁶ Véxase o dito sobre el por Méndez Ferrín (2016b).

2.3. O galego como lingua do Bierzo

O galego é a lingua natural e autóctona do occidente da comarca do Bierzo, de xeito que nela tamén naceu e se formou a lingua galega. A romanística e a iberorromanística sempre consideraron que a fala do Bierzo Occidental era a galega. De feito, os cartularios e documentos medievais romances dos mosteiros desta zona confirman sen ningún tipo de dúbidas que, no paso do latín ao romance, ese romance berciano era o galego e non o leonés nin o castelán. Nos cartularios dos mosteiros bercianos de Carracedo e San Pedro de Montes abunda a documentación galega. Non obstante, en certas ocasións, este galego presenta algúns leonesismos característicos dunha terra de fronteira.

Deste xeito, nalgúns concellos da vertente administrativamente leonesa dos Ancares fálase unha variedade de tipo ancarés, mentres que no resto do Bierzo occidental galegofalante a variedade usada é de tipo oriental-central. As dúas variedades pertencen ao bloque oriental das falas galegas, que abrangue o occidente de Asturias, o Bierzo Occidental e As Portelas e Calabor en Zamora, xa fóra da Galicia administrativa, e as comarcas orientais das provincias de Lugo e Ourense, dentro da Galicia administrativa.

O galego era a lingua habitual da maioría dos falantes do Bierzo ata non hai moito tempo, pero circunstancias semellantes ás que actuaron en Galicia, ademais de que esta zona presenta unha maior exposición ao leonés e ao castelán, fixeron que actualmente esta última lingua conte cunha presenza maior entre a poboación, que haxa unha brutal diminución de falantes de galego e que este vaia desaparecendo de maneira dramática.

No tocante ao léxico, punto de especial importancia, o actual Bierzo ofrece variacións léxicas entre a zona dos Ancares occidentais e Valdeorras. Preséntase unha continuidade dos tipos léxicos galegos pola chaira berciana na que se falou ou aínda se fala leonés-occidental.

Ademais, como xa era previsible, hai voces propias ancario-bercianas comúns co leonés, ou con significados comúns co leonés. É unha mágoa que a maioría das recollidas de léxico berciano que se viñeron realizando ata o momento non se fixesen separando as formas por linguas e indicando a procedencia xeográfica das voces; moi á contra, o habitual nestas coleccións é mesturar nun mesmo glosario voces do galego, do leonés e do castelán, sen indicar lingua nin procedencia, como se a orixinalidade do léxico berciano fose o resultado azaroso da mestura de varias linguas.

3. A elaboración do glosario

O método empregado na realización do glosario final sobre a obra consistiu basicamente en tres pasos.

En primeiro lugar, tomouse como punto de partida a obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), de Antonio Fernández Morales, en formato dixital, copia que nos foi facilitada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

En segundo lugar, descartáronse os versos que estaban escritos en castelán (en «Cuento satírico», o único poema dialogado bilingüe), deixando soamente os que están escritos en galego-berciano. A continuación, por medio do programa informático *ABZ*, da autoría do profesor Manuel Forcadela, realizouse un baleirado léxico. O *ABZ* deitou un total de 30.219 voces diferentes e a través duns criterios de selección, realizouse a redución ás formas diferenciais que resultan de interese para a análise e realización do noso glosario. Os criterios de selección que se aplicaron para a escolma das voces foron: a eliminación de voces repetidas, castelanismos, voces en plural (cando existe a correspondente en masculino), nomes propios, topónimos, xentilicios, formas en latín, formas conxugadas do mesmo verbo (o que levou á escolla do infinitivo) e voces en feminino cando está presente a correspondente masculina.

Por último, unha vez que se obtivo a listaxe de palabras, ordenáronse alfabeticamente e buscouse o seu significado. Para iso, empregouse tamén o pequeno glosario de voces que ofrece Fernández Morales ao final do seu libro titulado «Catálogo y significación de las voces del subdialecto berciano», usadas neste libro (pp. 374-379). As palabras que aparecen recollidas neste glosario presentan nalgúns casos unha información insuficiente para entender o termo que se define, polo que se pretendeu completar as diferentes definicións e facelas máis doadas buscando información noutras fontes.

Cómpre sinalar tamén que non se tiveron en conta todas as voces que aparecen no «Catálogo» de Fernández Morales, xa que a pesar de sumar un total de 542 entradas, trátase dun reconto de formas aparente. Isto débese a que moitos dos termos que aparecen como entrada correspóndense coa conxugación do mesmo verbo en diferentes tempos verbais, polo que non contaría como unha nova voz. Ademais, destaca como dato curioso o feito de que hai unha ducia de voces neste glosario que non aparecen nos poemas dos *Ensayos poéticos*.

Pola súa banda, as palabras diferenciais que figuran nos poemas, pero que logo non aparecen recollidas no glosario de Fernández Morales, foron buscadas noutras fontes léxicas, sobre todo no *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG) e en *WordReference*, así como noutras páxinas na rede. Porén, tamén se empregaron outras fontes fiables como libros, revistas, folletos, tanto en versións impresas coma en dixitais, á parte da consulta feita a falantes nativos bercianos.

Tras a pescuda, escolleuse a acepción máis adecuada das ofrecidas polas diferentes fontes. Nos dicionarios e demais recursos empregados atopouse máis dun significado para unha soa palabra, polo que se escolleu a definición máis axeitada e que mellor lle acaía ao contexto no que aparece o termo. Posteriormente, escribiuse o significado das diferentes voces pretendendo na medida do posible que a definición de cada entrada non sexa nin demasiado extensa nin demasiado reducida e que estea redactada de maneira clara e sinxela.

Xa finalmente, os parámetros que se seguiron para representación gráfica do glosario foron os seguintes:

- 1) Cada entrada aparece escrita en letra negriña.
- 2) Indícase a continuación de cada entrada entre parénteses a categoría gramatical, empregando as abreviaturas de *s.m* ou *s.f* (substantivo masculino ou substantivo feminino), *adx.* (adxectivo), *v.* (verbo), *adv.* (adverbio), *loc.adv.* (locución adverbial) e *expr.* (expresión).
- 3) Ao lado de cada definición aparece indicada entre corchetes a fonte da que se colleu por medio de siglas: [DRAG] remite ao *Diccionario da Real Academia Galega*; [CFM], ao «Catálogo» que Fernández Morales (1861: 371-379) incluíu ao final dos *Ensayos poéticos*; [DdD] ao *Diccionario de Dicionarios*; [VB] ao *Vocabulario del Bierzo* de García Rey (1934); [WR] a *WordReference*; e [WK] á *Wikipedia*. Non obstante, é preciso sinalar que nalgúns casos esta non aparece indicada debido a que foi resultado dunha consulta oral a algún nativo berciano.
- 4) Despois de cada definición aparece un fragmento en cursiva extraído da obra poética, no que se destaca en negriña a palabra que se define. Deste xeito, preténdese demostrar a aplicación que posúe a definición no contexto no que aparece.
- 5) As voces que se lematizan no «Glosario» seguinte son unha pequena escolla daquelas cuxo significado podería dificultar a comprensión da obra poética de Fernández Morales a un falante galego con bo coñecemento do léxico estándar.

4. Glosario de *Ensayos poéticos en dialecto berciano*

A

Acerola¹ (s.f.): froito.

*neste mes no que ía os figos
quédanse fofos co hielo,
os membrillos i **acerolas**.*

Acingar (v.): abanear, arrandear. [CFM]

*Nesta veiga, chea de olores [...]
i outras mil diversas flores
dos máis brillantes colores,
acinga as plantas a brisa.*

Agarduñado (s.m.): persoa que é
victima dun roubo.

*eu podo nel aparecer culpado;
a culpa do garduño será toda,
mais en caso ningún do **agarduñado**.*

Aguillada (s.f.): pau longo con punta de
ferro no extremo, que se utiliza para
estimular o gando vacún. [DRAG]

*cun pano blanco enclavao
no pico dunha **aguillada**,
berrando: -¡Alto! pedimos
parlamento.*

Alpabarda (s.f.): necidade, parvada.
[CFM]

Pensar nas alpabardas: pensar en
fatadas, parvadas, en simplezas;

1 Nome que recibe o froito da *Malpighia emarginata*. É un arbusto de entre 3 e 6 m de altura, de casca escura, con numerosas ramas, xeralmente dirixidas cara arriba, fráxiles e curtas, que en estado silvestre teñen espiñas (as especies cultivadas carecen de espiñas). [WK].

quedarse distraído..

*saliu do cuarto a madriña,
dentro da cama deixando,
nas **alpabardas** pensando
a Petriña.*

Amatadura (s.f.): matadura, ferida que
se lles produce aos animais. [DdD]

*Nun burro moucho de orellas,
coxitrancos de dúas patas,
amataduras no lombo
i escuadrilao das arcas.*

Androlla (s.f.): 1. Intestino groso do
porco. 2. Embutido feito co intestino
groso do porco a base de ósos, costela
e carne picada e adubada con
pemento, allo e loureiro. [DRAG]
*Falemos doutra cousa:
sabrás que este ano cheos
de figos como **androllas**
están os figaleiros.*

Antiparras (s.f.): gafas ou anteollos.
[DRAG]

*con guantes postos nas garras,
con muestra de oro, con fraque
e nos ollos **antiparras**.*

Apelicar (v.): pegar, unir, xuntar unha
cousa a outra. [CFM]

*parece que as crestas bican
de noite a luna plateada,
ou que a ela se **apelican**
ou que está nelas sentada.*

Arrebullar (v.): recoller torpemente
unha cousa facendo que se engurre ou
encarte. [CFM]

*e por non volver seique por máis lana,
na boca a lingua tímida **arrebulla**.*

(dunha) Asentada (expr.): dunha soa vez, sen interrupción.
*Cuando o recordo lle aterra
de que a terra
enguliu **dunha asentada**
once mil virgenes xuntas.*

Atolladeiro (s.m.): 1. Lugar onde se producen atascos. 2. Apuro, dificultade. [WR]
*—¡Valanos Dios!... Vou entón
outro medio a propoñeros
que ia solamentes pode
sacarnos do **atolladeiro**.*

Aturullar (v.): aturuxar, aturular. Gritar cun son agudo e prolongado, mostrando entusiasmo e alegría. É moi típico en Galicia ao rematar as tonadas que se cantan nas roldas. [CFM]
*pra colle-la pudo darse,
e chegándose a rapaza
a dixo, o darlle a baraza,
cuasi sin **aturullarse**.*

B

Baballosa/o (adx.): baboso. Metaforicamente emprégase para designar ao falador oficioso, pesado e insulso. [CFM]
*Unha mañaa que a seguía
con outros dez **baballosos**,
pensando si lle tería
conta fala-la aquel día.*

Bangallo (s.m.): cangallo das uvas. [CFM].

*O mesmo a moza aíllí na mies traballa
que o robusto rapaz; é decir podo
que as mozas baixan i erguen os seus
mallos
o mesmo que si foran de **bangallos**.*

Baque (s.m.): empuxón. [CFM]

*Cuando chegaron a ponte
feita de terra i estacas,
que se acingaba cos **baques**
que os cachois recios lle daban.*

Barallouzas (adx.): désígnase así ao falador sen tino, insustancial que todo o confunde, que se contradí e mente por costume e sen necesidade. [CFM]
*-Zaramalladas! -Tu eres
un gran **barallouzas**. -Queres.*

Baraza (s.m.): cordón, cordel delgado. [CFM].
*no groso cu do caldeiro
que o torto cunha **baraza**
levaba atao o carrelo.*

Barbirote (s.m.): 1. Barba [CFM]; 2. Queixelo. [DdD]
*cun buraquiño torneao
no **barbirote**, i os peitos
redondos e recachaos.*

Barbureta² (s.f.): bolboreta.
como amergulla na presa o pato

² Insecto pertencente á orde dos lepidópteros, do que existen múltiples especies, que ten dous pares de ás de variadas e vistosas cores cando é adulto e un aparello bucal en forma de trompa que

*i as **barburetas** ir no val grato
de flor en flor.*

Barda (s.f.): sebe ou pedras que se lle engaden a un muro pola parte superior. [DRAG]
*-Polo arenal. -Pra aló ir
e menester que saltemos
as **bardas** daquel xardín.*

Beirón (s.m.): 1. Terreo formado por silveiras, espiños e outras plantas. 2. Valado [CFM] Lomba de terreo cuberta de vexetación que xebra leiras e/ou camiños.
*Lucas, que aíll a viu sentar,
tras do **beirón** se agachou,
e por mellor contemplar.*

(por arte de) **Birlibirloque** (expr.): por arte de maxia, por casualidade.
*Sin? Pois de **Birlibirloque**
por arte ou por bruxería,
a noite trocouse en día.*

Boleiro, buleiro (s.m.): montón de lixo dos animais grandes. [CFM]
*Os bois están arando
o xato está pacendo
i están fozando os cochos
da vaca nos **buleiros**.*

Borricada (s.f.): 1. Burricada 2. Parvada. [DdD].
*sale de noite, de día
verein a princesa. -Atenda.
-Di pois, mais mira o que dices
pra non falar **borricadas**.*

lle serve para chuchar o néctar das flores. [DRAG].

Brezo³ (s.m.): arbusto enano e reptante, de talos ramosos, follas perennes e aciculares.
*Camiñando polos flancos
dos, de Burbia, erguidos tesos,
cheos de **brezos** espesos
e de profundos barrancos.*

Burel (s.m.): tecido basto, xeralmente de la. [DRAG]
*unha sabana, e máis media
peza de estopa i a manta
de **burel**, que presto feita
traera a texedora; e ben.*

Bureo (s.f.): alboroto, balbordo, barullo [DRAG] Entretemento, diversión. [WR]
*dos magostos co pretesto,
a ter cos deudos i amigos
unha tarde de **bureo**.*

Burlisqueira/o (adx.): burlón/a. [CFM]
*da **burlisqueira**
rapacería,
que vai tras delas
orneando, listas.*

Burrufeiro (s.m.): cabalo pequeno e ruín. [CFM]
*Chegou Bocalán a pouco
cun **burrufeiro**, i o ver
un oso morto, o placer
cuasi, cuasi o volveu louco.*

³ Dá flores pequenas brancas, moradas ou rosadas e froito en forma de cápsula rodeado pola flor e separado en catro valvas; pode acadar ata 25 cm de altura. [https://www.google.es/#q=brezo]. Castelanismo por *uz, urce*.

C

Cacha (s.f.): 1. Nádega. 2. Unha das metades do cabo da navalla ou coitelo. [CFM].

*caídas nas cocarachas,
de cu sacando un quintal,
cunha mao posta nas **cachas**
i outra do frac nun ojal.*

Cachapo (s.m.): vaso de folla de lata. [CFM].

*anque molle todo o papo;
solo o patrón i a muller
o beben por un **cachapo**.*

Cacharopo (s.m.): vaso grande de folla de lata. [CFM]

*Entonces sin compasión,
bótanlles agua a cachón
con **cacharopos** na testa.*

Cachelo (s.m.): anaco pequeno (de tubérculo). [CFM]

*Cocido en agua fervendo,
amesturado con mondas
de patacas e **cachelos**
de nabos, tronchos de berzas.*

Cacho (s.m.): especie de tixola, que se emprega para asar castañas. [CFM]

*Cas castañas que se asaban
o **cacho** estaba debaixo,
i a veces cuando estoupaban.*

Cachón (s.m.): corrente impetuosa e rápida dos ríos ou présas. [CFM]

*conforme se lle clavaban
dos fociños no pelexo;
pra o **cachón**, do río co trobo
camiñando iba dereito.*

Camiseta (s.f.): vestido de muller de zaraza. [CFM]

*mais co conque que vistais
camisetas e sinaguas
e leveis postos tamén
os "triquiñaques" ou xaulas.*

Camorra (s.f.): enfrontamento violento entre dúas ou máis persoas no que hai berros, discusións e mesmo golpes. [DRAG]

*Cuarenta follas
ten o libro, i a veces
arman **camorra**.*

Campelín/iños (s.m.): terreo comunal ás aforas dunha poboación que se destina a servizos comúns como eiras ou pastos de gando.

*Dos **campeliños** e do campo todo
un pueblo novo fain na sega e malla,
dun mui vistoso campamento a modo.*

Canalexíña (s.f.): escote; corte ou abertura na parte do pescozo dunha peza de vestir, que deixa descuberta parte do peito ou das costas. [DRAG]

*sacou da **canalexíña**
que ambos peitos lle apromedia,
o perexil que ailí tiña.*

Cantroxo⁴ (s.m.): arbusto silvestre.

*Pe do lume de **cantroxos**
tamén vin, cabo dos potes,
mozas cos refaixos roxos.*

4 Árbore da familia das labiadas, con follas lineais e tomentosas e flores en espiga de cor púrpura escura ou violeta terminadas nun feixe de brácteas de cor púrpura clara, que recollen para queimar. [DRAG].

Capilar (s.m.): monllo de ramos de chorzizco con froita, que poñen de cebo ás cotrosas para collelas nas forcilleiras. [CFM]

*Estaba unha madrugada
poñendo, cabo dun monte,
capilar a unha postada
dun beirón, pe da cascada.*

Caramañola (s.f.): recipiente con tubo para beber. **Beber a caramañola:** beber recibindo o chorro de líquido dende alto, sen que a vasilla toque os beizos. Beber dunha bota. [CFM]

*Outros pra lucir acaso
a sua habilida bebendo
a caramañola, erguen
a calabaza hasta o Cielo.*

Carreirega⁵ (s.f.): ave semellante á cotovía.

*lamben as presas; no fondo
dos barrancos hai perdices,
carreiregas, cogornices.*

Carrelo (s.m.): parte superior das costas, entre os ombros; lombo. [CFM]

*Como o que carga o carrelo
a bigornia dunha fragua,
ou como a madre que o colo
leva o neno que non anda.*

Carreña (s.f.): vara de vide con moitos acios. [CFM]

*Carreñas de uvas nas maos
leva a modo de rosarios;
un par de melois nas andas,
merodos e repinaldos.*

Carreñouzo (s.m.): espiñazo. [CFM]

*Nin menos podía a fiera
no carreñouzo morde-lo,
por máis e máis que fozaba.*

Cavorco (s.m.): barranco profundo.

*Mudan nos zarzais i escobos
ailí as culebras rastreiras
a camisa, e nas ladeiras
dos cavorcos tein os lobos.*

Cernada (s.f.): cinza.

*tronchos de verzas, patacas,
agua fervendo algas veces,
cal, cernada e calabazas.*

Cerro (s.m.): mellor parte do liño que, despois de restrelado e posto en monllos, serve para fiar. [DRAG]

*os homes mallan o lino
pra que as mozas fagan cerros
e destes lurias cos fusos.*

Chanza (s.f.): dito gracioso para burlarse ou rirse de alguén. [DRAG]

*-Va, va hom: non te enfades, pois che
digo
que foi todo unha chanza; posta tiña
en ti tan solo a confianza miña.*

Chifrador (s.m.): frautista.

*Lucas era un afamao
chifrador; i anque nin cifra,
nin música houbo estudiao.*

Choca (s.f.): instrumento de metal semellante a unha campaiña que se

⁵ Nome común de diversas especies de aves paseriformes semellantes á cotovía, entre as que a especie máis coñecida é a cotovía común. Distínguese por ter na cabeza un longo moño puntiagudo. É unha andadora e aniña principalmente nas olgas. [DRAG].

pendura ao pescozo das reses de gando e que levan tamén algunhas máscaras do Entroido. [DRAG]
*levan postos na cabeza
 picaruchos dunha vara;
 chocas colgadas da gorxa.*

Choupa (s.f.): cesta de boca estreita e de fondo ancho e redondo, que os pescadores levan colgada dun ombreiro para gardar a pesca. [CFM]
*do que nela tein as cabras;
 unha choupa na cabeza;
 sobre as nefres antiparras.*

Cocaracha (s.f.): cocote, curupela; parte superior e posterior da cabeza humana. [DRAG]
*leva un felpo cunha raxa
 no medio, pola que mete
 a testa hasta a cocaracha.*

Cochorro⁶ (s.m.): tordo.
*Xibrian os estorniños e cochorros;
 rulan as rolas, que andan en bandadas,
 gorxea o pardillo a par dos reiseñores.*

Cogorniz⁷ (s.f.): paspallás.
*dos barrancos hai perdices,
 carreiregas, cogornices,
 rolas e lebres abondo.*

⁶ Ave da familia dos túrdidos, que se caracteriza por ter o lombo de cor parda e cinsenta e o ventre a pencas; aliméntase de bagas, caracois, miñocas e insectos. [DRAG].

⁷ Ave da familia dos faisánidos, de cor acastañada, cunha mancha branca e moura na gorxa a xeito de colar no macho, e de cor máis apagada con pencas escuras no peito e sen colar na femia. [DRAG].

Concho (s.m.): noz. [CFM]
*calabazas e pimentos,
 de conchos, fabas, pedrolos,
 e patacas están cheos.*

Corriza (s.f.): vimbio retorto que usan para atar varios obxectos. [CFM]
*Pois alguís que a ventaxa
 tein de non ter aprensión,
 cunha corriza o canón
 atao levan a caxa.*

Cortezo (s.m.): rebanda de pan. [CFM]
*Sacan despois do farraco
 un cortezo de centeo;
 méteno baixo o sobaco.*

Cortiña (s.f.): propiedade choída a carón da casa.
*Frondosas veigas, hortos e cortiñas
 arrodeados de beirois espesos;
 xardiños e ribeiras e campiñas.*

Cotrosa (s.f.): paxaro pequeno, gordo e saboroso que en agosto e setembro collen nas forcilleiras. [CFM]
*pra coller nos rebullois
 picaporcicos como bois
 e cotrosas [...].*

Cousiliña (s.f.): adiviña. [CFM]
*danlle un baque a unha sartén,
 sendo esta a seña tamén
 pra empezar as cousiliñas.*

Coxitrancos (s.m e adx.): coxo.
*Nun burro moucho de orellas,
 coxitrancos de dúas patas,
 amataduras no lombo
 i escuadrilao das arcas.*

Cresta (s.f.): crista; parte saínte dalgunhas cousas, como as que teñen algúns apeiros na parte posterior, as pólas máis altas das árbores ou as arestas que forman os cumes dos montes e das ondas. [DRAG]
*Logo que o Sol funde a **cresta** detras das **crestas** dos cerros, fartos unhos, alguís "mostos".*

D

Debrocar (v.): desocupar un cesto ou vasilla dándolle a volta. [CFM].
*cos cestos correndo delas se adelantan; sin parar os **debrocan** no lagar, e tornan polos daquelas.*

Dengue (s.m.): peza do traxe tradicional feminino semellante a unha esclavina de pano adornado con veludo e abelorios, con puntas longas que se cruzan sobre o peito e se abrochan por detrás. [DRAG]
*E co **dengue** ia quitao e solto o xustillo estreito, mollando na fonte a mao.*

E

Endilgar (v.): ver apenas e rapidamente unha cousa e distinguila. [CFM]
*Os rapaciños en cuanto **endilgan** as que rodando van por enriba.*

Ensalmo (s.m.): conxunto de palabras rituais que pronuncia unha meiga ou

un curandeiro para sandar un enfermo. [DRAG]
*-Podemos tamén subi-la por **ensalmo**, aquí facendo que veña a bruxa Fungueira que sabe oraciois o efecto.*

Escabechar (v.): matar. [DRAG]
*con el, non sea que acaso me aburaqueís o pelexo; deixaílo da miña conta veredes cómo o **escabecho**.*

Escalazar (v.): quitar anacos de pel ou carne, ou da cuberta ou monda dalgunha cousa. [CFM] Esfolar.
*esmelandrando os calzois i **escalazando** os tobelos.*

Escalfar (v.): estripar, esmagar unha cousa branda contra outra, tirándoa. [CFM].
*paso fai a mascarada, **escalfando** aquel melandro dos que se acercan nas caras.*

Escambrón (s.m.): camariña, caramiña. Arbusto da familia das rosáceas de ramas e talos espiñentos, follas ovadas alternas, flores brancas e pequenas e froito en drupa de cor negra azulada e sabor áspero. [DRAG]
*Están cuallaos de castaños, de rebolos i **escambrois**.*

Escanada/o (adx.): esvelto, delgado, flexible. [CFM]
*os "triquiñaques" ou xaulas que colgan as Senoriñas das cinturas **escanadas**.*

Escarmar (v.): escarmentar, ou tomar ensinanza en mal seu ou de outro. [CFM].

*i estuvome ben, por cuanto
pra outra vez **escarmein** tanto
que non quixen máis canoas.*

Escobo (s.m.): matorral espeso de xestas.

*Mudan nos zarzais i **escobos**
ailí as culebras rastreiras.*

Escuadrilao (adx.): escadrillado, no sentido de derrengado ou doído dos cadrís. Dise tamén derreado. [DdD]

*En cuanto co **escuadrilao**
se encarou, púxose tieso
sobre as patas, como un home.*

Esgarduñarse (v.): roubar [CFM]
Apartarse.

***Esgarduñaivos** dos quixotes, fieles,
pra facer penitencia toda a pulpa,
e cada un diga o que direin primeiro.*

Enguinchar/se (v.): colgarse.

*as cirolas noutro tempo,
m'**enguinchaba** a canchaperna
nas túas gallas e madeiros,
esmelandrando os calzois.*

Estopa (s.m.): conxunto de fíos que se saca de cabos desfeitos, que é utilizado polos mariñeiros para limpar e, con brea, para tapar as xuntas entre a madeira dos barcos. [DRAG]

*pulpo i outros adminículos;
roldos de lenzo i **estopa**
i outros cen e cen artículos.*

Esporta (s.f.): especie de cesta con dúas asas feitas de esparto ou dun material semellante, que serve para transportar diversos obxectos. [DRAG]

*-Catar vai unha **esporta**
pra traer o diñeiro.*

F

Facer augas (expr.): ouriñar, mexar.

*de bruxas... -¡De bruxas! -Sin,
e pra que eu perdera a banda
fixeron aguas en min.*

Facer boca (expr.): estimular o apetito con touciño ou outra cousa. [CFM]

*o gotín pra **facar boca**
cas castañas que se asaban.*

Facer pola vida (expr.): 1. Comer. 2.

Buscar a vida. [CFM]
*En cuanto viron tendida
a res ia do río fora,
o patarro dixo: -Ahora
vamos **facar pola vida**.*

Fachón (s.m.): feixe alongado de palla, que acenden por unha punta para alumearse. [CFM]

*déume de ir a loucura
alumado dun **fachón**
nunha noite mui escura.*

Falamendro (s.m.): pingallo ou porción de pel que colga ao quedar frouxa [CFM] Farrapo.

*ten de pelexo un pedazo,
vestido con **falamendros**
i hasta as orellas tapao.*

Faragulla (s.f.): migalla. [CFM]

*fluxen pra casa
cuspindo aínda
as **faragullas**
da golosina.*

Farraco (s.m.): peto. [CFM]

*a unha sota, cuanto traiga
no **farraco** a metereín.*

Fiandón (s.m.): reunión de mozas no inverno para fiar. [CFM]

*Non por eso desistín
de volver ó **fiandón**,
mais esta vez discurrín
ir a lombos do rocín.*

Foleco (s.m.): zurrón de pel sen pelo de coiro. [CFM]

*máis ancho que unha alquitara,
un **foleco** por xustillo
e mamadeiras de almohadas.*

Forcada (s.f.): instrumento de labranza con mango longo que remata en dúas ou máis gallas e pode ser todo de madeira ou ben ter as gallas de ferro. [DRAG]

*rocas, cucharas e fusos;
forcadas, palas e mallos;
pano burdo pra rodallos.*

Forcilleira (s.f.): trapela para coller paxaros. [CFM]

*armando suas **forcilleiras**
pra coller nos rebullos
picaporcós como bois.*

Furco (s.m.): resta de allos e cebolas. [CFM].

***Furcos** de cebolas i allos;
rocas, cucharas e fusos.*

G

Galfarro (s.m.): ave de rapina. [VB]

*Si algua ovella sicasi ou carneiro
escarriada seguise, será caza
dos **galfarros** dun tal Pedro Boteiro.*

Galleiro (s.m.): pau alto e delgado con varios brazos que se crava xunto ás fabas e outras plantas trepadoras para que estas suban e se enrosquen nel. [CFM].

*-Leve o demo si a mula cun **galleiro**
non lle enchese hoi o corpo ben de leña.*

Galocha (s.f.): calzado de coiro con piso de madeira, que pode ser baixo ou ter forma de bota. [DRAG]

*I o punto as **galochas** dos peis
descalzando,
as medias sacando.*

Galón (s.m.): tira de tecido bordado ou de fíos trenzados, usada como adorno ou reforzo da roupa ou en decoración. [DRAG]

*que ten no pico unha roda
e nela **galois** ataos
de cores; i o redor.*

Ganzo (s.m.): pau de uz seca impregnado de brea ou sebo usado para alumar. [DRAG]

*Non falarein aquí agora,
nin do caldo pra xantar,
nin dos **ganzos** pra alumar.*

Garduña⁸ (s.f.): mamífero.

⁸ Pequeno mamífero carniceiro da familia dos mustélidos, de pelo castaño cunha mancha branca fendida ao medio na papada, corpo alongado, orellas redondas

*patean e chillan
como as **garduñas**
que son collidas
nas garduneiras.*

Garduño (s.m. e adx.): ladrón.
*a culpa do **garduño** será toda,
mais en caso ningún do agardunado.*

Garnacha (s.f.): melena que se deixa na
parte posterior da cabeza. [CFM]
*lba sempre cas **garnachas**
caídas nas cocarachas.*

(en) Gollarapos (expr.): emprégase
para designar aquelas aves que non
teñen plumas. Tamén se aplica aos
lampos. [CFM]
*Nunca entre os señoritos
un "polo" falta
aínda **en gollarapos**
que toque a flauta.*

Guincha (s.f.): lazos de sedas de cabalo
suxeitos a unhas varas. [CFM]
*non falta algún lacazán
que tras dos galegos presto,
ca **guincha** pían, pían.*

Gusarapo/a (s.f.): calquera dos animais
vermiformes que habitan nos líquidos.
[CFM]
*enfermidade do gando por beber en
charcas de **gusarapas**.*

e pequenas, patas curtas e rabo longo, que
se alimenta de roedores e de crías doutros
animais que caza pola noite. [DRAG].

H

Hipocrás (s.m.): bebida preparada con
viño, azucre, canela e outras
substancias aromáticas. [DRAG]
*e pra que pase a merenda
pola gorxa sin tropezo,
vai **hipocrás**, tostadillo,
e viño abondo en pelexos.*

Hisopo/e⁹(s.m.): instrumento de metal
ou madeira constituído por un mango
que ten no extremo unhas sedas ou
unha bóla furada que serve para
esparexer auga bendita. [DRAG]
*leva un melandro de saia,
que a modo de **hisopo** monstruo
molla das pozas na lama.*

I

Iérredo(interx.): móstrase
manifestando o anoxo e cólera da que
se está posuído. É pouco usada no
Bierzo, e moi común na Maragatería.
[CFM].
*Botaba liso da boca
iérredos, conchos e raios;
maldecía a villa toda.*

L

Labieira/o (adx.): doce, amable e suave
na forma de falar. [CFM]
*Logo unha moza **labieira***

⁹ Planta moi aromática da familia das
labiadas, de talos leñosos, follas
lanceoladas e flores en espiga, xeralmente
azuis. [DRAG].

*ponse a tocar a pandeira,
e brinco vai e ven brinco.*

Langoiro (s.m.): Pau alto e delgado.
[CFM]
*porque non tiña peana
nin ándaras, un langoiro
puxaba de Santa Barbara.*

Laguallo (s.m.): lago ou charco pequeno
e cenagoso. [CFM]
*e Xan de min, sucio
do fondo laguallo sacamo-lo o fin.*

Lareiro (s.m.): varal [CFM] Vara da
lareira onde se colgan os chourizos.
*No pico dun dos lareiros
de que colgan na matanza
as longanizas ó fumo.*

Leiro (s.m.): terreo longo e estreito,
destinado polo común a hortalizas.
[CFM]
*que estaba entón facendo;
de que as follas das patacas
se esmurecían nos leiros.*

Luria (s.f.): corda longa e grosa que se
usa para suxeitar a carga do carro ou
dun remolque. [DRAG]
*En cuanto as mozas sacaban
lurias do cerro da roca,
a mata os homes xugaban.*

M

Mallo (s.m.): máquina feita de dous
paus unidos polos seus extremos con
correas, coa cal debullan as legumes.
[CFM].

*O mesmo a moza aíí na mies traballa
que o robusto rapaz; e decir podo
que as mozas baixan i erguen os seus
mallos.*

Mamuca (s.f.): castaña cocida coa
cáscara interior. [CFM]
*mamucas ricas,
con fiollo, nebeda
e sal cocidas.*

Manela (s.f.): porción de liño, estopa ou
la, que se coloca na roca para fiar.
[CFM].
*cun garabullo encendido
prendenlles lume ás manelas.*

Maseira (s.f.): recipiente grande de
madeira, que pode ter catro patas e
tampa, onde se amasa o pan, se garda
a comida etc. [DRAG]
*sacan o caldo en caldeiras,
en potes i hasta en maseiras
pra que ben cene a cuadrilla.*

Maseiro (s.m.): recipiente semellante á
maseira, pero que adoita ser máis
pequeno, no que se lles bota de comer
aos porcos e a outros animais, no que
os oleiros botan o barro etc. [DRAG]
*amesturado con mondas
de patacas e cachelos
de nabos, tronchos de berzas,
e castañas nos maseiros.*

Mego (s.m.): cestiño con asa sobre a
boca. [CFM]
*mais elas vanas botando
dentro das faldas e megos
i ós cestos as van levando.*

picaporcos como bois
e cotrosas chorvizqueiras.

Picarucho (s.m.): especie de corozal¹².
[CFM]
levan postos na cabeza
picaruchos dunha vara.

Pingar (v.): caer as castañas, nocos e outras froitas das árbores, cando regañan os seus ourizos. [CFM]
pingaban negras castañas
que **apañaban** nos seus megos.

Postada (s.f.): variña das matas ou silveiras, na que se coloca o capilar e a forcilleira para coller cotrosas. [CFM]
Estaba unha madrugada
poñendo, cabo dun monte,
*capilar a unha **postada**.*

Preganza (s.f.): gramalleira, cadea que pendura dunha viga ou elemento similar, situado no alto da lareira, cun gancho na parte inferior para suxeitar o pote sobre o lume. [DRAG]
e huevos de sapos lles fai,
pra que en danza,
*subindo a **preganza**,*
alo no aquillarre se xuntan despois.

[<http://www.definiciones-de.com/Definicion/de/picapuerco.php>].

¹² A corozal era un gorro de papel ou cartón pintado en forma cónica que se poñía aos condenados pola Inquisición española e que servía de complemento ao sambenito. A función de ambos era sinalar ao reo no auto de fe por atentarse contra Deus e contra a súa Igrexa polo que eran símbolos da infamia. [WK].

Q

Quisicousiñas (s.f.): forma ultracariñosa ou mequeira de se referir ás cousas en xeral.
déixame un pouco pensar
nas **quisicousiñas** esas.

R

Rebilbar (v.): soar no aire un corpo lanzado con violencia. [CFM]
neste mes en que ia trochos,
rebilbando os castañeiros,
non van tirar os garduños.

Rebullón (s.m.): chámase así á unión de silvas ou ramas retortas e anoadas polas puntas, sobre as que se colocan forcilleiras, para coller os paxaros que se poñen enriba. [CFM]
-Antier ó monte fun
*i atopein en **rebullón***
seis paxaros nun beirón.

Recachar (v.): sacar cara a fóra ou adiante algunha cousa. [CFM]
*redondos e **recachaos**,*
tras da que iban cen moscois
da villa sempre zumbando.

Refucir (v.): arremangar. [CFM].
*i a mais **refucíndose** os pretos calzois;*
i o negro balandro i a escura chaqueta
i a grossa muleta.

Remelar (v.): abrir desmesuradamente os ollos.
encomenzou a laiar
*i os ollos a **remelar**,*
hasta que o pobre morreu.

Repinaldo (s.m.): clase de mazá case ovalada, non moi grande, de cor amarela e rosa, tenra e de cheiro e sabor agradables. [DdD]
*Carreñas de uvas nas maos
 leva a modo de rosarios;
 un par de melois nas andas,
 merodos e repinaldos.*

Ripar (v.): roubar; arrebatarse das mans unha cousa. [CFM]
*-Sufro e calo; peor fora
 que, como a ti, un garduña
 mas **ripase**. —¿I en seguida?*

S

Saír a burrica capada (expr.): saír mal dun negocio; ser burlado ou prexudicado no que se cría achar proveito, utilidade ou ganancia. [CFM]
*«Saír a porca mal capada».
 e que o **salirille capada**
a borrica, en retirada
 se pronuncie prontamente
 entre os xibridos da xente.*

Sapa (s.f.): enfermidade do gando por beber en charcas de gusarapas. [CFM]
 Vid. **gusarapo**.
*que as cochas nunca anden flacas;
 nin beban **sapas** as vacas.*

Solimán (s.m.): veneno. [CFM]
*-E que coma o dos anteollos
solimán,
 e que o merenden os piollos.*

Sopatear (v.): patexar; aniquilar, confundir humillando. [CFM]

***sopateando** ela sola
 a impugnación ruín e tola
 do acusador que te infama.*

T

Tala (s.f.): pau plano por unha cara e redondo pola outra. [CFM]
*e cuando, erguendo súa **tala**,
 o cachicán dice: “¡ala!”,
 a vendimar encoezan.*

Tarxa (s.f.): panco de trigo de catro picos, e dunha ou dúas libras, que se fai en Ponferrada. [CFM]
*Leite fresca de Vilela;
 as **tarxas** de Ponferrada;
 as truitas de Paradela.*

Tornavoda (s.f.): festa que se celebra o domingo seguinte á voda. [DRAG]
*O día da **tornavoda**
 bailaredes.*

Trobo (s.m.): colmea feita dun tronco de árbore dunha sobreira. [CFM]
*pra o cachón, do río co **trobo**
 camiñando iba dereito.*

(a) Troche moche (expr.): esta exclamación emprégase para sinalar que algo se fai con certo descontrol e sen demasiada orde.
*que os bois onte picaba ca aguillada,
 i ora ia a **troche moche**
 gasta, triunfa i arrastra carricoche.*

Trocho (s.m.): pau curto. [CFM]
*neste mes en que ia **trochos**,
 rebilbando os castañeiros.*

Trollo (s.m.): barro, lama. [CFM]
*fainllas soltar, e cual rollos
caen unhos noutros nos **trollos**
da xente entre a burla e gritos.*

Troncho (s.m.): talo das verduras.
[CFM]
*de nabos, **tronchos** de berzas,
e castañas nos maseiros.*

Troxo (s.m.): tronco da verza. [CFM]
*que asentaban os quixotes
nos escanos e nos **troxos**.*

Trusgada (s.f.): chiscadela de ollo.
*Muito temo que Dios teña xordeira
cuando pra aquela impudica **trusgada**
demandarlle perdón o rapaz queira.*

V

Virola (s.f.): varíola; enfermidade
infecciosa grave, contaxiosa, causada
polo *variola virus*, que nalgúns casos
podía provocar a morte. [DRAG]
*por muito tempo as "poliñas"
a non ter dolor nas cholas
erisipela ou **virolas**.*

Vitola (s.f.): pauciño curto, cadrado por
un extremo e agudo polo outro. Pola
parte cadrada introdúcese axustado
na boca das cabazas de viño, deixando
catro pequenos ocos polos cales sae o
líquido que, caendo a fío pola punta
do pauciño, recíbeo o bebedor na boca
dende grande altura. Este mecanismo

úsase para non tocar cos beizos a boca
da cabaza, e para que dure máis
tempo o pracer da bebida. [CFM]
*sobre a boca palmo e medio,
i o chorro, que da **vitola**
vai fío a fío caendo.*

X

Xibrar (v.): asubiar. [CFM]
***Xibrian** os estorniños e cochorros;
rulan as rolas, que andan en bandadas.*

Xibrido (s.m.): asubío. [CFM]
*a borricán en retirada
se pronuncie prontamente
entre os **xibridos** da xente.*

Xixa (s.f.): carne. [CFM]
*que os que tein hembras, crían
pra muitos paxarracos,
ou pra pícaros **xixa**.*

Z

Zaramallada (s.f.): parvada, necidade,
mentira insulsa. [CFM]
*-Esas son **zaramalladas**.
-**Zaramalladas!** -Tu eres
un gran barallouzas. -Queres.*

Zoupada (s.f.): caída forte. [CFM]
*e tal **zoupada** ailí din
que desfixen os fociños.*

5. Conclusións

A xeito de conclusión, pódese dicir que o léxico galego-berciano empregado nos *Ensayos poéticos* é bastante semellante ao galego que se fala na actualidade, iso si, coas palabras propias da zona, como variedade lingüística.

Apréciase no seu léxico, como xa afirmou Álvarez (1996) no seu momento para a morfoloxía, que Fernández Morales se mostra fiel e comprometido coa lingua oral e natural da comarca. Mostra a lingua tal e como se fala; é dicir, opera dende unha óptica descritivista e non prescritiva: utiliza voces que son castelanismos, pero iso non lle impide «adaptalas» ou empregalas porque son voces usadas na fala do pobo.

Igual que faría Rosalía de Castro dous anos despois en *Cantares mallegos*, Morales tamén utilizou un léxico popular, no seu caso do Bierzo, cos seus dialectalismos e castelanismos.

Referencias bibliográficas

- ALBI 1 = Gutiérrez Tuñón, Manuel (dir.) (1996): *Atlas Lingüístico de El Bierzo, vol. I. Léxico (1)*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- ALBI 2 = Gutiérrez Tuñón, Manuel (dir.) (2002): *Atlas Lingüístico de El Bierzo, vol. I. Léxico (2)*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- ALGa IV = Instituto da Lingua Galega (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico: Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa V = Instituto da Lingua Galega (2005). *Atlas Lingüístico Galego. Volume V: Léxico: O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa VI = Instituto da Lingua Galega (2016): *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI: Léxico: Terra, plantas e árbores*. A Coruña / Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Universidade.
- Álvarez Pousa, Concha / Xosé-Henrique Costas (2002): *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Álvarez, Rosario (1996): «Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales» en R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.), *Homenaxe a profesora Pilar Vazquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Angueira Viturro, A. (2003): «Achea literaria ós *Ensayos poéticos en dialecto berciano*: Antonio Fernández e Morales», *A Trabe de Ouro* 53, 39-53.
- Bello Garnelo, Fernando (2010): *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de Las Médulas (León)*. Leon: Universidad.

Costas González, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*. A Coruña: Real Academia Galega.

DdD = Santamarina, Antón (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios*. Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.

Fernández y Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Establecimiento Tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñón. [Existe unha edición facsimilar de 2003 feita en Ponferrada polo Instituto de Estudios Bercianos; e outra de 2017 en Santiago de Compostela feita por Edicións Positivas de 2017].

García Rey, Verardo (1934): *Vocabulario del Bierzo*. Madrid: S. Aguirre Impresor. [Existe unha edición facsimilar de 1986 feita en León por Ediciones Lancia]]

Gutiérrez Tuñón, Manuel (1985): «El artículo en el Bierzo», *Estudios Bercianos* 3, 12-14.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (2016a): «A primavera galega de Cubí i Soler», *Faro de Vigo* (02/04/2016), suplemento «El Sábado», 4.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (2016b): «O brigadeiro de Cacabelos: Memoria de Fernández e Morales ». *Faro de Vigo* (09/04/2016), suplemento «El Sábado», 4.

Pena, Xosé Ramón (2014): *Historia da literatura galega (II). O Rexurdimento (1853-1916)*. Vigo: Xerais.

RAG = Real Academia Galega [2012]: *Diccionario da Real Academia Galega*. Dispoñible en: <<http://academia.gal/diccionario/>>.

Rodríguez González, M^a Carmen / Mercedes Durany Castrillo (1998): «Ocupación y organización del espacio en el Bierzo Bajo entre los siglos V al X», *Studia Histórica. Historia medieval* 16, 45-87. Dispoñible en liña: http://revistas.usal.es/index.php/Studia_Historia_Medieval/article/view/4455/4472>

Wikipedia. La enciclopedia libre. Dispoñible en: <<https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>>.

WordReference. Dispoñible en: <<http://www.wordreference.com/es/>>.

AUTORAS E AUTORES DE *CUMIEIRA*, vol. 2 (2017)

SUSANA BRANDARIZ VARELA.

Nada en Cambre (A Coruña), é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1995) e licenciada en Tradución e Interpretación, na especialidade español-inglés, pola Universidade de Vigo (2009). Tamén na Universidade de Vigo se graduou en Estudos de Galego e Español (2016), á vez que exercía como tradutora por conta propia. Durante os anos 2015 e 2016 foi bolseira da Área de Normalización Lingüística desta mesma universidade.

DARÍO ÁLVAREZ MOURE.

Naceu na Cañiza (Pontevedra) en 1993 e é graduado pola Universidade de Vigo dende 2015 en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua e Literatura Galegas». Posteriormente cursou o «Mestrado en formación de profesorado para linguas oficiais», na mesma na Universidade. É membro do grupo musical de rap Loucost.

ESTEFANÍA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

Naceu en Saxamonde (Redondela - Pontevedra) no ano 1993 e graduouse en 2015 na Universidade de Vigo en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua e Literatura Galegas». No curso 2016-17 cursou o Mestrado universitario en «Profesorado de educación secundaria», na especialidade de linguas oficiais, na mesma Universidade.

NURIA DÍAZ GUEDELLA

Naceu en 1993 en Sober, na comarca da Terra de Lemos (Lugo) e entre os anos 2012 e 2016 cursou o Grao en Educación Infantil na Universidade de Vigo (Campus de Ourense). No curso 2016-17 realizou na Universidade de Santiago de Compostela o Mestrado Interuniversitario en «Estudos avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías».

ICÍA MOREIRAS VILLAMARÍN

Naceu en 1994 en Pontevedra pero ao ano seguinte trasladouse a Mos. Graduouse en 2016 na Universidade de Vigo, en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua galega e Lingua española». No curso 2016-17 realizou na mesma Universidade o Mestrado interuniversitario en «Lingüística aplicada». É coautora do traballo «Desde Bos Aires con amor: Cando o amor perdura trala morte» (en publicación), que aparecerá no libro *Tributo académico ao poeta e xornalista Avelino Díaz (1896-1971)* (Editora 3D1TOR4).

ANDREA CASTELO VEIGA

Naceu en 1994 en Ponteareas (Pontevedra) e graduouse en 2016 en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua galega e Lingua española», na Universidade de Vigo. Entre 2015 e 2016, foi bolseira do Departamento de Filoloxía Galega e Latina desta mesma universidade. No curso 2016-2017 realizou na Universidade de Vigo o Mestrado universitario de «Profesorado de Educación Secundaria», na especialidade de linguas e literaturas oficiais. É autora do artigo «Actualidade e vitalidade da lingua mirandesa», aparecido en *Cumieira* (vol. 1 2016).

NORMAS PARA O ENVÍO DE ORIXINAIS

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que quere dar a coñecer traballos científicos de novos investigadores que versen sobre a lingua e a literatura galegas.

O traballos que se presenten para publicar deben estar redactados preferentemente en galego, e os temas que aborden estarán relacionados coa Filoloxía Galega -entendida nun senso amplo- ou cos estudos lingüísticos e literarios doutras linguas -en especial os estudos lusófonos-, sempre que resulten de interese para o galego.

O envío dos traballos orixinais farase por correo electrónico ao enderezo xsalgado@uvigo.es e conterá un arquivo en versión Word e outro en versión PDF; en caso de haber imaxes, estas deberán vir situadas no lugar que lles corresponda no texto e tamén nun arquivo á parte.

Unha vez recibidos os traballos orixinais, estes serán sometidos por unha comisión científica a un proceso de revisión que ditaminará se son aptos para publicar ou se precisan facer modificacións.

O contido final dos textos publicados será responsabilidade de cada autor.

Os textos orixinais que se presenten deben ter en conta as seguintes indicacións en canto a tamaños, formatos, citas, bibliografía e outras cuestións:

- O texto para publicar virá redactado en formato Word en letra Cambria redonda tamaño 11 e non debe superar as 10.000 palabras.
- Conterá un título en galego e a súa versión ao inglés; en liña á parte figurará a súa autoría e a institución á que pertence; e noutra liña, un enderezo electrónico de contacto. Todo en letra Cambria 12 negra
- Presentará tamén un «Resumo» redactado en galego dunhas 175 palabras, que describa os obxectivos e contidos do artigo, e tamén a correspondente versión en inglés dese «Abstract». Despois do resumo e o *abstract* incluíranse catro «Palabras chave» que identifiquen o contido. Todo estará en letra Cambria 10 redonda.
- O/a autor/a pode facer agradecementos nunha nota a pé de páxina, que se incluírá na palabra final do primeiro epígrafe.

- O traballo artellarase en apartados, en non máis de tres niveis: o título do primeiro nivel en Cambria negra; o segundo nivel en Cambria negra-cursiva, e o terceiro nivel en cursiva; todo en tamaño de corpo 12:

1. Apartado

1.2. Subapartado

1.2.1. Subapartado

- O corpo de texto expositivo será en letra Cambria 11, e o interliñado simple.
- Nas citas textuais a outros autores, de seren menos de tres liñas, incluíranse dentro do texto expositivo encerrados en aspas («»); se son máis de tres liñas, ira en texto aparte, en Cambria 10 redonda, cunha sangría de 3 cm pola esquerda.
- O texto das citas a pé de páxina deben ir en letra Cambria 10 redonda.
- O sistema interno de citas será o que emprega o apelido ou apelidos do autor/a, ano, dous puntos, espazo e páxinas, coma nestes exemplos, (Castro Veiga 2000: 23) ou Castro Veiga (2000: 23), segundo corresponda.
- No final do artigo incluíranse só as *Referencias bibliográficas* citadas ao longo do texto expositivo, cun sangrado á francesa, seguindo este procedemento:

Libro:

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Publicación on line:

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago: Universidade. Dispoñible en <<http://www.ti.usc.es/tilg/>>. [Consulta do 12/06/2013]

Capítulo de libro:

Álvarez Blanco, Rosario (2000): «O redobro de A + FN en galego moderno», en R. Vieira de Castro / P. Barbosa (orgs.), *Actas do XV Encontro nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, 75-93.

Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo (1995): «Do galego literario ao galego común, o proceso de estandarización na época

contemporánea», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Varela Barreiro, X. (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, vol. 1. Oxford / Sada: Centro de Estudos Galegos / Edicións do Castro, 319-342.

Artigo de revista:

Pita Rubido, M^a Luísa (2006): «Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais», *Revista Galega de Filoloxía* 7, 143-165.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís (2008): «Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos», *Madrygal* 11, 91-100.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 2 poden lerse estudos lingüísticos sobre lingüística de corpus, sociolingüística, onomástica e léxico, e literarios sobre as vangardas e a lírica medieval.

Universidade de Vigo